

Revista

G a L E G a
de filoloxía

NÚMERO 15 / 2014

galego

texto

Lingua

português

crítica

Revista G a L E G a
de *filoloxía*

ÁREA DE FILOLOXÍAS GALEGA E PORTUGUESA

Edita: Área de Filoloxías Galega e Portuguesa
Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística

Depósito Legal: C-584-2000

ISSN: 1576-2661

Distribúe: Consorcio Editorial Galego

Deseño: Torné Asociados

Maquetación: Antonio Souto

A RGF agradece a colaboración do Servizo de Publicacións da UDC.

Director: Xosé Ramón Freixeiro Mato (Universidade da Coruña).

Subdirector: Xosé Manuel Sánchez Rei (Universidade da Coruña).

Secretario: Xoán López Viñas (Universidade da Coruña).

Consello de Redacción:

Carlos Caetano Biscainho Fernandes (Universidade da Coruña), Manuel Fernández Ferreiro (Universidade da Coruña), Xosé Ramón Freixeiro Mato (Universidade da Coruña), Iolanda Galanes Santos (Universidade de Vigo), Xoán Carlos Lagares Díez (Universidade Federal Fluminense de Niterói), Pär Larson (CNR-Opera del Vocabolario Italiano, Florencia), Xoán López Viñas (Universidade da Coruña), Estefanía Mosquera Castro (Universidade da Coruña) Goretti Sanmartín Rei (Universidade da Coruña), Maria Olinda Rodrigues Santana (Universidade de Trás-Os-Montes e Alto Douro, Portugal), Xosé Manuel Sánchez Rei (Universidade da Coruña), Xavier Varela Barreiro (Universidade de Santiago de Compostela).

Comité Científico:

Evanildo Bechara (Universidade Federal do Rio de Janeiro), Ataliba T. de Castilho (Universidade de São Paulo), Manuel Ferreiro (Universidade da Coruña), José Luiz Fiorin (Universidade de São Paulo), María Pilar García Negro (Universidade da Coruña), Maria Aldina Marques (Universidade do Minho), Ana Maria Martins (Universidade de Lisboa), Juan Carlos Moreno Cabrera (Universidad Autónoma de Madrid), Rafael Lluís Ninyoles (Conselleria de Educació i Ciència, Generalitat Valenciana), Andrés Pociña (Universidade de Granada), Álvaro Porto Dapena (Universidade da Coruña), José Luís Rodríguez (Universidade de Santiago de Compostela), Sebastià Serrano (Universitat de Barcelona), Telmo Verdelho (Universidade de Aveiro), Mário Augusto do Quinteiro Vilela (Universidade do Porto), Roger Wright (University of Liverpool).

Colaboracións e Correspondencia:

Xoán López Viñas

Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística

Facultade de Filoloxía. Universidade da Coruña

Campus da Zapateira, s/n. 15071 A Coruña (Galiza)

e-mail: xlopezv@udc.es

Ámbito da Revista Galega de Filoloxía

A *Revista Galega de Filoloxía* é unha publicación (revisada por un comité externo de expertos) vinculada á Área de Filoloxías Galega e Portuguesa da Universidade da Coruña, de traballos de investigación orixinais e inéditos dedicados a algún aspecto lingüístico ou filolóxico do ámbito galego-portugués. A lingua preferencial de publicación é o galego ou o portugués, aínda que en casos especiais se admita a publicación en calquera outro idioma.

A *Revista*, fundada no ano 2000, ten unha periodicidade anual, de modo que só se edita un número por ano.

Índices, directorios e bases de datos en que aparece a RGF

CARHUS Plus+ 2010, Dialnet, DICE, ISOC, Latindex, MIAR, REGESTA IMPERII, RESH, ZBD

Índice do número 15

Artigos	9-142
1. As abreviaturas no <i>Cancioneiro da Ajuda</i> : tipos, valores e distribución <i>Mariña Arbor Aldea / Alexandre Rodríguez Guerra / Xavier Varela Barreiro</i> (USC / Universidade de Vigo / ILG USC)	11-51
2. Herança sufixal: os sufixos -ático, -ádig- (-ádeg-) e -agem <i>Maria do Céu Caetano (UNL, FCSH, CLUNL)</i>	53-68
3. As formas pronominais EU/TU – valor genérico e distanciamiento <i>Isabel Margarida Duarte (CLUP – Faculdade de Letras/Universidade do Porto)</i> <i>Maria Aldina Marques (CEHUM/ILCH – Universidade do Minho)</i>	69-85
4. O galego dos escritores e das escritoras da comarca de Sarria <i>Andrés Pociña (Universidad de Granada)</i>	87-108
5. Aproximación ás variacións de xénero, número e función dos pronomes persoais en galego e romanés <i>Sonia Sobral Vázquez (Universidade de Vigo)</i>	109-142
Notas	143-162
6. Caracterización das fórmulas dialogadas na Idade Contemporánea <i>César Camoira Vega (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)</i>	145-162
Recensións	163-176
1. Maleval, Maria do Amparo Tavares, <i>Fernão Lopes e a retórica medieval</i> , Niterói: Editora da Universidade Federal Fluminense, 2010. <i>Henrique Marques Samyn (UERJ)</i>	165-168
2. Jaume Corbera Pou: <i>La Unió Europea, un mosaic lingüístic</i> . Illes Balears, Edicions Documenta Balear. 2013, 313 páxinas. <i>Estefanía Mosquera Castro</i>	169-172
3. Gerardo Pérez Barcala, <i>A tradución galega do Liber de medicina equorum de</i> <i>Giordano Rufo</i> , A Coruña, Fundación Barrié, 2013, 712 páxinas. <i>Xoán López Viñas</i>	173-176
Normas de presentación de traballos para a Revista Galega de Filoloxía	177-181
Contido dos números anteriores da Revista Galega de Filoloxía	183-190

Contents issue 15

Articles	9-142
1. Abbreviations in the Cancioneiro da Ajuda: types, uses and distribution <i>Mariña Arbor Aldea / Alexandre Rodríguez Guerra / Xavier Varela Barreiro</i> <i>(USC / Universidade de Vigo / ILG USC)</i>	11-51
2. Suffixal inheritance: the suffixes -ático, -ádigo- (-ádeg-) and -agem <i>Maria do Céu Caetano (UNL, FCSH, CLUNL)</i>	53-68
3. Pronominal forms EU/TU – generic value and distantiation <i>Isabel Margarida Duarte (CLUP – Faculdade de Letras/Universidade do Porto)</i> <i>Maria Aldina Marques (CEHUM/ILCH – Universidade do Minho)</i>	69-85
4. Sarria writers and the use of Galician in their work <i>Andrés Pociña (Universidad de Granada)</i>	87-108
5. Variations in gender, number and function among personal pronouns in Galician and Romanian <i>Sonia Sobral Vázquez (Universidade de Vigo)</i>	109-142
6. Characterization of the dialogues in the Contemporary Age <i>César Camoira Vega (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)</i>	145-162

[gALEGO
g texto
artigos
*p*ORTUGUÊS
CRÍTICA **]**

As abreviaturas no *Cancioneiro da Ajuda*: tipos, valores e distribución*

Mariña Arbor Aldea / Alexandre Rodríguez Guerra / Xavier Varela Barreiro
USC / Universidade de Vigo / ILG-USC

Resumo:

O principal obxectivo da presente contribución é explicar detalladamente o sistema braquigráfico do *Cancioneiro da Ajuda*. Ademais da aproximación paleográfica aos diferentes sinais abreviativos empregados, estúdanse os seus valores, a súa distribución e a proporción que representan fronte ás diferentes formas plenas. Así mesmo, tamén se analizan outros parámetros como a posición que ocupan as abreviaturas ou, sobre todo, os cadernos en que aparecen. Todo o anterior permitiranos deseñar na súa integridade, e comprender, o mapa braquigráfico de *A*.

Palabras chave:

Galego medieval, *Cancioneiro da Ajuda*, Braquigrafía medieval, Abreviaturas.

* O presente traballo naceu no marco do proxecto de investigación *Estudo lingüístico e paleográfico do Cancioneiro da Ajuda* que, con financiamento da Xunta de Galicia (PGDIT06PXIB240159PR), se desenvolveu no Instituto da Lingua Galega entre 2006 e 2009 e no que participamos os tres autores responsables da versión que agora se publica. Na actualidade acaráase tamén aos proxectos *Adquisición de escenarios de conocimiento a través de la lectura de textos: Desarrollo y aplicación de recursos para el procesamiento lingüístico del gallego* (SKATeR-UVIGO) (TIN2012-38584-C06-04), financiado polo Ministerio de Economía y Competitividad, Plan Nacional de I+D+i, 2012-2015, *La lírica gallego-portuguesa en la corte de Alfonso X. Autores y textos II* (FFI2011-25899) e *El debate metaliterario en la lírica románica medieval* (FFI2011-26785), que reciben, así mesmo, o apoio económico do Ministerio de Economía y Competitividad.

Unha primeira versión de parte dos datos aquí recollidos, en concreto os relativos á distribución das abreviaturas no *Cancioneiro da Ajuda* (*A*), foi presentada, no *XII Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval*, celebrado en Cáceres en setembro de 2007, por Mariña Arbor Aldea, naquel momento investigadora contratada ao abeiro do Programa Nacional de Investigación Ramón y Cajal, financiado polo Ministerio de Educación y Ciencia. Despois da súa presentación a autora optou por non publicar o texto. Porén, os estudos sobre o cancionero que seguiu desenvolvendo a propia investigadora confirmaron a necesidade de que este traballo, revisado e convenientemente ampliado, vise a luz. Neste sentido, abordamos aquí o estudo das abreviaturas en *A* cunha finalidade que non coincide, por exemplo, coa que orienta traballos máis xerais como o de Ramos (2008, II: 30-38, 78-82) ou, mesmo, o de Arbor Aldea (2008: §II.10.). Finalmente, debemos indicar que para este artigo partimos da transcripción, aínda inédita, que realizou M. Arbor Aldea directamente en Lisboa sobre o orixinal manuscrito con axuda dunha bolsa de investigación concedida pola Universidade de Santiago de Compostela. Agradecemoslles a Pär Larson e a Bieito Arias a súa axuda.

Sumario:

1. Introducción. 2. As abreviaturas no *Cancioneiro da Ajuda*. 2.1. Trazos xerais. 2.1.1. Trazo sobreposto. 2.1.2. Corte inferior horizontal. 2.1.3. Corte medial. 2.2. Signos particulares. 2.2.1. <ʹ>. 2.2.2. <˘>. 2.2.3. <9> ou <9>. 2.2.4. <v>. 2.2.5. <3>. 2.3. Letras sobrepostas. 2.3.1. <u>. 2.3.2. <˘>. 2.3.3. <˘>. 2.3.4. <˘>. 2.3.5. Recapitulación. 2.4. Siglas. 3. A posición na liña. 4. A modo de conclusión. Bibliografía.

Abbreviations in the Cancioneiro da Ajuda: types, uses and distribution

Abstract:

The main objective of this article is to explain in detail the system of abbreviations used in the Galician-Portuguese Cancioneiro da Ajuda. In addition to a paleographic description of the different abbreviation signs used, the authors examine their values and distribution, as well as the proportion occupied by these signs compared to the forms written in full. Other parameters are also taken into account, such as the position of the abbreviations and, above all, the quires in which they appear. The above-mentioned issues will make it possible to draw in its entirety, and to understand, the 'brachygraphic map' of the Ajuda songbook.

Key words:

Medieval Galician, Cancioneiro da Ajuda, medieval abbreviations.

Contents:

1. Introduction. 2. Abbreviations in the Cancioneiro da Ajuda. 2.1. Strokes. 2.1.1. Superscript stroke. 2.1.2. Stroke through the ascender. 2.1.3. Crossbar. 2.2. Special characters. 2.2.1. <ʹ>. 2.2.2. <˘>. 2.2.3. <9> or <9>. 2.2.4. <v>. 2.2.5. <3>. 2.3. Superscript letters. 2.3.1. <u>. 2.3.2. <˘>. 2.3.3. <˘>. 2.3.4. <˘>. 2.3.5. Summary. 2.4. Sigla. 3. Position in the line. 4. Conclusion. Bibliography.

1. Introducción

Derivado do sistema de siglas, isto é, de letras illadas que representan unha palabra completa, moi difundido dende o final do período romano, e en parte das *notae tironianae* (tipo de estenografía que servía durante aquel período para recoller os discursos pronunciados en público), o sistema braquigráfico do medievo latino baseábase nuns mecanismos de abreviación e nuns signos cun valor que dependía da súa forma, da súa posición e das letras afectadas (*cfr.* Núñez Contreras 1994: 128). No presente estudo optamos por manexar directamente estes parámetros, sen buscar que a exposición se adecúe a algunha das clasificacións tradicionais¹, para poder describir do xeito máis rigoroso e eficiente posible o sistema braquigráfico do máis antigo dos tres grandes relatores que enviaron a lírica profana galego-portuguesa, o *Cancioneiro da Ajuda*.

Así, organizaremos todos os exemplos rexistrados en función de que o procedemento formal que se empregue para a consecución do valor abreviativo se basee no uso dun trazo xeral de abreviación, no recurso a un signo abreviativo particular, na utilización de unidades alfabéticas sobrepostas ou no emprego de siglas (acompañadas sempre de punto, <.>, no manuscrito). Agora ben, non perdemos de vista os comentarios de Pichel Gotérrez que, na páxina inicial dun traballo do ano 2010, afirmaba que o estudo da braquigrafía no ámbito galego aínda era “insuficiente” porque, entre outros aspectos, “en xeral, adoita ser un enfoque máis descritivo (*Paleografía de lectura*) que crítico (*Paleografía de análise*)”. Por iso non nos centraremos só nunha simple acumulación descritiva dos recursos braquigráficos presentes en *A*, senón que afondaremos interpretativamente tanto nos valores escriptolingüísticos do seu uso, como na súa relación coa escrita non abreviativa, sen perder de vista, ademais, outros aspectos estruturais como, por exemplo, a división en fascículos do cancionero.

2. As abreviaturas no *Cancioneiro da Ajuda*

En Rodríguez/Varela (2007) realizouse unha presentación de conxunto do recurso da abreviación en *A*. No capítulo 4, “As abreviaturas” (2007: 555-556), fornécese

1 Moitas son as propostas para clasificar os recursos braquigráficos medievais. Unha das máis coñecidas é a división de Cappelli en seis categorías (1995: XI-LII): abreviaturas por suspensión, abreviaturas por contracción, signos abreviativos con significado propio, signos abreviativos con significado relativo, letras sobrescritas e signos convencionais. Unha precisa exposición dos principios sobre os que se basea o sistema abreviativo latino, antigo e medieval, localízase en De Robertis *et alii* (1993: 167-174). Seguimos, neste punto, a metodoloxía aplicada en Rodríguez Guerra (*no prelo*).

unha serie de datos xerais recollidos en dous cadros. Nun deles incídese na proporción relativa que en *A* amosan tres grandes tipoloxías de abreviaturas: os signos de abreviación (xerais e particulares), as grafías sobrepostas e as siglas (no refrán). No outro, un pouco máis completo, inclúense os elementos gráficos elididos e información porcentual sobre o seu uso. Pero o devandito capítulo non era en si mesmo nin un traballo específico sobre o *usus scribendi* braquigráfico de *A*, nin desenvolvía completamente a vertente paleográfica das abreviaturas detectadas. Ese labor abordarase na presente investigación.

Neste sentido, e como dato básico, debe sinalarse, en primeiro lugar, que a cifra total de abreviaturas presentes en *A* é de 3.125². O principal recurso abreviativo, a moita distancia do segundo, é o dos trazos xerais de abreviación que, segundo a súa posición e combinación, permitirán abreviar un abano bastante amplo de unidades gráficas. Despois, atópanse os signos particulares e, a moita distancia destes dous grandes conxuntos de abreviaturas, están, nesta orde, as siglas e as letras sobrepostas. Os datos exactos da súa distribución recólleos a táboa número 1:

Táboa 1

Trazos xerais	Signos particulares	Letras sobrepostas	Siglas	Total
1.827 (58,5%)	856 (27,4%)	156 (5%)	286 (9,1%)	3.125

2.1. Trazos xerais

A liña ou *titulus*, é o trazo abreviativo máis xeral dos empregados en *A*. Distinguiremos varios subconxuntos segundo a súa posición, considerando a caixa de escritura e, se proceder, a súa colocación respecto do hastil vertical da grafía con que se combina. Os grupos que se establecen son: trazos sobrepostos, trazos inferiores horizontais que cortan o hastil vertical e trazos que cortan o hastil vertical na súa zona media, ben de xeito oblicuo, ben lazado.

2.1.1. Trazo sobreposto

O trazo sobreposto, realizado no manuscrito ben como un punto, ben como un punto con prolongación tanto á súa esquerda como á súa dereita, coñece un uso

2 Lembremos que, verbo da cantidade total de grafías de *A*, en Rodríguez/Varela (2007) traballouse con máis de 140.000 formas gráficas documentadas.

deste tipo en *A* cun alto índice de frecuencia:  (4vb)³,  (7va),  (83ra). Representarémolo convencionalmente neste traballo como <̄>.

1. Este recurso abreviativo por veces non implica ningunha elisión, fóra do propio elemento que representa analfabeticamente. Isto sucede, por exemplo, nas 936 ocorrencias en que o valor de <̄> ( 4va,  7va,  76rb) é o de representación de consoante nasal (cfr. Lorenzo 2013: 422-423 ou Rodríguez/Varela 2007, sobre todo 538-548). Este punto ou trazo sobreposto, con ou sen prolongación, tamén é rendible noutros dous grandes contextos: (a) en <̄n> ou <̄ñ>, e quizais tamén <̄y>, como variacións alográficas de <nn> (349 ocorrencias en total; cfr. Rodríguez/Varela 2007: 446-548); (b) nos grafemas vocálicos nasais <̄a, ̄e, ̄i, ̄o, ̄u> (207 ocorrencias; cfr. Rodríguez/Varela 2007: 494-500).

Nos casos segundo e terceiro (identificados como *a* e *b*), falamos de grafemas ou alógrafos complexos heterorxánicos (Rodríguez/Varela 2007: 478-479) e non os teremos en conta no presente estudo; no primeiro (cando <̄> equivale a consoante nasal) estamos diante do que Rodríguez Guerra (*no prelo*) denomina grafema –ou alógrafo– “combinativo” e a el, como representación non alfabética dun elemento consonántico, si que lle dedicaremos a nosa atención.

Moi coñecida é a capacidade do signo xeral de abreviación para “indicar la falta de *m* y de *n*” (Núñez Contreras 1994: 133). Porén, o seu valor abreviativo habitual non pasa por ‘abreviar’ ningunha outra grafía que non sexa a da propia consoante nasal na marxe implosiva da sílaba. Polo menos isto é así no 99,5% dos exemplos rexistrados en *A*: o 0,5% restante está constituído por cinco exemplos en que o valor de <̄>, en combinación con <n>, é <n> (véxase o cuarto parágrafo do punto 3).

Como se sinalou antes, a consoante nasal implosiva aparece representada como <̄> en non poucas ocasións (lembremos, 936 exemplos). En Rodríguez/Varela (2007: 539 e ss.) xa se especificaron os contextos e a distribución do grafema e dos seus alógrafos, convenientemente exemplificados. Interésanos agora rescatar e ampliar a información recollida en dúas táboas (Rodríguez/Varela 2007: 543-544, táboas 30 e 31) verbo da distribución, por fascículos, das ocorrencias de <̄> fronte ás outras posibles escollas gráficas (<n>, maioritaria, ou <m>, minoritaria) da consoante nasal en posición implosiva final ou interior:

3 Con esta combinación de número e letras facemos referencia ao folio, cara e columna de *A* en que se localizan os distintos exemplos. Un número en subíndice sinala o número de ocorrencias nesa mesma columna.

Táboa 2⁴

%	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	XIII	XIV	XV	XVI	XVII	Total
<̃>/n/IF	24,4	24,5	25,8	11,7	9,7	7,9	16,4	7,4	12,5	9,7	5,8	6,8	4,6	13,7	2,9	0,4	0	13
<̃>/n/IN	18	10,4	18,1	4,2	3,8	1,9	16,7	0 ⁵	12,7	8,3	2,5	4,2	10	9,3	6,4	0	0	8,6
IF+IN	22,9	20,4	23,5	9,3	8	6,3	16,4	5,4	12,6	9,3	4,7	6,1	5,9	12,2	4,1	0,3	0	11,5

[IF: Posición implosiva final; IN: Posición implosiva interior]

A media coa que o signo <̃> representa en *A* unha consoante nasal en posición implosiva (final ou interior) fronte ás realizacións alfabéticas <n> e <m> é do 11,5%. Sendo baixas ambas as posicións consideradas, é algo máis rendible <̃> cando ocupa a posición final de palabra (13%) que cando aparecen na posición interior (catro puntos menos). Á vista dos datos reflectidos na táboa 2, o emprego da abreviatura descende progresivamente, acadando valores de escasísima ou nula produtividade nos últimos fascículos do cancioneiro. Na meirande parte dos fascículos hai unha maior querencia pola opción abreviada no contexto implosivo final (que chega a ser de 14 puntos no II), salvo, sobre todo, nos cadernos XIII e XV.

Obsérvanse catro grandes bloques no uso desta abreviatura en *A*: (i) os tres primeiros fascículos, cunha porcentaxe media xeral entre o 20% e o 23%; (ii) os pregos VII, IX e XIV, que se sitúan entre o 12% e o 16%; (iii) os cadernos IV, V, VI, VIII, X, XII e XIII, que oscilan entre o 9% e o 5,4%; (iv) finalmente, por debaixo do 5% de uso da abreviatura están os fascículos XI, XV e XVI e, sen ningún exemplo, o XVII. De todos os xeitos, debe considerarse que nalgúñas ocasións, en cadernos do mesmo bloque xeral, o comportamento entre as dúas posicións analizadas é diferente. Así, mentres no fascículo XI a porcentaxe de <̃> en posición final de palabra, sendo baixa, alcanza un 5,8% e está por riba da media que ten ese mesmo caderno no contexto implosivo interior (2,5%), no prego XV acontece xustamente o contrario: a presenza de <̃> é relativamente importante en posición interior de palabra (6,4%), pero é moi baixa en posición final (2,9%). Unha circunstancia similar verificase no

4 Hai que interpretar as cifras como ‘porcentaxe de todos os exemplos de consoante nasal que nun fascículo son representados por <̃>’ (nas posicións IF, IN ou nas dúas conxuntamente). Nas táboas empregamos o trazo, “-”, para indicar a inexistencia de exemplos e, cos datos porcentuais, usamos o cero, “0”, para sinalar que, malia existiren formas plenas, ningunha delas aparece abreviada. Para a distribución en cadernos de *A* seguimos a descrición de Arbor Aldea (2009b), en que estes se numeran e se describen na disposición que hoxe ofrecen. Remitimos a este estudo para os detalles relativos á actual fasciculación de *A* e á súa descrición material, así como para o trazado da historia do códice e bibliografía precedente.

5 Detectamos un erro na táboa 31 de Rodríguez/Varela (2007: 544), xa que se intercambiaron os datos correspondentes a <̃> e <m>: o correcto é que <m> alcanza o 9,4% mentres que de <̃> non hai, neste lugar e nesta posición, ningún exemplo.

caderno II, que na posición interior queda a máis de sete puntos dos fascículos I e III. Idéntica consideración pódese facer a propósito do prego XIV, fronte a VII e IX: nestes dous últimos cadernos a proporción de <̃> en interior de palabra é unhas décimas maior á presente en posición final, pero no caderno XIV esta última sitúase case 5 puntos por riba da posición interior.

2. O trazo sobreposto aparece tamén enriba de <̃q̃> e equivale, o conxunto, a <que>: **q̃** (5rb), **q̃** (7va), **q̃** (76rb). Documéntanse en total 533 ocorrencias. É, precisamente, a forma *que* a máis rendible con 374 exemplos (1ra₄, 1rb₈, 1va₂, 1vb₅, 2ra₈, 2rb, 2va₃, 2vb₄, 3ra₈, 3rb₇, 3va₅, 3vb₂, 4rb₆, 4va₉, 4vb₁₁...), seguida polos 45 de *quer* (4rb, 4va₂, 7ra, 7vb₄, 10vb₃, 11ra, 11va, 13rb₂, 16rb, 18rb, 19va...), 21 de *quero* (2vb, 4vb, 5ra, 5vb, 7ra, 7va, 13ra, 14rb, 16vb, 19rb, 20rb, 22rb₃...), 17 de *quen* (2ra, 3ra, 7ra, 7va₂, 8va, 8vb, 10va, 14rb₂, 14va, 21vb, 25vb, 30vb...) e 12 de *querer* (1va, 8ra, 8rb, 8vb, 19rb, 19va, 26rb, 31ra, 31va, 61ra, 69ra, 75vb) (os demais teñen menos de dez documentacións).

Táboa 3

	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	XIII	XIV	XV	XVI	XVII	Total
<̃q̃> (casos)	131	117	52	45	50	26	38	-	25	5	14	14	7	6	2	1	-	533
<̃q̃> (%)	46	38,9	37,1	18,2	18,5	8,4	17,7	0	11,5	3,6	7,9	5,5	15,6	7,2	2,2	0,7	0	17,8

Na primeira das filas da táboa precedente ofrécense as cifras absolutas, por fascículos, dos casos de <̃q̃>. Destacan no seu uso os cadernos I e II, cada un con máis dun cento de exemplos. Os pregos III, IV e V presentan cantidades bastante menores (ao redor do medio cento), descendendo de modo considerable o emprego da abreviatura nos restantes fascículos do códice (VI, VII e IX). A redución no emprego desta abreviatura, ausente dos cadernos VIII e XVII, consúmase a partir do fascículo X: entre este caderno e o último do manuscrito só se documentan 49 ocorrencias de <̃q̃>.

Na segunda ringleira reflíctese a proporción relativa de uso da escolla abreviada <̃q̃> fronte á plena <que>, sempre dende unha perspectiva fascicular. A opción abreviada, cunha media de case o 18%, non é maioritaria en ningún prego e, en dous, está ausente (VIII e XVII; a pesar de que en ambos os dous hai exemplos abundantes de <que>, con máis de 70 documentacións). En todo caso, dende esta óptica hai tres fascículos que destacan por riba de todos os demais: os tres primeiros, xa que o recurso abreviativo oscila neles entre o 46% do I e o 39%/37% do II e III. A bastante distancia, máis de vinte puntos porcentuais, sitúanse os cadernos IV, V, VII, IX e XIII, que oscilan entre o 18% e o 11%. Nos pregos VI, XI, XII e XIV a variante abreviada é unha escolla moi minoritaria, que vai do 8% ao 5% e chega a ser completamente residual nos fascículos X, XV e XVI.

3. Este mesmo trazo xeral asume outros valores non tan relevantes en número:

- <̄p> equivale a <pre> en dez exemplos (p 7va): *preguntar* (1: 7va), *preguntar* (2: 29ra, 39rb), *preguntaren* (1: 20rb), *prender* (1: 73rb), *prendo* (1: 2rb), *prendi* (1: 36rb), *prestar* (1: 1rb), *senpre* (1: 53va) e *senpre* (1: 79rb). A súa distribución nos cadernos de *A* é I, 3; IV, 1; V, 1; VI, 2; IX, 1; XII, 1 e XV, 1. A proporción media con que se elixe a opción <̄p> fronte a <pre> é do 5%; esta última está presente en todos os pregos actuais de *A* e, nos fascículos en que coinciden as dúas variantes, a porcentaxe de uso da abreviada é a seguinte: I, 20%; IV, 5,3%; V, 7,7%; VI, 9,5%; IX, 9,1%; XII, 5,6% e XV, 6,7%. O único caderno en que a frecuencia de uso de <̄p> é relativamente significativa é no I; nos demais oscilase entre o 9% e o 5%.
- O trazo sobreposto <̄>, con <̄t>, <̄z> e <̄u> (con valor consonántico), tamén abrevia o segmento <er> en oito exemplos (sa 88va): *fezera* (1: 88va), *mester* (2: 1vb, 3rb), *uerdade* (1: 20va) e tamén en *terra* (3: 4vb, 10vb, 28rb) e *terras* (1: 25va) (con este substantivo, singular e plural, os únicos catro casos de abreviación son, precisamente, estes). Por fascículos, distribúense do seguinte xeito: I, 3; II, 1; IV, 2; V, 1 e XVII, 1. Fronte ás correspondentes formas plenas supoñen o 10,8% e, nos catro pregos en que se rexistra a variante abreviada, esta supón as porcentaxes seguintes: I, 37,5%; II, 8,3%; IV, 20%; V, 10% e XVII, 100%. Que se concentren nos primeiros cadernos de *A*, mesmo coa proporción que ofrece en I, pode considerarse un comportamento normal, pero non o é tanto no relativo ao prego XVII, caracterizado, en xeral, pola escaseza abreviativa, aínda que neste caso se decante pola abreviatura e non pola forma plena.
- Este trazo sobreposto, seguindo a <̄d>, <̄t> e <̄u> (con valor consonántico), abrevia <e> en tres oportunidades (ii 21vb): *ante* (1: 9ra), *graue* (1: 21vb) e *seede* (1: 6va), que se localizan nos cadernos I, II e IV.
- En cinco exemplos documéntase <̄n> (ii 11rb) coa correspondencia unívoca de *non*. Os exemplos rexístranse nos primeiros fascículos, en concreto, no II (1: 11rb), III (3: 15rb, 16va –cfr. §2.4.–, 19rb) e V (1: 30ra). Fronte ás representacións <non> ou <nō>, a porcentaxe de uso que neses tres cadernos de *A* presenta a variante abreviada <̄n> é do 4,2% no prego III e do 0,8% nos outros dous.

Destes últimos datos, que se recollen en esquema na táboa 4, merece destacarse a presenza do signo de abreviación no caderno I, que reúne o maior número de exemplos, así como a concentración de todos eles nos seis primeiros fascículos de *A* (suman o 84,6%):

Táboa 4

	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	XIII	XIV	XV	XVI	XVII	Total
<n̄> = <non>	-	1	3	-	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	5
<d̄, t̄, ū> = <de, te, ue>	1	1	-	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	3
<̄> = <er>	3	1	-	2	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1	8
<p̄> = <pre>	3	-	-	1	1	2	-	-	1	-	-	1	-	-	1	-	-	10
Total	7	3	3	4	3	2	-	-	1	-	-	1	-	-	1	-	1	26

- Con 14 documentacións repartidas entre nove cadernos (1vb, 8rb, 18ra, 22rb, 23rb, 25vb₃, 27va, 35ra, 61rb, 66rb, 71vb, 74vb), o trazo sobreposto en <n̄o> ( 8rb) serve tamén en *A* como abreviación de <nostro>. Presenta cinco ocorrencias no prego IV, dúas no caderno XI e unha única nos fascículos I, II, III, V, VI, XII e XIII. A forma plena *nostro* documenta 30 exemplos (non temos en conta os tres casos coa consoante nasal maiúscula non representada –aínda que si con indicación para o rubricador–) e, en consecuencia, a opción abreviada supón o 31,8% do total de realizacións deste posesivo. Se proxectamos o seu reparto por fascículos, a porcentaxe de uso da opción abreviada é: I, 100%; II, 25%; III, 33,3%; IV, 83,3%; V, 33,3%; VI, 20%; VII, 0%; IX, 0%; X, 0%; XI, 50%; XII, 11,1% e XIII, 100%. No resto de pregos non se atopa ningunha das dúas variantes. Nos cadernos VII, IX e X rexístranse en total 10 casos da variante plena, pero ningún de abreviación.
- Finalmente, en cinco ocasións o trazo sobreposto, ben en <̄sca> (3: 8ra, 33va, 34rb), ben en <̄scaren> (2: 78rb, 78va), abrevia a secuencia <sancta> ( 8ra,  78rb). Os tres primeiros exemplos rexístranse nos cadernos II (1 caso) e VI (2 casos); os dous segundos recóllense no fascículo XIV (textos do anónimo V, famoso polo seu requintado e enigmático refrán de alta carga toponímica escalabitana [*A*]y senterigo, ay sentirigo, al e alfanx e al seserigo). A forma plena *santaren* ten tres documentacións, todas tres no propio caderno XIV (60%); mentres, as formas con grafías alfabéticas *sancta*, *santa* e *sant* repártense polos fascículos II, III, VI, VII e XV. Fronte a estas formas extensas, a variante abreviada *sanctaren* representa o 40% dos casos e, pola súa banda, a abreviación *sancta* constitúe o 50% dos exemplos do caderno II e o 66,7% dos do prego VI.

2.1.2. Corte inferior horizontal

A abreviatura <p̄> presenta en *A*, cos valores de <per> ou <par>, un total de 262 ocorrencias. Delas, a primeira das equivalencias detéctase en 246 exemplos e a segunda en 16.

1. En canto a <p> con valor de <per> (**p** 4va, **p** 13ra, **p** 13ra, **p** 61rb) localízase nas formas *emperador* (2: 8va, 44ra), *enpero* (1: 43va), (*E*)*npero* (1: 43vb), *per* (95: 1ra, 1rb₂, 1vb, 2ra₃, 2va, 2vb₂, 3rb₂, 3va₄, 3vb, 4rb₂, 4va, 5ra, 5va₂, 5vb, 6ra, 6va, 7ra₃, 7vb, 9ra...), *pera* (1: 27rb), *perç* (1: 36ra), *perço* (1: 78va), *perde* (6: 5ra, 12ra, 12va, 45ra, 70ra, 72ra), *perdedes* (1: 33vb), *perdendo* (1: 35rb), *perder* (26: 1ra₂, 2ra, 3ra, 4vb, 5ra, 5va, 7rb, 10rb, 11vb₂, 12va₂, 13vb, 22rb, 23va, 23vb₃...), *perdera* (1: 5rb), *perderan* (1: 5rb), *perderei* (15: 7rb, 10rb, 12rb₃, 13va, 13vb, 14rb, 23rb, 23va, 23vb...), *perderia* (2: 7rb, 23vb), *perderon* (1: 8rb), *perderon* (1: 28ra), *perdess* (1: 38vb), *perdesse* (1: 43ra), *perdi* (10: 5vb, 6rb, 6va, 26vb, 36ra, 45ra, 53ra, 59rb, 67va, 69vb), *perdon* (27: 3va, 7vb, 20ra, 20rb, 22va, 23rb, 24ra, 26rb, 27rb, 28ra₂, 28rb, 30rb, 31va...), *perdon* (1: 13ra), *perdoar* (1: 6rb), *perdōar* (1: 7vb), *perdōasse* (2: 6rb, 6rb), *perdud* (3: 12va, 12va, 39ra), *perdudo* (3: 13ra, 70ra, 78rb), *perfia* (1: 64rb), *pero* (37: 1vb, 3vb₃, 7rb, 10vb₂, 13ra, 13vb₂, 15rb, 16rb, 16va, 19va, 21rb, 22rb...).

Esta abreviatura documéntase maioritariamente nos cadernos I (57 exemplos) e II (41 casos); a distancia considerable encóntranse os valores dos fascículos IV (31), V (27) e VI (22) –sorprende, en principio (véxase *infra*), o prego III dentro deste grupo, con só 8 ocorrencias–. Salvo nos cadernos XI e XII (con 11 e 14 exemplos, respectivamente), no resto de fascículos o uso desta abreviatura diminúe notablemente (IX, X, XIII, XIV) ata desaparecer nos pregos XV, XVI e XVII. Os sete primeiros cadernos concentran, xa que logo, máis do 80% dos casos rexistrados:

Táboa 5

	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	XIII	XIV	XV	XVI	XVII	Total
<p> = <per> (casos)	57	41	8	31	27	22	12	4	5	7	11	14	2	5	-	-	-	246
<p> (%)	68,7	65,1	57,1	50,8	48,2	45,8	20,3	44,4	11,6	21,9	24,4	40	28,6	25	0	0	-	40,1

Na segunda das filas da táboa número 5 reproducése a porcentaxe de uso que, por fascículos, alcanza a opción abreviada fronte á extensa. Nos seis primeiros cadernos a escolla abreviada é maioritaria ou case maioritaria (incluído o prego III, que posúe poucas abreviaturas, e no que as formas plenas aínda son menos); nos fascículos VIII e XII o uso da abreviatura oscila entre o 40% e o 44%; nos cadernos VII, X, XI, XIII e XIV flutúa entre o 20% e o 28%; no fascículo IX esta porcentaxe redúcese ata pouco máis do 10%; finalmente, nos pregos XV e XVI rexístranse case corenta formas plenas por ningunha forma abreviada.

2. Verbo da abreviatura <p> co valor de <par> (**p** 11rb, **p** 66rb), sempre en posición inicial ou interior, as dezaseis documentacións distribúense así:

desamparades (1: 11rb), *desamparado* (3: 3va, 8rb, 10va), *desanparado* (1: 3rb), *desanparar* (1: 14ra), *desenparad* (2: 51vb, 51vb), *parte* (1: 17ra), *parti* (2: 31ra, 52vb) e *partir* (5: 4rb, 7va, 12ra, 28rb, 66rb). Por cadernos, de xeito paralelo ao visto na táboa anterior, os dous primeiros concentran, só eles, máis da metade de todos os exemplos da abreviatura; no prego XI rexístrase o último deles:

Táboa 6

	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	XIII	XIV	XV	XVI	XVII	Total
<p> = <par> (casos)	4	5	1	-	2	-	-	-	3	-	1	-	-	-	-	-	-	16
<p> (%)	33,3	45,5	11,1	0	16,7	0	0	0	42,9	0	8,3	0	0	0	0	0	0	18

A partir do fascículo XII (incluído) non se volve detectar esta abreviatura, a pesar de que contamos en todos os cadernos con algún caso en forma plena (suman en total nesta zona case 20 exemplos). A media do emprego da forma abreviada é do 18% e son os fascículos I, II e IX os que mostran as porcentaxes de uso máis elevadas (pero sen seren nunca maioritarias). Nos outros tres pregos nos que se detecta, a súa presenza oscila entre o 16% e o 8% (III, V e XI).

2.1.3. Corte medial

O trazo de natureza abreviativa pode cortar o hastil vertical da grafía coa que se combina, aproximadamente, na súa zona central. Pódeo facer seguindo unha traxectoria máis ou menos recta e oblicua ou realizando unha especie de bucle ou lazo.

1. Corte medial oblicuo. Un dos sinais abreviativos empregados en *A*, é un trazo oblicuo con inclinación que vai do ángulo superior dereito ao inferior esquerdo e que corta pola metade a grafía consonántica do ese alto: <f> (9ra, 31vb). O valor do conxunto é <fer>. Recollemos, en total, dezaioito exemplos: *serui* (2: 31vb, 75rb), *seruic* (1: 1va), *seruiç* (1: 9ra), *seruiço* (2: 17rb, 18rb), *seruidor* (1: 69rb), *seruir* (5: 18rb, 35rb, 39ra, 69vb, 74va), *seruirei* (3: 9ra, 19va, 35rb), *quiser* (1: 7va), *quiserdes* (1: 6va) e *quiser* (1: 31va). Maioritariamente –en quince dos dezaioito exemplos–, a posición que ocupa na palabra é a inicial, pero tamén pode aparecer en posición interior (un exemplo) ou final (dous casos). Estas ocorrencias distribúense por oito fascículos de *A*, que se agrupan en tres zonas: cadernos I, II e III (nove exemplos en total); V e VI (cinco exemplos entre os dous), e XII, XIII e XIV (catro exemplos). Non se documenta nos outros fascículos do códice. Como se pode observar, esta abreviatura é máis produtiva nos cadernos iniciais do cancionero.

Táboa 7

	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	XIII	XIV	XV	XVI	XVII	Total
<fer> (casos)	3	2	4	-	2	3	-	-	-	-	-	2	1	1	-	-	-	18
<fer> (%)	21,4	14,3	23,5	0	40	18,8	0	-	0	0	0	20	33,3	16,7	0	0	-	13,8

A porcentaxe media con que se emprega en *A* <fer> fronte á forma extensa <fer> é case do 14%. A representación plena, <fer>, localízase en todos os cadernos menos en VIII e XVII e, aínda que a súa presenza é relativamente importante nos primeiros fascículos, non é menos verdade que o prego que concentra máis exemplos é o XVI, con quince casos (pénsese que, sumadas as formas plenas dos cadernos IV, VII, IX, X, XI e XV –que non contan entre os seus folios coa opción abreviada–, obtemos a cifra de trinta ocorrencias). Se nos fixamos na proporción de uso de <fer> fronte a <fer> por fascículos, hai dous en que resulta especialmente rendible, o V e o XIII (entre un terzo e dúas quintas partes do total); no resto dos cadernos oscila nunha franxa bastante homoxénea que vai do 14% ao 23% (sempre, en todo caso, por riba da media final).

2. Corte medial lazado. Documentáanse en *A* 33 exemplos de <p> sempre co valor de <pro> (p 8ra, p 8ra, p 76va). As formas concretas son: *aprouguer* (4: 14va, 49va, 72ra, 72rb), *prol* (13: 8ra₂, 12va, 14rb, 19ra₃, 24va₂, 52ra, 54rb, 68ra₂), *prouar* (2: 7ra, 27vb), *prougo* (1: 51vb), *prouguer* (12: 1rb, 1vb₂, 4rb, 12rb, 13ra₂, 14va, 31vb, 45va, 52vb, 76va) e *prouguess* (1: 7rb). Rexístranse ao longo de nove fascículos e non se rexistran, en consecuencia, en oito: VI, VIII, X, XI, XIII, XV, XVI e XVII. De novo, debemos destacar a elevada concentración destas formas nos pregos I e II, que reúnen case a metade dos exemplos (15 de 33, un 45,5%), e a concentración do valor cero nos cadernos finais do cancionero.

Polo que se refire aos casos, paralelos aos anteriores, pero que optan pola escrita alfabética completa, <pro>, suman 32 exemplos (un menos que os de formas abreviadas). Están repartidos por todos os fascículos de *A*, con excepción dos pregos VIII, X, XI e XIII. Nos demais oscilan entre unha e cinco documentacións.

Táboa 8

	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	XIII	XIV	XV	XVI	XVII	Total
<p> (casos)	6	9	3	2	2	-	1	-	5	-	-	4	-	1	-	-	-	33
<p> (%)	85,7	69,2	37,5	66,7	50	0	16,7	-	83,3	-	-	66,7	-	25	0	0	0	50,8

Nos fascículos que non rexistran <p> pero si <pro>, concentrados novamente, salvo no prego VI, no treito final de *A*, as formas desenvolvidas posúen oito ocorrencias.

Hai cinco cadernos en que a preferencia pola forma abreviada é sobresaliente (I e IX) ou notable (II, IV e XII); o fascículo V atópase na media e os cadernos III, VII e XIV están por debaixo desa media.

2.2. Signos particulares

Detectamos en *A* cinco sinais abreviativos que incluímos neste grupo: un que podemos caracterizar como trazo curto con ataque e saída <^> (sempre sobreposto); outro é un apóstrofo <^> (que tamén ocupa unha posición superior); un terceiro en forma de número nove co bucle aberto que se sitúa maioritariamente na caixa de escritura <9> ou, máis raramente, sobreposto <^9>; por último, en cuarto e quinto lugar as notas tironianas <^c> e <^>, aquela para representar a conxunción copulativa e esta, moi pouco empregada en *A*, co valor de <con>.

2.2.1. <^>

Este sinal abreviativo presenta, no *Cancioneiro da Ajuda*, un total de 71 ocorrencias. Aínda que asume catro valores (<er>, <re>, <eir> e <e>), o terceiro e o cuarto son completamente residuais, pois só hai un caso de cada un; para os dous primeiros, porén, rexístrase un reparto equilibrado:

1. En combinación cos grafemas <d>, <t>, <u> e <z> equivale a <er> (18vb, 29rb, 31va, 32ra) e documéntase en 35 casos que se concentran nas seguintes formas: *auer* (1: 31va), *auergõnar* (1: 14va), *dizer* (7: 1rb, 2vb, 3rb, 21va, 22va, 24rb, 75rb), *fazer* (8: 8va, 13vb, 18vb, 33vb, 40vb, 43ra, 43ra, 46ra), *fezer* (3: 4rb, 13rb, 13va), *mester* (4: 2ra, 7vb, 18ra, 19rb), *meter* (1: 18rb), *poderedes* (1: 29rb), *prazer* (6: 3rb, 15rb, 26va, 32ra, 32ra, 39rb), *uerdade* (1: 28ra) e *uerdad* (2: 23va, 27va). Con este valor a acumulación fascicular aínda resulta máis obvia: ademais de que é o caderno I o que máis exemplos contén, seis, entre os cinco primeiros fascículos reparten, proporcionadamente, o 80% do total de casos, que continúan rexistrándose de forma ininterrompida ata o prego VIII (supoñen todos eles o 97,1% do total) e que faltan a partir do fascículo XV e nun treito que comprende os cadernos IX a XIII.

2. Cando este sinal abreviativo combina con <p>, o valor da secuencia é <pre> (2va, 2vb, 54rb). Son, en total, 34 rexistros que se distribúen entre as seguintes formas: *preguntaran* (1: 7va), *preito* (1: 15rb), *prender* (10: 2ra, 2va, 2vb, 3va, 5rb, 10ra, 11rb, 12vb, 17rb), *prendesse* (1: 10ra), *prendi* (1: 3va), *prendo* (1: 3va), *prestar* (1: 3va), *preto* (1: 53va), *prez* (1: 20rb), *sẽpre* (1: 74vb), *sempre* (7: 2vb, 7vb, 46vb, 55vb, 63rb, 66va, 66vb) e *senpre* (8: 1vb, 2va, 2vb, 15rb, 19vb, 20rb, 54rb,

56ra). A concentración desta abreviatura no inicio do códice é evidente: o caderno I acumula o 44,1% do total de exemplos e, entre os tres primeiros fascículos, suman máis dos dous terzos do total de uso da abreviatura, que non se detecta a partir do prego XIV.

Táboa 9

	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	XIII	XIV	XV	XVI	XVII	Total
<^> = <er> (casos)	7	5	5	4	7	2	3	1	-	-	-	-	-	1	-	-	-	35
<^> = <er> (%)	14,6	10	14,7	8,3	11,5	3	7,7	14,3	0	0	0	0	0	10	0	0	0	7,5
<^> = <re> (casos)	15	4	4	2	-	-	-	1	2	2	3	-	1	-	-	-	-	34
<^> = <re> (%)	55,6	15,4	36,4	10	0	0	0	33,3	16,7	20	15	0	33,3	0	0	0	0	17,7

Con calquera dos dous valores principais de <^> as porcentaxes medias finais de uso son moi baixas, aínda que é certo que en <re> (algo máis do 17%) a proporción duplica ou case triplica a de <er> (sobre o 7%). Co primeiro dos valores sinalados unicamente se rexistra un caderno de *A*, o I, en que as formas plenas son superadas polas abreviadas; en tres fascículos a abreviatura sitúase ao redor do terzo (III, VIII e XIII), noutros oscila no seu emprego entre o 10% e o 20% (II, IV, IX, X e XI) e nos outros oito pregos hai formas plenas, pero non se rexistra ningunha abreviada. Polo que se refire a <er>, as porcentaxes medias de uso son moito máis baixas: hai seis cadernos en que a proporción oscila entre o 10 e o 15% (I, II, III, V, VIII e XIV), dous que se sitúan sobre o 8% (IV e VII), un co 3% (VI) e o resto, oito fascículos, en que non hai pegada deste recurso abreviativo. Obsérvase que os únicos cadernos con ausencia de ambos os valores son o XII, XV, XVI e XVII; nos outros catro hai complementariedade, pois en V, VI, VII e XIV non se rexistra a forma abreviada co valor <re>, pero si hai exemplos de <er>, e, ao contrario, en IX, X, XI e XIII non hai exemplos de <er> e si de <re>.

3. O único exemplo de <^> con valor <eir> sitúase no caderno I, *primeiramente* **mā** (1vb). Como son sete as voces que en *A* escriben esa secuencia como <eir> –seis– (ou <eyr> –unha–) a opción abreviada supón un 12,5%. A forma plena distribúese polos fascículos II (2), IV (2), IX (2) e XIII, pero non aparece no I.

4. En <ḡr> o valor <e> da abreviatura débese, probablemente, a un descoido, ao representar tamén o erre redondo final no adverbio (no punto 2 sinalouse que hai 16 casos deste adverbio coa abreviación esperable <ḡ> = <pre>, ningún deles no fascículo V). Localízase no exemplo **ḡenḡ** (31va), no caderno V (neste prego a porcentaxe de uso desta abreviación é do 16,7%).

2.2.2. <ʹ>

Este sinal abreviativo semellante a un apóstrofo emprégase en *A* en 255 ocasións e asume, en total, tres valores diferentes:

1. O máis rendible, a moita distancia dos demais, pois alcanza o 98% dos usos (son 250 exemplos), verificase na forma <d̥s̥>, que equivale a <deus> (d̥s̥ 4vb, d̥s̥ 25vb, d̥s̥ 72va). Da súa frecuencia dá conta o feito de que a representación abreviada <d̥s̥> é máis habitual (55,3%) que a forma extensa <deus>. Non ten que sorprendere esta situación pois, despois de todo, este foi un dos primeiros catro *nomina sacra* abreviados xa no s. IV en latín, segundo o modelo grego, <D̄S̄> (cfr. De Robertis *et alii* 1993: 268). Documentábase <d̥s̥> en todos os fascículos de *A*, con excepción dos tres últimos (XV, XVI e XVII, que si posúen abundantes formas plenas: 13, 15 e 6, respectivamente), e presenta a seguinte distribución:

Táboa 10

	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	XIII	XIV	XV	XVI	XVII	Total
<ʹ> = <eu> (casos)	26	31	10	37	34	22	17	3	19	17	13	15	3	3	-	-	-	250
<ʹ> = <eu> (%)	63,4	72,1	52,6	72,5	63	50	44,7	75	51,4	65,4	65	60	75	25	0	0	0	55,3

Na meirande parte dos cadernos a forma abreviada é maioritaria: ademais de VIII e XIII (con cadansúas tres abreviaturas por forma plena), en I, II, IV, V, X, XI e XII a opción abreviada oscila entre o 60% e o 72% de uso; en III e IX esta só está un pouco por riba do 50%, porcentaxe que é a que posúe o prego VI; finalmente, alén dos tres últimos fascículos en que non se rexistra <d̥s̥>, esta abreviatura é minoritaria nos cadernos VII (por pouco) e XIV (claramente). A forma *deus* coñece tamén en *A* outra variante abreviativa, pero moito menos rendible, dado que só conta con dez ocorrencias (cfr. §2.2.3.). En todo caso, se sumamos ambas as posibilidades abreviativas (con <ʹ> e con <g> ou <ʹ>), no caderno I aumentaría a proporción fronte á forma plena ata o 65,9%, no II ata o 73,3%, no V ata o 63,6%, no XIV subiría ata o 40% e no XV pasaría do 0 ao 7,1%.

Tal e como se sinalou ao inicio desta epígrafe, o signo <ʹ> localízase en *A* noutros cinco exemplos, sempre nos primeiros fascículos do códice, con outros dous valores, xa que logo, secundarios:

2. Co valor de <er> (b̥ 21vb) documéntase en catro casos, un por fascículo: III, IV, V (<saḃ> *saber*: 19rb, 21vb, 27ra) e VII (<moll̥> *moller*: 43va).

3. Equivalendo a <e> só se atopa nun exemplo, <moll̥> *moller*, no caderno I (l̥ 2ra). Certamente, coma no caso de <sen̥p̥r> visto anteriormente, non faría falta a

presenza de <r> final para interpretar <ll'> como <ller>, polo que non é descartable que sexa debido a un erro do copista.

Como se pode apreciar na táboa 11, a porcentaxe de formas abreviadas sobre o total de formas plenas (*saber* e *moller* no primeiro caso, *moller* no segundo) é moi baixa e non chega a alcanzar o 5%. Nos fascículos en que se rexistra a opción abreviada, salvo no IV (en que hai un exemplo de <saß> e outro de <moller> –non se documenta neste prego nin <saber> nin <moll'>–), a porcentaxe oscila entre o 7% e o 16%:

Táboa 11

	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	XIII	XIV	XV	XVI	XVII	Total
<̂> = <er> (casos)	-	-	1	1	1	-	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	4
<̂> = <er> (%)	0	0	16,7	50	7,7	0	10	0	0	0	0	0	0	0	0	0	-	4,8
<̂> = <e> (casos)	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1
<̂> = <e> (%)	12,5	0	0	0	0	0	0	-	0	-	-	0	0	-	-	0	-	3,1

2.2.3. <̂> ou <̂>

Mariño e Varela (2005: 365-369) estudaron polo miúdo o emprego en *A* do signo paleográfico <̂> (u⁹ 9ra, ch⁹ 9ra, u⁹ 11ra, me⁹ 32rb, u⁹ 72va) ou <̂> (u² 2va, me² 37vb), equivalente ás terminacións latinas e, por analoxía, romances <-us> e <-os>. Nestas páxinas ofreceremos só un conxunto de datos xerais que permitan enxergar a súa distribución ao longo dos fascículos de *A*⁶. Documentamos 277 casos desta abreviatura: 273 de <̂> e unicamente 4 da variante sobrescrita <̂>. O fragmento abreviado ocupa posición tónica só en 15 exemplos. Hai que constatar, polo tanto, que este é un recurso abreviativo propio do contexto átono, pois apenas o 5,4% das ocorrencias se corresponden con forma tónica.

Os quince exemplos de abreviación en vocábulos tónicos, sempre con <̂>, son: ch⁹ (1: 9ra), conu⁹go (1: 4vb) e u⁹ (13: 3ra, 6ra, 6va, 9ra, 11rb, 11va, 12va, 14rb₃, 14va, 53ra, 72va). Estes casos concéntranse nos dous primeiros cadernos de *A* (I, 4 exemplos, e II, 9), pois entre eles dous acumulan algo máis do 86% das formas tónicas abreviadas; os dous exemplos que faltan aparecen un no fascículo IX e outro no XII. Neste contexto tónico e fronte ás representacións plenas con grafías alfabéticas, claramente maioritarias (salvo coa primeira, xa que en *A* non se rexistra a forma extensa *chus*), a proporción no uso do recurso abreviado é moi exigua, cunha

6 Cómpre manexar tamén o traballo de Álvarez (2004), especialmente as páxinas 48-51.

media do 3,2%. Se nos fixamos de modo específico nos cadernos con presenza das abreviaturas, apréciase que mentres nos pregos I, II e IX a proporción de uso do recurso abreviativo oscila entre o 8% e o 12%, no fascículo XII supón pouco máis do 3% (practicamente coincide coa media xeral). Daquela, a elección abreviada semella ser marxinal só neste último caderno; nos outros tres mantense unha proporción baixa –ao redor da décima parte dos exemplos–, pero equilibrada entre eles.

Polo que se refire ás formas átonas, das 262 ocorrencias que se rexistran, 258 sono de <9> e só 4 de <9>. Estes últimos casos da variante sobrescrita rexístranse en <de9> (2: 2ra, 2va), <me9> (1: 37vb) e <u9> (1: 33vb), que se concentran, como se pode comprobar polo número de folio, no caderno I (dous exemplos) e no caderno VI (outros dous). Destes catro casos, tres deles coinciden en careceren de espazo en branco entre o sinal de abreviatura e o comezo da palabra seguinte (<de9der> 2ra, <de9nūca> 2va e <u9ueer> 33vb), pero sen estaren mediatizados pola escaseza de espazo de escritura nos seus versos; no cuarto non se verifica esa circunstancia porque se sitúa directamente na fin da liña (37vb). Non se aprecia que ningún deles sexa produto de revisión da copia.

Os 258 exemplos de <9> repártense entre *de9* (8: 1vb, 10ra₂, 30vb, 75ra, 75rb, 75va, 79rb), *me9* (10: 7va, 19ra, 21rb, 31va, 32rb, 37vb, 42rb, 47ra, 61rb, 75rb), *sande9* (2: 28ra₂) e *u9* (238⁷: 1rb₃, 1va₄, 1vb, 2rb, 2va₃, 2vb, 3ra₂, 3rb₃, 3vb₃, 4rb₂, 4vb, 6ra₃, 6va₃, 6vb, 7rb, 8ra₂, 8va₄, 9ra, 10ra₃, 10rb₃, 10va, 11ra, 11rb, 11va₄...). Destas catro voces só *sande9* posúe un maior número de ocorrencias da opción abreviada (son dous exemplos) ca da extensa (un único exemplo). Verbo de *meus* e *uos/uus*, a preferencia pola forma plena (nas abreviadas incluímos tamén os casos con <9>) vai dende algo máis do 87% para o posesivo plural ata case o 68% para o pronome persoal átono. A media global de uso de todas estas formas átonas abreviadas fronte ás plenas correspondentes é de pouco máis do 25%.

Fixarémonos a continuación no reparto, por fascículos, de <9> e <9> no contexto da atonicidade. En primeiro lugar, cómpre subliñar que estas formas abreviadas están ausentes nos cadernos XVI e XVII do códice; o único exemplo que se rexistra no XV (*de9*) está no f. 79rb, o primeiro deste prego (cfr. §4.). Non hai ningún fascículo en que a opción abreviativa sexa maioritaria, pero hai algúns (I, II, III, V e IX) en que é unha opción importante, pois, fronte ás formas plenamente desenvolvidas, oscila entre un 46% e un terzo das ocorrencias. Noutros catro cadernos (IV, VII, VIII e XII) as formas abreviadas supoñen entre unha quinta e unha cuarta parte do total. Nos fascículos VI e X (17%-16%), pero sobre todo en XIII, XIV e XV, a proporción das abreviaturas está por debaixo ou moi por debaixo da media.

7 Un exemplo de <u9>, átono, en 10rb está riscado cun trazo horizontal.

Táboa 12

	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	XIII	XIV	XV	XVI	XVII	Total
<g> tón. (casos)	4	9	-	-	-	-	-	-	1	-	-	1	-	-	-	-	-	15
<g> tón. (%)	8,2	12,3	0	0	0	0	0	0	8,3	0	0	3,3	0	0	0	0	0	3,2
<g>+<?> át. (casos)	34+2	53	19	15	27	22+2	23	2	29	6	5	17	1	4	1	-	-	262
<g> <?> át. (%)	33,6	46,1	42,2	24,2	37	17,6	23,2	20	40,3	16,2	10,6	24,3	6,3	7,7	2,6	0	0	25,3

En síntese, se consideramos tanto as formas tónicas coma as átonas en que participan as abreviaturas <g> e <?>, observamos que as reflexións relativas ás formas átonas son, en xeral, válidas para as tónicas e átonas consideradas de xeito conxunto. Dende unha perspectiva xeral, tendo só en conta os números absolutos, no códice debúxanse tres grandes zonas: unha primeira, integrada polos cadernos I e II, que concentra unha elevada cantidade de exemplos (máis de cen); unha segunda, constituída polos fascículos III a IX, que acumula cento corenta ocorrencias, e unha terceira, que engloba os últimos fascículos, que reúne 35 exemplos. Dende a perspectiva da rendibilidade que a opción abreviada ten sobre o total de formas susceptibles de o seren, hai un grupo de cadernos que se sitúa con claridade por riba da media (I, II, III e IX), outros que están, aproximadamente, ao redor dela (IV, V, VII e XII), algúns que se sitúan por baixo da media (VI, VIII e X) ou moi por debaixo dela (XI, XIII, XIV e XV) e outros (pregos XVI e XVII) que non rexistran exemplo ningún da abreviatura.

Táboa 13

	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	XIII	XIV	XV	XVI	XVII	Total
<g>/<?> tón./ át. (casos)	40	62	19	15	27	24	23	2	30	6	5	18	1	4	1	-	-	277
<g>/<?> tón./át. (%)	25,6	33	31,1	16,1	21,6	13	18,5	10,5	35,7	11,1	6,7	18	2,9	5,3	1,6	0	0	18,4

2.2.4. <τ>

O signo <τ> (¶ 2va, ¶ 1 e ¶ 8va, ¶ 88va), que afonda as súas raíces nas denominadas notas tironianas da antigüidade latina, constitúe outro dos recursos abreviativos máis frecuentes en *A*. Neste códice, a conxunción copulativa coñece tres posibles representacións: <e>, <et> e <τ>. Obviamente, a natureza das unidades é diferente, pois dúas son de índole alfabética mentres que a outra, a última citada, é abreviativa. Os datos que obtemos da análise de *A* indicannos

que esta nota tironiana, que reúne 252 ocorrencias, está presente en todos os cadernos do manuscrito, excepción feita do fascículo IX. En termos absolutos, a distribución con que se reparte ao longo de todo o cancionero é desigual: concéntranse os exemplos nos cadernos II, XV e XVI (as documentacións nestes tres fascículos supoñen case a metade do total de exemplos de <τ>). Constatase, pois, que este signo abreviativo convencional, contrariamente ao que se verifica cos outros recursos abreviativos (salvo coas siglas), domina nos últimos cadernos do códice.

Táboa 14⁸

	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	XIII	XIV	XV	XVI	XVII	Total
ⵓ (casos)	15	37	15	18	3	1	9	6	2	-	17	11	2	19	36	51	10	252
<τ> (%)	11,5	23,6	24,6	15	2,5	0,7	6,3	35,3	2	0	14,5	10,3	33,3	38	81,8	63	100	14,3

Como se pode verificar na táboa precedente, a media global con que a nota tironiana representa a conxunción copulativa fronte aos outros recursos non abreviativos é do 14,3%. Agora ben, ademais de dous fascículos estremeiros en que a nota tironiana ou nin aparece (X) ou supón o 100% de usos (XVII), obsérvase que hai cadernos que se sitúan ao redor da media (I, IV, XI e mesmo o XII), bastante por debaixo desa media (V, VI, VII e IX), por riba dela (II, III, VIII, XIII ou XIV) ou moi por riba (XV e XVI). Confírmase, así, que nesta oportunidade son os últimos fascículos de *A* os especialmente permeables a esta abreviatura.

Alén da nota tironiana, o recurso para explicitar a conxunción copulativa vén dado en *A* por unha dupla opción de forma plena, quer como <e>, con case 1.200 documentacións na súa vertente minúscula, quer coa forma alatinada <et>, con 19 ocorrencias. Polo que se refire ao reparto destas últimas polos fascículos de *A*, obsérvase unha desproporción moi acusada: só está presente en tres cadernos, no I (con tres exemplos nos ff. 1r, 4v e 5r), no XV (con dous casos nos ff. 79v e 82r) e mais no XVI (dos catorce exemplos, doce reúnense en só dous folios, o 83v e o 84v, con seis casos cada un).

Non acontece o mesmo con <e>, que, presente en todos os fascículos de *A*, excepto no XVII, amosa a distribución seguinte: son sete os cadernos que pasan das cen documentacións (I, II, IV, V, VI, VII ou XI) e dous os que quedan nesa contorna con máis de noventa (IX e XII); deixando de parte os cadernos unifolios, os fascículos con menos exemplos son os últimos (o XIV e, sobre todo, o XV e o XVI).

8 Para a identificación de <τ> no prego XVII manexamos a lectura paleográfica de *A* fornecida por Arias Freixedo e Rodríguez Guerra (2010).

Se nos fixamos nas proporcións con que, por cadernos, <e> minúsculo representa a conxunción copulativa, observamos que, ademais do prego X, en que alcanza o 100%, oscila entre o 93% e o 99% nos fascículos V, VI, VII e IX; sitúase entre o 85% e o 89% nos pregos I, IV, XI e XII; xira ao redor do 75% nos cadernos II e III; oscila entre o 62% e o 66% nos fascículos VIII, XIII e XIV, para, por último, descender ata pouco máis do 13% no caderno XV, algo menos do 20% no XVI e ao 0% no prego XVII.

Cómpre engadirmos que, en algo máis dun terzo das ocasións, este signo abreviativo vai precedido de punto <τ> (7rb, 8va, 88va). Con ese aditamento nunca ocupa a posición inicial da liña, a pesar de que case outro terzo dos exemplos de <τ> se sitúa nesa posición inicial. Na táboa seguinte vemos a porcentaxe que supón a variante <τ> fronte a <τ> non inicial:

Táboa 15⁹

%	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	XIII	XIV	XV	XVI	XVII	Total
<τ>	84,6	73,3	90,9	100	33,3	0	28,6	50	50	-	37,5	16,7	50	15,4	31,6	38,7	57,1	54,4

En primeiro lugar, hai que destacar que a variante precedida de punto (lembremos, en contexto non inicial) é maioritaria con algo máis do 54% dos exemplos. Hai unha zona no códice especialmente permeable a esta opción: trátase dos catro primeiros fascículos, pois, neles, a proporción de <τ> nunca baixa do 73% e mesmo chega a alcanzar, no caderno IV, o 100%. Fóra deles, o único fascículo que se atopa lixeiramente por riba da media é o XVII. Hai unha serie de tres pregos en que a porcentaxe é do 50% (VIII, IX e XIII) e outros cinco oscilan entre o 28% e o 38% (V, VII, XI, XV e XVI). Por último, as cifras máis baixas alcánzanse nos fascículos XII e XIV, ademais de no VI (en que a única ocorrencia que se rexistra non presenta punto).

2.2.5. <>>

Finalmente, debemos analizar, de entre os signos de abreviación con significado propio, un dos máis antigos, <>>, que se documenta xa entre as notas tironianas e que é unha das abreviaturas máis empregadas ao longo da Idade Media, en latín ou en romance, coa equivalencia de <cum> e <con> (Cappelli 1995: XXV). Esta abreviatura é, en A, unha das menos produtivas, pois só se localiza un exemplo no caderno I (Johan Soarez Somesso), en que asume o valor de <con>: 7ra). Son maioría as representacións plenas deste verbo ao longo de A, con tres

9 A efectos estatísticos non contamos coas dúas ocorrencias de <τ> precedido de punto no interior dunha secuencia de siglas.

exemplos de *consentir* (5ra, 39ra, 50va), ademais dun de *cōsentir* (16rb). Como se pode comprobar, no propio ciclo de Johan Soarez Somesso (caderno I, ff. 4r-7v) hai tamén un exemplo coa forma plena (en 5ra).

2.3. Letras sobrepostas

Outro recurso braquigráfico presente en *A* é o das letras sobrepostas, isto é, grafías alfabéticas de módulo moi pequeno que ocupan unha posición superior á da caixa de escritura. Agora ben, unicamente posúen carácter abreviativo “si forman parte de la palabra abreviada y si se han colocado para indicar que faltan otras letras” (Núñez Contreras 1994: 113). De acordo con este criterio, exemplos coma ^a (6va), ^as (68rb), *coita*^s (68rb),^o (55vb) ou *outra*^s (35rb) non posúen ese carácter (en casos deste tipo a sobreposición gráfica non é un recurso braquigráfico senón correctivo ou adaptativo á escaseza de espazo escriturario). As grafías sobrepostas con valor abreviativo que localizamos en *A* suman un total de 156 exemplos. Todas elas son grafías vocálicas e, salvo de <u>, rexístranse exemplos das outras catro vogais: dúas delas, <a> e <i>, contan con numerosas ocorrencias e as outras dúas, <e> e <o>, aparecen esporadicamente.

2.3.1. <“>

Este signo non é máis que a transformación da letra <a> realizada co bucle aberto na súa parte superior, <u>. En todos os procesos abreviativos de *A* en que intervéñen equivale sempre á vogal <a> e a outro elemento gráfico elidido. O seu trazado neste códice adoita ser unha representación esquemática de <u>, sempre sobreposto, por medio de dous pequenos puntos consecutivos cunha lixeira saída do segundo cara á dereita, máis ou menos prolongada ( 19ra). Só en cinco exemplos (4,7% do total) o <“> sobreposto vai combinado cun trazo horizontal, trazo que sempre se sitúa por riba: <“>  (6rb). A abreviatura <“> documéntase en *A* en 106 ocasións e posúe dous valores básicos:

1. En 81 ocorrencias (algo máis das tres cuartas partes dos exemplos de <“>) abrevia a secuencia <ra>, secuencia que silabicamente sempre presenta na súa marxe explosiva un grupo consonántico homosilábico. A consoante que o inicia pode ser <g> (66 casos;  4va), <t> (14 exemplos;  26rb) ou <p> nunha única ocasión ( 1ra). Os exemplos que se abrevian constitúen un inventario reducido e son: *cōtra* (1: 14rb), *gracir* (1: 18rb), *grado* (4: 8ra, 10vb, 31va, 38vb), *gran* (55: 1va, 4va, 5va, 6rb, 7va, 7vb, 8ra, 19va, 20ra, 20rb, 21ra, 21rb, 21va, 22va, 23ra, 23rb,...), *grand* (3: 1rb, 8rb, 19ra), *grande* (2: 19ra, 23rb), *graue* (1: 27va), *mostrar* (4: 7ra,

13va, 19ra, 31va)¹⁰, *outra* (8: 3ra, 14va, 19ra, 19va, 20ra, 26rb, 31va, 39ra), *outras* (1: 22rb) e *praz* (1: 1ra).

Táboa 16

	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	XIII	XIV	XV	XVI	XVII	Total
<> = <ra> (casos)	10	7	7	21	16	14	-	-	-	-	4	1	-	-	1	-	-	81
<> = <ra> (%)	14,9	14,6	24,1	31,3	21,9	20,6	0	0	0	0	7,8	1,9	0	0	6,3	0	0	12,1

O 92,6% de todos os exemplos da abreviación de <> con valor de <ra> concéntrase nos seis primeiros fascículos do códice; en total son oito os cadernos que non posúen ningún caso e, novamente, nos últimos fascículos a presenza desta abreviatura é moi escasa.

Tendo en conta todos os exemplos susceptibles de seren abreviados, a porcentaxe media de <> con valor de <ra> é relativamente baixa, con pouco máis do 12%, fronte ao case 88% de formas plenas. Nos cadernos en que non se detecta esta abreviatura, non é por escaseza da forma plena, xa que, entre eles, case alcanzan a cifra de douscentos exemplos (sobre todo os fascículos VII, IX, X e XVI). Nos nove cadernos con algunha abreviatura deste tipo, hai un que claramente rendibiliza a opción abreviada, o IV, con case un terzo das representacións; vai seguido do prego III, que case vehicula a través desta abreviatura unha cuarta parte dos exemplos; despois sitúanse, dous a dous, os cadernos V e VI (ao redor dunha quinta parte) e I e II (só dous puntos por riba da media). Nos pregos XI e XV o recurso abreviado é moito máis modesto e en XII podemos concluír que é excepcional.

2. Son 25 as ocorrencias (que supoñen un pouco menos da cuarta parte de todos os exemplos de <>) en que esta letra sobreposta asume en *A* o valor de <ua>. Adquire este sentido en combinación quer con <q> (19 exemplos;  4va,  5rb), quer con <g> (6 casos;  4vb). As formas abreviadas son: *guardado* (1: 4va),

10 Aínda que, polo menos teoricamente, existe a posibilidade de interpretar que o <a> sobreposto puidese abreviar tanto <ra> (*mostrar*) coma <ar> (*mostrar*), parece moi pouco probable esta segunda opción: non só porque sería o único caso desta abreviatura en *A* (<p> co valor de <par> non se atopa en posición final de palabra), ou porque, en *A*, <v> con <a> sobreposto sempre equivale a <tra> en todos os demais casos, senón tamén porque dende a propia perspectiva paleográfica o <a> sobreposto se comeza a escribir, nos catro casos, enriba do trazo horizontal do <v> precedente, nunha posición relativamente similar á doutros exemplos, con <v> ou con outras consoantes (+ <a> sobreposto), en posición interior ou, por exemplo, tamén en posición final (cfr: <cōt>  14rb). Aínda que sexa noutro contexto, en *guardar* o <> abrevia a secuencia <ua> e non <ar> (véxase *infra*). Ademais, este comportamento móstrase coherente co resto de abreviaturas con vogais sobrepostas en que intervén un <v>, xa que as secuencias abreviadas, como se verá, serán <ri>, <re> ou <ro>.

guardar (5: 2ra₂, 4vb, 7va, 41rb); *enquant* (1: 4va), *qual* (5: 5rb, 68vb₂, 69va, 74va), *quando* (3: 7va, 8ra, 39ra), *quan* (2: 7ra, 19va), *quant* (4: 8rb, 63vb, 66vb, 75ra), *quantas* (2: 75rb, 78rb) e *quanto* (2: 35ra, 46va). Este recurso abreviativo espállase ao longo de dez fascículos de *A*: <q> aparece en nove e <g> só se detecta nos cadernos I (cinco exemplos) e VII (unha ocorrencia). Como se pode observar hai tres zonas descontinuas, con e sen este uso de <">: está presente nos bloques formados polos fascículos I, II e III; VI, VII e VIII; XI, XII e XIII; paralelamente, falta dos subconxuntos configurados polos pregos IV-V, IX-X e XV-XVI-XVII. En todo caso, é certo que só nos tres primeiros cadernos xa se recolle o 48% do total de exemplos (un 36% concéntrase no prego I). En síntese:

Táboa 17¹¹

	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	XIII	XIV	XV	XVI	XVII	Total
<"> = <ua> (<q+g> (casos)	4+5	2	1	-	-	2	0+1	1	-	-	2	3	1	3	-	-	-	25 (19+6)
<"> = <ua> (<q>) (%)	13,3	4,3	7,1	0	0	4,8	0	16,7	0	0	4,8	7,9	33,3	27,3	0	0	0	4,6
<"> = <ua> (<g>) (%)	29,4	0	0	0	-	0	9,1	0	0	0	0	0	0	-	0	0	-	7,9

Nos fascículos en que hai ausencia deste sinal abreviativo non é por falta de formas plenas que o admitisen: centrándonos no caso de <q>, nos cadernos IV e V hai preto de noventa casos con <qua>, máis de cincuenta entre os pregos IX e X, e máis de trinta nos tres últimos fascículos. Verbo de <q>, a proporción media final é moi baixa e non alcanza nin sequera o 5%. Por fascículos, os cadernos II, VI e XI sitúanse, aproximadamente, na media; o III e o XII están un pouco por riba da media; á fin, o I, o VIII e, sobre todo, o XIII e o XIV atópanse moi por riba da media. Se nos fixamos en <g> (lembramos que na información recollida na táboa número 17 só contabilizamos o paradigma do verbo *guardar*), a proporción media final, a pesar de detectarse só en dous cadernos, é de case o 8% e, nos dous fascículos en que se localiza, oscila entre unha porcentaxe próxima á terceira parte no caderno I, e outra preto do 10% no caderno VII.

11 A efectos estatísticos non temos en conta os exemplos de formas plenas con nasal implosiva representada por trazo sobreposto, do tipo quãto. Tampouco incluímos, como xa fixemos noutras ocasións similares (por exemplo con <"> en *Gran*), aqueles casos en que a palabra comeza por maiúscula ou capital (representada ou non), como en *Quando*. Verbo das formas plenas con <gua>, na táboa precedente só temos en conta o paradigma do verbo *guardar*. Se incluímos tamén aquelas outras formas que comezan por <gua>, do tipo *guareçer* ou *guarir*, o resultado sería o seguinte:

<"> = <ua> (<g>) (%)	27,8	0	0	0	-	0	8,3	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	5,3
----------------------	------	---	---	---	---	---	-----	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	-----

2.3.2. <’>

Esta grafía vocálica sobreposta emprégase combinada ou en <q> (q 8rb) ou en <p> (p 54ra) para abreviar as secuencias <ui> e <ri>, respectivamente. Do primeiro uso documéntanse en A 42 ocorrencias, do segundo 6. As formas son: *aqui* (3: 16rb₂, 75rb), *quis* (19: 3va, 6rb₂, 8va, 10ra, 15rb₂, 16rb, 25rb, 25vb, 26vb, 27ra, 30ra, 32rb...), *quiser* (10: 2ra, 3ra, 9rb, 16rb₂, 19ra, 31va, 41rb, 43ra, 52vb), *quiserdes* (2: 2va, 14va), *quisesse* (2: 8rb, 9rb), *quiso* (1: 42rb), *quitar* (3: 1va, 13rb, 52rb), *quitara* (1: 1va) e *quitey* (1: 66rb) para o valor <ui>; *primeiramente* (1: 54ra), *primeiramente* (1: 1vb), *primeir* (1: 25rb), *primero* (2: 22ra, 48vb) e *prix* (1: 3va) para o valor <ri>.

Son 11 os fascículos en que se rexistra este recurso abreviativo e é, de novo, a primeira metade deles a que acumula a maior parte dos seus exemplos (os sete cadernos iniciais contan co 81,3% do total) e, sobre todo, os tres primeiros (que concentran máis da metade das ocorrencias totais). <p> aparece exclusivamente en tres fascículos (I, IV e IX) con dous exemplos en cada un; en todo caso, son sempre cadernos en que tamén está presente a abreviación <q>.

Táboa 18

	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	XIII	XIV	XV	XVI	XVII	Total
<’> = <ui+ri> (casos)	8+2	7	8	2+2	5	1	4	-	4+2	-	1	1	-	1	-	-	-	42+6
<’> = <ui> (<q>) (%)	20	21,2	33,3	16,7	20,8	4,2	20	0	16,7	0	4,3	4,8	0	10	0	0	0	14,1
<’> = <ri> (<p>) (%)	100	0	-	66,7	0	-	-	-	66,7	-	-	-	0	-	-	-	-	50

Ao analizarmos a distribución das formas abreviadas <q> ou <p> a carón das formas plenas correspondentes, obsérvase que, mentres a segunda acode na metade das ocasións á grafía sobreposta, a primeira unicamente o fai nun 14,1% das oportunidades. Nos cadernos en que se documenta, <p> presenta unhas porcentaxes de uso moi elevadas: 100% no I e 66,7% no IV e mais no IX. Os fascículos con algunha forma plena en <pri> que non presentan ningún caso de <p> son o II, V e XIII.

Centrándonos en <q>, comprobamos, en primeiro lugar, que as formas plenas están presentes en todos os fascículos de A (incluídos os últimos). Situados nesta zona do códice, se calculamos a proporción de uso de <q> fronte á opción desenvolvida <qui> entre os cadernos X e XVII, o resultado que se obtén é do 3,7% (a máis de dez puntos da media). O prego cun maior peso específico desta opción abreviada é o III (cun terzo dos exemplos abreviados coa letra sobreposta),

seguido polos cadernos I, II, V e VII (unha quinta parte dos seus exemplos utilizan este recurso abreviativo); os fascículos IV e IX tamén se atopan lixeiramente por riba da media e, ademais do XIV –que ofrece a décima parte dos seus exemplos abreviados–, os cadernos VI, XI e XII sitúanse na franxa do 4%, dez puntos por debaixo da media.

2.3.3. <˘>

Só se documenta en *A* un exemplo de <˘> sobrescrito. Está presente en <moñria> *morreria* (m 67rb), no fascículo XI (porén, este exemplo semella ser froito de corrección)¹². Neste mesmo caderno atópanse outras seis formas do paradigma deste verbo na súa forma plena (a opción abreviada supón nel, xa que logo, un 14,3%). Se tivermos en conta os distintos exemplos deste verbo ao longo do códice, a representación abreviada a través de letra sobreposta suporía un escaso 2%.

2.3.4. <°>

Rexístrase, así mesmo, un exemplo de abreviación a través de <°>, co valor <ro> no interior dun grupo consonántico homosilábico, en <˘bar>, *trobar* (f 67va), que, coma no caso anterior, non só está no fascículo XI, senón tamén no ciclo de Pai Gomez Charinho, un ciclo que presenta características de copia particularmente singulares en *A* (cfr. Arbor Aldea 2014). As formas do paradigma deste verbo que presentan a forma desenvolvida <tro> suman 13 documentacións, distribuídas polos cadernos VIII (1), XI (6 –dous deles no ciclo de Charinho–), XIV (1) e XVI (5). Xa que logo, a opción abreviada <˘> fronte á plena supón un 7,1% de media e un 14,3% no prego XI.

2.3.5. Recapitulación

Concluimos esta aproximación ao recurso abreviativo das letras sobrepostas en *A* subliñando que, malia ser o que posúe un menor peso específico se o comparamos cos outros grandes procedementos de abreviación (cfr. §2.), é unha opción consolidada polo menos con <˘> e mais con <˘˘>. As grafías sobrepostas abreviativas sempre son de natureza vocálica e sempre abrevian dúas grafías (a vogal representada por elas mesmas e outra grafía máis). Como acabamos de expor, son sobre todo dúas as letras sobrepostas rendibles (acumulan o 98,7% do total): <a> (67,9%) e <i> (30,8%). Así mesmo, debe sinalarse que o uso braquigráfico en *A* das letras sobrepostas prefere con claridade a posición inicial (87,8%), aínda que tamén admite,

12 Que deturpa, ademais, a medida e a semántica do verso (cfr. Arbor Aldea 2009a: 65, 2014).

en moita menor medida, as posicións final (7,7%) e interior (4,5%). Na táboa que se acompaña vemos, sinteticamente, o uso desta opción abreviativa por fascículos:

Táboa 19¹³

%	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	XIII	XIV	XV	XVI	XVII	Total
Letras sobrepostas	18	10,6	22,5	19,1	14,9	11,5	4,5	5,6	5	-	6,7	4,2	7,1	10,3	2,9	-	-	10,1
Formas plenas	82	89,4	77,5	80,9	85,1	88,5	95,5	94,4	95	100	93,3	95,8	92,9	89,7	97,1	100	100	89,9

A media global do recurso ás letras sobrepostas con valor abreviativo en *A* alcanza o 10%. Hai cadernos completamente impermeables a esta opción (X, XVI e XVII) ou case (XV). Entre o 4% e o 7% de porcentaxe de uso atópanse os fascículos VII, VIII, IX, XI, XII e XIII; ao redor da media sitúanse os cadernos II, VI e XIV; un pouco por riba da media está o V e, por último, os tres cadernos máis permeables a este recurso braquigráfico son o I, o IV e, sobre todo, o III (que duplica a media). En todo caso, diferéncianse, unha vez máis, tres grandes bloques no interior de *A* en función de que os seus fascículos, no estado actual, amosen unha maior, menor ou nula receptividade ao uso das letras sobrepostas.

2.4. Siglas

Entre as abreviaturas denominadas tradicionalmente “por suspensión” destacaron, ao longo da Idade Media, as siglas. Entre os tipos de siglas mencionados por Núñez Contreras están as denominadas “citas de textos literarios” que cumprían un requisito básico, o de seren ben coñecidas polo lector e “de cuya identificación no se podía dudar” (1994: 128). Este é, precisamente, o caso das siglas empregadas no *Cancioneiro da Ajuda*, xa que, cando se usan, sempre aparecen na segunda ou sucesivas repeticións do refrán, o que facilita a súa lectura inequívoca. En concreto, están presentes en 44 cantigas con 87 estrofas implicadas e constitúen unha das catro posibles modalidades de transcripción do refrán na colectánea poética (cfr. Ramos 2008, II: 41). En *A*, as siglas empréganse ben de forma total, ben de forma parcial, nos versos de retrouso das 87 estrofas xa citadas e, nelas, a presenza do punto <.> é obrigatoria (d.º.º.º. m. 49rb).

Rexistramos 17 abreviaturas no refrán a través dunha única letra, a inicial das palabras abreviadas, que suman en total 281 ocorrencias: <a> (22: 31va₂, 31vb₃,

13 Inclúense os 156 exemplos de grafías sobrepostas como recurso abreviativo e todas as formas plenas susceptibles de seren abreviadas (para <gua> só contamos co paradigma do verbo *guardar*).

48rb₂, 49rb, 50va₂, 52vb₃, 79va₂, 82va, 85va₃, 86ra₃), (3: 16rb, 84ra₂), <c> (11: 16va₃, 16vb₃, 48rb₂, 52rb, 84va₂), <d> (31: 16va, 16vb₄, 18va, 31vb₂, 49rb, 50va₄, 52rb, 52vb₂...), <e> (20: 18va, 19rb₂, 31vb₂, 49ra, 52rb, 52vb₂, 58ra, 80va, 80vb₂...), <f> (6: 31va₂, 52vb₄), <g> (5: 16va, 46rb₂, 84ra₂), <l> (13: 16va₂, 19rb, 50va₃, 79va₂, 80va, 80vb₂, 83rb₂), <m> (48: 16rb₂, 16va₆, 16vb₂, 18rb₃, 18va, 19ra, 19rb₄, 31va₄, 31vb, 32ra, 48rb₂...), <n> (20: 16va₃, 18rb₄, 18va₂, 54rb, 58ra, 83rb₂...), <o> (11: 18va₄, 31vb, 48rb₂, 49ra, 49rb, 52rb, 78rb), <p> (17: 16vb, 18rb₂, 18va, 46rb₄, 46vb₂, 48rb, 60rb, 78rb, 82va, 83rb₂, 83va), <q> (31: 16rb, 16va₃, 16vb, 18rb₆, 31vb₂, 46vb, 48rb₂, 49ra, 50rb₂...), <r> (8: 16va₂, 50rb₂, 57vb₂, 79va₂), <s> (8: 31vb, 46vb₂, 57vb, 60rb₂, 84rb₂), <t> (4: 16va₂, 48rb₂) e <u> (23: 16rb, 18va₃, 19ra, 31va₂, 31vb₂, 48rb₃, 52vb₂, 61rb, 84rb₂...). Alén dos anteriores, documéntanse outros 5 exemplos. En catro deles, as siglas están formadas polas dúas grafías iniciais das palabras abreviadas (sempre con punto): <fo.fi.> *fosse fis* (52vb), <se.> *sennor* (74va) e <ma.> *matastes* (74vb); o outro (que poderíamos chamar sigla intencional ou imperfecta) combina a representación xa abreviada de *non* <n> (cfr. §2.1.1.3.) co punto: <n.> (16va). Estamos, xa que logo, diante de 286 exemplos totais de siglas.

As siglas distribúense ao longo dos fascículos de *A* de xeito irregular xa que (i) tal e como apuntou Ramos, “há cadernos no manuscrito em que não se observa o sistema de siglas” (1994: 40) e, efectivamente, non se documentan nos fascículos I, II, IV, VI, VII e XII; (ii) nin o reparto entre os once cadernos que as conteñen é equilibrado: oscilase entre as 56 e as 78 siglas dos pregos III, IX e XVI, as 24 e as 26 dos cadernos V e XV, e entre as 11 e as 3 siglas nos demais (fascículos VIII, X, XI, XIII, XIV e XVII); (iii) nin sequera a proporción que supoñen no interior do caderno en que se rexistran é a mesma: as dúas caras do folio que constitúe o prego VIII contan con algunha sigla; no caderno XVI rexístranse siglas en todos os folios escritos excepto nunha cara; nos fascículos III, IX, XIII e XVII son, aproximadamente, a metade dos folios que os constitúen os que recorren ao uso de siglas; no caderno XV rexístranse siglas en tres das sete faces con texto, e, no X, son tres de nove; finalmente, nos pregos V, XI e XIV a proporción de uso oscila entre o 12% e o 16%.

Táboa 20

	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	XIII	XIV	XV	XVI	XVII	Total
Siglas (casos)	-	-	78	-	26	-	-	11	63	8	3	-	3	4	24	60	6	286

Xa se indicou que o número total de pezas con algunha sigla no refrán é de 44 (lembremos que en *A* hai en total 310 cantigas). Agora ben, máis importante que o anterior é comprobar a proporción, xeral e por cadernos, con que os textos con refrán acoden ao recurso das siglas para o simplificar na segunda estrofa e sucesivas.

En primeiro lugar, debe subliñarse que os dezasete fascículos de *A* contan con algunha cantiga con refrán. Nos seis cadernos en que non se localiza ningún exemplo deste tipo de sigla, hai dous con poucas pezas con retrouso (o I e o II posúen cinco entre os dous), hai outros dous con bastantes (entre o IV e o XII suman 16 en total) e, finalmente, outros dous, o VI e o VII, contan entre os dous con 27 cantigas con refrán: delas, ningunha presenta siglas. Os resultados globais pódense ver na táboa 21:

Táboa 21¹⁴

	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	XIII	XIV	XV	XVI	XVII	Total
Cantigas con siglas (casos)	-	-	6	-	3	-	-	2	10	3	2	-	1	1	4	11	1	44
Cantigas con siglas (%)	0	0	35,3	0	20	0	0	66,7	50	20	13,3	0	50	11,1	44,4	100	100	28,2


Case en unha de cada tres cantigas con refrán se detecta o recurso abreviativo das siglas. Mais, á vista dos datos reflectidos na táboa precedente, obsérvanse unhas tendencias moi claras na (non, *cfr. supra*) adopción deste recurso abreviativo. Así, nos cadernos XVI e XVII a porcentaxe alcanza o 100%; nos fascículos VIII, IX e XIII oscila entre o 66% e o 50%; nos pregos III e XV vai do 35% ao 44%; no V e no X é do 20% e, por último, nos cadernos XI e XIV oscila entre o 13% e o 11%.

3. A posición na liña

Non queremos deixar de investigar no noso traballo a idea apuntada por Ramos verbo da posibilidade de que o sistema braquigráfico empregado en *A* ocorra “com formas que se encontram em posição final de linha, coincidindo a abreviatura com a última ou com a penúltima palavra” (2008, II: 31). Certamente, unha palabra que incorpore no seu corpo unha ou máis abreviatura(s) pode aparecer en distintas posicións na liña en que se documenta. Para averiguarmos ata que punto pode ser certo que nese treito final se concentren as formas con abreviaturas, estableceremos un triplo corte en función de que a palabra coa abreviatura ocupe o penúltimo lugar da liña, sexa a última palabra da liña ou de que se rexistre en calquera outra posición (de inicial a antepenúltima). O resultado recóllese no seguinte gráfico:

14 Na segunda fila ofrécese a porcentaxe que supoñen as cantigas con siglas do total, por fascículos, de cantigas con refrán. Aquelas cantigas que se reparten entre dous cadernos, a efectos estatísticos, incluímolas no caderno en que se localiza o refrán da segunda estrofa.

Gráfico 1




A media global que obtemos (deixamos fóra as siglas) subliña que as formas abreviadas ocupan as últimas posicións da liña (sumadas a penúltima e a final) en algo menos dun terzo de todas as ocorrencias e, en consecuencia, a meirande parte das voces con algunha abreviatura, algo máis dos dous terzos do total, sitúase en calquera outra posición ‘non final’. Dende esta perspectiva, hai un certo equilibrio entre os exemplos que ocupan a penúltima posición e os que aparecen na fin da liña, cunha lixeira vantaxe a favor daqueles, como se pode apreciar no gráfico precedente.

De estudarmos os datos de forma desagregada, obsérvase que as palabras abreviadas por medio do que se denominou ‘trazos xerais’ manteñen unhas proporcións similares ás da media: maioría de dous terzos das posicións non finais e, o terzo restante, repártese –aquí máis equilibradamente– entre as posicións penúltima e última. Mais cos outros dous grandes grupos, signos particulares e letras sobrepostas, non sucede o mesmo. Por unha banda, nos signos particulares diminúen os exemplos de formas abreviadas na fin da liña (penúltima e última) ata algo menos da cuarta parte e, en paralelo, o resto de posicións ‘non finais’ aumenta por riba das tres cuartas partes. As formas que ocupan a penúltima posición avantan en catro puntos as que se sitúan na fin da liña. Por outra parte, as letras sobrepostas amosan un comportamento diferente: mentres os casos en posición final da liña se manteñen, máis ou menos, na media, o número de exemplos no penúltimo lugar da liña aumenta ata superar o terzo do total (numericamente é máis do dobre do que supoñen as ocorrencias na posición final) e, de xeito inversamente proporcional, as demais posicións, aínda que son maioritarias, diminúen de modo notable e sitúanse un pouco por debaixo do 50%.

Á vista dos datos anteriores, semella que, se a algún tipo abreviativo se lle pode aplicar certa preferencia polas dúas últimas posicións na liña, este é o das letras

sobrepostas. Ten algunha explicación a clara desviación amosada pola colocación destas últimas? En primeiro lugar cómpre salientar que o comportamento dentro das letras sobrepostas non é uniforme: varía tanto en función da letra de que se trate como do segmento abreviado. Vémolo, en síntese, no gráfico 2:

Gráfico 2



Apréciase, de entrada, o distinto comportamento entre as formas abreviadas con <"> en función de que a súa equivalencia alfabética sexa <ra> ou <ua>: mentres con estas segundas o patrón é equivalente ao visto para a media xeral de todas as opcións abreviadas (salvo pola diferenza de oito puntos que a posición penúltima lle saca á final), non sucede o mesmo coas primeiras. Efectivamente, a situación dos vocábulos con <"> e valor <ra> presentan unha disposición similar á media xeral que posúen as letras sobrepostas no seu conxunto (*cfr.* gráfico 1): cun aumento na posición penúltima e unha diminución proporcional das outras posicións. Mais son as formas abreviadas con <'> as que avanza un grao e, nelas, a posición que se privilexia é a penúltima e, a máis de doce puntos de distancia dela, atópase o bloque constituído polo resto de posicións; a posición final, sendo a menos rendible, posúe tamén unha relativa importancia, pois acumula unha quinta parte das ocorrencias.

Se acudimos aos exemplos para enxergar algunha xustificación, compróbase que, en primeiro lugar, as formas con <þ> ocupan maioritariamente a posición penúltima, sen que haxa ningún caso en posición final (predominan as formas que xiran ao redor do numeral ordinal *primeiro*); en segundo termo, <ç> concéntrase no paradigma do tema de pretérito do verbo *querer*, con algunhas formas do verbo *quitar* e o adverbio *aquí*; en terceiro lugar, as voces que se concentran na posición final son formas oxítonas –en posición de rima– como *quitar*, *quitey*, *quiser* (suman nove casos) ou, nunha ocasión, *aquí*; finalmente, ao revisarmos as palabras que ocupan o penúltimo oco das liñas descubrimos a explicación para a abundancia destes exemplos nesta posición: máis

dos dous terzos deles son estruturalmente idénticos e están conformados polo verbo volitivo *querer* (*quis, quiser, quisedes, quisesse* ou *quiso*) seguido dun infinitivo, que é o que se coloca na posición final da liña.

De igual xeito, é posible comprender o principal motivo polo que os exemplos de <“> (= <ra>) ocupan en non poucas ocasións a penúltima posición da liña: a práctica totalidade deles consisten nun sintagma con *outra* e, sobre todo, *gran(de)* seguidos de substantivo (*outra + moller, ren; gran + ben, mal, afan, poder, pauor, sazon, pesar...*), substantivo que é o que ocupa a posición final da liña: en consecuencia, para a palabra coa forma abreviada resérvase a penúltima.

Certamente, poderíamos seguir analizando caso por caso e descubriríamos tendencias particulares. Así, por exemplo, as formas que presentan <“> co valor de consoante nasal implosiva, cando esta ocupa na súa palabra unha posición medial, aparecen máis veces como último vocábulo da liña (case 27%) ca como penúltimo (case 15%), pero, cando a consoante nasal abreviada ocupa a posición implosiva final, entón é máis habitual que esa voz ocupe a penúltima posición (case 23%) que a última da liña (pouco máis de 14%); en ambos os casos o resto de posicións na liña son as maioritarias (algo máis do 58% e o 63%, respectivamente). Outros exemplos concretos que podemos escolmar son: 1) o signo <τ>, que prefere calquera outra posición (algo máis do 88%) menos a final (2%) ou, tamén, aínda que en moita menor medida, a penúltima (case un 10%); 2) <“> que, cando equivale a <re>, aparece na última posición da liña en máis do 34% dos casos (case sempre con *prender* en posición de rima) e na penúltima en algo máis do 14% (as outras posicións suman algo máis do 51%), non obstante, cando <“> equivale a <er>, as proporcións dispáranse a favor da posición final (case un 65%, que se explica porque son moitas formas as que ocupan posición de rima: *dizer, fazer, fezer, mester, prazer...*), mantéñense na penúltima (case un 12%) e diminúen no resto de posicións (menos do 24%); 3) nos casos da abreviación con <9> en contexto tónico (lembros, 15 exemplos), ningún deles ocupa a posición final, unicamente dous aparecen como penúltima voz da liña e todos os demais (case o 87%) atópanse noutros contextos; 4) mentres a forma abreviada de *nostro* só se sitúa como penúltima palabra da liña en menos dun terzo dos seus exemplos (e non se documenta na posición final), a forma plena *nostro* ocupa a (pen)última posición en case a metade das súas ocorrencias.

Sexa como for, as tendencias xerais xa foron presentadas e analizadas e servíronnos para verificar que, en ausencia doutros parámetros (entre eles o feito de que a fin da liña e do verso coincidan ou non) que poidan coaduxar a entender mellor determinados aspectos distribucionais ou de comportamentos concretos, non semella que as formas abreviadas, polo feito de o seren, sintan unha acusada predilección pola posición final da liña.

4. A modo de conclusión

A primeira das preguntas que debe responder un traballo coma este é: hai moitas abreviaturas en *A*? Evidentemente, xa na táboa 1 fornecemos os datos completos coa cantidade total de abreviaturas (3.125 exemplos) presentes neste códice, que, nunha primeira comparación co total de formas gráficas documentadas en *A*, suporía unha porcentaxe relativamente baixa (lembramos que en Rodríguez/Varela, 2007: 476, cuns criterios en parte diferentes, o dato que se ofrecía era do 2,5%). Pero esa cifra non nos permite, en si mesma, entender ata que punto é rendible, ou non, a opción abreviativa nos folios de *A*. Quizais mellorariamos a perceptibilidade do valor que ten o recurso abreviativo en *A* se consideramos que, no cancionero, hai ao redor de 43.440 palabras e que, aproximadamente, en sete de cada cen se recorre a algún sinal abreviativo. Mais, para que a cantidade de abreviaturas empregadas resulte interpretable en termos de uso real (nin todas as grafías de *A* nin todas as palabras amosan idéntica permeabilidade aos procedementos abreviativos), cómpre que a comparemos co número total de formas plenas –paralelas ás abreviadas– susceptibles de o seren tamén elas. Só así estaremos en disposición de comprobar a rendibilidade efectiva do recurso abreviativo en *A*. Para conseguirmos iso non temos en conta, neste momento, as siglas e xuntamos nun único grupo os trazos xerais e particulares:

Táboa 22

	Trazos xerais e particulares	Letras sobrepostas	Total
Formas abreviadas	2.683 (16,5%)	156 (10,1%)	2.839 (15,9%)
Formas plenas	13.616 (83,5%)	1.382 (89,9%)	14.998 (84,1%)

Das case 18.000 palabras que en *A* poderían incorporar algunha das tres modalidades abreviativas mencionadas, recorre a elas practicamente o 16% desa cantidade. Como se observa na táboa precedente, son as letras sobrepostas as que acoden nun menor número de ocasións á opción abreviativa (a décima parte), porcentaxe que ascende ata o 16,5% no caso dos trazos xerais e dos signos particulares analizados de xeito conxunto. Se separamos ambas as tipoloxías, descubrimos que tamén hai diferenzas significativas entre elas: todos os exemplos de abreviacións incluídas entre os que denominamos trazos xerais supoñen un pouco máis do 15%; fronte a eles, os casos de abreviacións denominadas signos particulares soben a súa porcentaxe de uso ata algo máis do 21% (máis do dobre do visto para as letras sobrepostas).

Unha vez coñecidos os datos anteriores, tampouco pode faltar nestas conclusións unha referencia á polivalencia relativa dos sinais de abreviación empregados en *A*.

Observemos a recompilación esquemática da táboa seguinte:

Táboa 23

		Valor preferente	Valor secundario	Valor excepcional
Trazos xerais	<̃>	[Sobre vogal]	<n> 936	
		<q>	<que> 533	
		<p>		<pre> 10
		<̃>		<te> 1
		<̃>		<uer> 1, <ue> 1
		<̃>		<zer> 1
		<̃>		<de> 1
		<n>	<non> 5	
		<ño>	<nostro> 14	
		<sca>	<sancta> 5	
	<>	<p>	<per> 246	<par> 16
	<>	<f>	<fer> 18	
	<̃>	<p>	<pro> 33	
Signos particulares	<>	<̃>	<pre> 34	<pe> 1
		<̃>		<zer> 24
		<̃>		<ter> 5
		<̃>		<uer> 5
		<̃>		<der> 1
		<ñ>		<meir> 1
	<>	<d̃>	<deus> 250	
		<̃>		<ber> 3
		<ll̃>		<ller> 1
		<̃>		<er> 1
	<̃>	<̃>	[Átono] <us> (<os>) ¹⁵ 258	[Tónico] <us> (<os>) 15
		<̃>	[Átono] <us> (<os>) 4	
	<>	<>	<e>, <et> 252	
	<>	<>	<con> 1	
Letras sobrepostas	<>	<g>	<gra> 66	<gua> 6
		<̃>		<tra> 14
		<p>		<pra> 1
		<q>		<qua> 19
	<̃>	<q>	<qui> 42	
		<p>		<pri> 6
	<̃>	<̃>		<rre> 1
	<̃>	<̃>		<tro> 1

¹⁵ Cfr. Mariño/Varela (2005: 365-369, sobre todo esta última páxina).

O primeiro que hai que salientar á vista dos tres grandes grupos recollidos na táboa 23 é que os tipos de sinais abreviativos empregados son trece (catorce se engadimos o punto, <.>). Mais, como se pode apreciar na terceira columna da táboa anterior, as súas posibilidades combinatorias fan que esa cifra aumente ata os 35 subtipos finais. Certamente, hai sinais que só presentan unha única combinación (<→, </, <đ, <τ, <Ϸ, <° e <°>), outros admiten un número moderado delas (<′, <9, <″ e <′>), pero son sobre todo dous os especialmente rendibles nas súas posibilidades combinatorias: <¯> entre os trazos xerais (intervén en dez combinacións) e <^> entre os signos particulares (documentase en seis subtipos).

Outro dos parámetros que reflicte a táboa 23 é o valor representado por cada subtipo abreviativo. Os valores non se ofrecen agrupados senón subdivididos en función do seu carácter preferente, secundario ou excepcional. En primeiro lugar, compróbase que, dos grandes tipos abreviativos, o que acumula dous valores preferentes é <¯>: porén, o que si se verifica é que ambos os dous non se concentran no mesmo subconxunto abreviativo. Neste sentido, cómpre subliñar que son maioría (vinte e nove) os subtipos que unicamente posúen un valor, con independencia do seu carácter: en tres casos combinan un valor preferente con outro secundario (<p, <g e <9) e, cun exemplo de cada un, combínanse un valor preferente con outro excepcional (<ṗ>), un valor secundario con outro excepcional (<ṭ>) ou dous excepcionais (<ū>). Ademais de seren poucos, a posibilidade de asignación equívoca dun valor ou outro está totalmente minimizado e son a propia forma abreviada e o contexto en que se insire os que evitan calquera confusión.

A táboa anterior permítenos realizar outra aproximación reflexiva verbo da (non) univocidade nas equivalencias dos diferentes subtipos abreviativos. Son moi poucas as oportunidades en que un mesmo valor se pode manifestar en *A* por medio de dous subtipos abreviativos diferentes. Os únicos casos son os seguintes catro: <pre>, <ter>, <uer> e <zer>. Cada un deles coñece en *A* dúas posibilidades de abreviación e, nas catro parellas, os dous únicos sinais abreviativos que interveñen son <¯> e <^>: <ṗ> e <ṑ>, <ṭ> e <ṭ>, <ū> e <ū>, <ṛ> e <ṛ>, respectivamente. Polo que se refire á preferencia por algún dos subtipos para equivaler ao segmento abreviado, partimos dunha situación de equilibrio con <ṭ> e <ṭ> (54,5%-45,5%), pasamos por unha clara preferencia por unha das opcións con <ṗ> e <ṑ> (22,7%-77,3%) e <ū> e <ū> (16,7%-83,3%), ata chegarmos a unha desproporción evidente no caso de <ṛ> e <ṛ> (4%-96%). Obsérvese que, salvo con <ṭ>, nas outras tres parellas o subtipo con maior número de ocorrencias é sempre o abreviado con <^>.

Se nos fixamos nas formas concretas que se abrevian, verificamos que hai poucas coincidencias:

- $\langle \bar{t} \rangle$ e $\langle \dot{t} \rangle$: Ambos os dous posúen cadansúa forma específica, *meter* para $\langle \dot{t} \rangle$ e *terra(s)* (4) para $\langle \bar{t} \rangle$, e unha compartida: *mester*, con catro exemplos de $\langle \dot{t} \rangle$ (nos fascículos I, II e III₂) e dous de $\langle \bar{t} \rangle$ (no prego I).
- $\langle \bar{u} \rangle$ e $\langle \dot{u} \rangle$: Os cinco exemplos de $\langle \dot{u} \rangle$ documéntanse en *auer*, *auergōnar*, *uerdade* e *uerdad* (2); unha desas mesmas palabras, *uerdade*, é a que se rexistra con $\langle \bar{u} \rangle$. Este vocábulo localízase no inicio do fascículo IV e nese mesmo prego coincide cun dos casos de $\langle \dot{u} \text{dad} \rangle$.
- $\langle \bar{z} \rangle$ e $\langle \dot{z} \rangle$: As 24 ocorrencias do segundo repártense entre catro formas: *dizer* (7), *fazer* (8), *fezer* (3) e *prazer* (6); o único exemplo de $\langle \bar{z} \rangle$ é a forma verbal *fezera*. Este exemplo aparece no caderno XVII, mentres que a última das voces con $\langle \dot{z} \rangle$ se rexistra no primeiro folio do caderno XIV (75r).
- $\langle \bar{p} \rangle$ e $\langle \dot{p} \rangle$: Deixamos para a fin o grupo que presenta máis coincidencias: tanto cun tipo de abreviatura coma co outro a meirande parte das formas documentadas comezan, precisamente, por $\langle \text{pre} \rangle$; no único caso en que isto non se comproba, porque esta secuencia está en posición final, a forma afectada é o adverbio *sempre*. Hai formas do verbo *preguntar* (con $\langle \bar{p} \rangle$: *preguntar*, *preguntar* (2) e *preguntaren*; e tamén con $\langle \dot{p} \rangle$: *preguntaran*), do verbo *prender* ($\langle \bar{p} \rangle$: *prender*, *prendo* e *prendi*; $\langle \dot{p} \rangle$: *prender* (10), *prendesse*, *prendi* e *prendo*), do verbo *prestar* ($\langle \bar{p} \rangle$: *prestar*; $\langle \dot{p} \rangle$: *prestar*) e do xa comentado adverbio *sempre* ($\langle \bar{p} \rangle$: *senpre* e *senpre*; $\langle \dot{p} \rangle$: *sempre* (7), *senpre* (8) e *sēpre*). A maiores, rexístranse con $\langle \dot{p} \rangle$ as formas *preto*, *preito* e *prez*. As ocorrencias de $\langle \bar{p} \rangle$ repártense ao longo de sete fascículos, as de $\langle \dot{p} \rangle$ en nove: só coinciden ambas as dúas en tres, que son os cadernos I, IV e IX; nos pregos II, III, VIII, X e XI unicamente se detecta $\langle \dot{p} \rangle$ e nos cadernos V, VI, XII e XV só se rexistra $\langle \bar{p} \rangle$. Sorprende que, dos cinco exemplos de $\langle \bar{p} \rangle$ que aparecen en pregos en que tamén se rexistra $\langle \dot{p} \rangle$, catro coexistan e compartan face de folio (2r) ou, mesmo, columna (7va, 20rb, 53va).

Recompilamos o reparto de todos estes exemplos por fascículos, agrupando os oito subtipos en dous conxuntos consonte o sinal sexa $\langle \bar{} \rangle$ ou $\langle \dot{} \rangle$:

Táboa 24

	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	XIII	XIV	XV	XVI	XVII	Total
$\langle \bar{} \rangle$ (casos)	22	9	9	6	6	2	3	2	2	2	3	-	1	1	-	-	-	68
$\langle \dot{} \rangle$ (casos)	6	1	-	3	2	2	-	-	1	-	-	1	-	-	1	-	1	18

Non vou estragar a inmensamente valiosa biografía de Xela con un resumo que me deixaría insatisfeito. É fácil atopar o libro *Xela Arias, quedas en nós*, e na parte final, titulada “Un día tiven desexos e cumprinos. Aproximación biobibliográfica”, está contado todo, sen dúbida polo seu meirande admirador, seu pai Valentín. Pero como o meu proxecto, a miña promesa, era falar do galego da literatura da Comarca de Sarria, vou limitarme ao que opinaba do galego de Xela unha autoridade como Méndez Ferrín nun artigo escrito con motivo da morte de Xela: “Naturalmente a opción lingüística de Xela foi polo galego, pro os galegos literarios poden ser varios: desde o que cede rédea lusista pola man dereita ao que a tensa pola esquerda do castrapismo en procura de lectores a baixo prezo. Xela Arias recolleu o galego literario “enxebre”, entendendo a adxectivo no senso de autónomo, noso, patrimonial, nacional-popular. Estudou a lingua na voz dos que falan e tamén na dos que pulan por abandonala sen o dar conseguido; e mais nos libros, na historia e nesa realidade intanxíbel que é a palabra dos mortos que, como ela hoxe, non deixan de nos falar. Tal habelencia foi trasladada pola autora á arte aplicada da tradución, terreo no que brillou e foi notoria”.

Ademais de moitos poemas espallados por revistas, Xela deixounos catro libros poéticos fundamentais, *Denuncia do equilibrio* (1986), *Tigres coma cabalos* (1990), *Darío a diario* (1996), *Intempériome* (2003). Neles está ese galego que tan precisamente define Méndez Ferrín; un galego no que, referíndose ao primeiro poemario publicado, Carmen Blanco subliñaba unha nota persoal innovadora: “Ten certo interese tamén destacar a presenza neste poemario de Xela dunha linguaxe ‘nova’, reflexo dunha ‘nova’ mentalidade sobre a muller. Esta linguaxe non é, desde logo, exclusiva deste sexo, aínda que si sexan algunhas mulleres as que levan a dianteira no que poderíamos chamar proceso de feminización da sociedade, que, por outra parte, non é por hoxe máis que un fenómeno marxinal” (Blanco 2004: 115; e Blanco 1991: 151 ss.). Mais, como ocorre sempre, para falar de lingua dun autor ou dunha autora, non hai cousa mellor que deixarlle que fale: eu doulle a palabra a Xela, para que amose o seu galego no poema “Acompañame”, do libro *Tigres coma cabalos*:

*Son dun tempo
de espectáculos, lanternas e acebeches comigo.
Tamén sei dunha violencia de silencio
en serpe oculta de maligno
que maldigo.*

*Na raia da evidencia -tan ás claras-
eu tributo, distraída dos pans,
cada pedazo entre o noxo das brasas,
no malestar do cotián ese
odioso canibal dos meus ollos.*

*Porque
sei de sereas verdadeiras tamén cantando venenos,
e mais das inmensas prosas do descanso.
Pero é que as miñas zonas
tamén son rostros conxestionados polo traballo.
Maldigo o precio de vida que arrastran,
e fusilo de min a disciplina da ordenanza.
(Arias 1990: sen páxina).*

Deste libro, cun galego moi axeitado á expresión do pensamento da poeta, coa beleza das imaxes propias dunha lingua literaria xa madura, teño que pasar a lembrar polo menos un poema de *Darío a diario* (1996), un libro con dous protagonistas, a poeta Xela Arias e o seu filliño Darío, un bebé de nove meses: a nai fala co fillo, do presente, día a día, e do futuro, e as palabras corren polo verso como as augas polos ríos, craras, transparentes, brillantes, fermosas, feiticeiras, engaiolantes. Como escribiu Aurora López no seu estupendo comentario deste gran libro, “deixa unha fermosa imaxe da poeta, unha nai que ama sen afogar, que deseña un fillo libre, libre de todo e de todos, mesmo libre dela, da súa influencia...” (López 2004: 127):

*Tódolos bebés son tu e ningún coma ti.
Tódolos nenos son tu e ningún coma ti.
Tódolos adolescentes son tu e ningún coma ti.
Tódolos mozos son tu e ningún coma ti.
Tódolos anciáns son tu e ningún coma ti.
Tódalas nais son eu e todas, coma min, saben que es único. (Arias 1996: 15)*

Hai, ademais, o galego das traducións feitas por Xela; eu opino que os tradutores e as tradutoras, como Valentín Arias e a súa filla Xela, senten unha preocupación

persoal pola mellora da lingua que se reflicte despois nas versións que nos fan de obras estranxeiras. Nese aspecto a sarriá de elección, non de nacemento, Xela Arias foi e será sempre, malia a súa curta vida, un exemplo do que Sarria debe sentirse moi orgullosa.

8. Fiz Vergara Vilariño

A máis curiosa variedade da lingua galega da Comarca de Sarria é a que atopamos na poesía de Fiz Vergara Vilariño. No ano 2003, un prestixioso xornalista tamén nado na nosa comarca, Luís Celeiro Álvarez, publicou un extraordinario estudo sobre a vida e a obra do poeta de Santalla de Lóuzara, titulado *Fiz Vergara Vilariño, poeta nos eidos da bremanza* (Celeiro Álvarez 2003). Ali queda dito todo: como aprendeu Fiz o galego na súa terra natal, como o foi mellorando na súa moi temperá entrega á literatura, sobre todo á poética, como o empregou para entenderse, malia que cada vez lle custaba máis traballo que o comprendesen, con mestres literarios como Xesús Alonso Montero, Manuel María, Darío Xohán Cabana, Antón Tovar, Claudio Rodríguez Fer... Pero o galego de Fiz é diferente de todos os galegos: é, como dicía el, o louzariño, o galego de Lóuzara. No libro de Lois Celeiro hai un capítulo titulado “Prontuario lexicográfico louzariño”, que contén cento cinco palabras, todas de Fiz e de Lóuzara. Hai moitas que son preciosas: curiosamente a primeira é tamén de Sarria, pois trátase da palabra “aceña”, que se traduce por “muíño”; todos os que temos certa idade chamamos sempre “as Aceñas” a aquela parte idílica do noso río, que agora lle chaman “as Aceas”. Hai algunhas palabras que non son exclusivas de Lóuzara ou de Fiz; en cambio, moitas outras son descoñecidas, ao menos para Luís Celeiro e tamén para min, fóra dos versos de Fiz, como *arrunfado* (arroutado), *bremanza* (brétema de tristura e desespero), *bulleiroso* (lamacentoso), *caliangro* (abismo, barranco), *claudiar* (asasinar), *embulleirada* (lamacentada), *eshurmido* (esfameado), *tirofeito* (directamente), *xabreira* (sombriza, adxectivo que case sempre vai unido ao topónimo Lóuzara), etc. Hai, pois, moito que estudar sobre a lingua da Comarca de Sarria nesa forma peculiar que se acha nos versos de Fiz Vergara Vilariño.

Para rematar vou relatar unha historia que só saben a miña muller e os meus fillos, moi poucas amizades, e Irene, a irmá de Fiz. Ao comezo do meu pequeno poemario *Apócrifo de Fiz matinado en soños* conto a historia desta maneira (Pociña 2006):

Eu non coñecín a Fiz, nin cheguei a ve-lo na miña vida, malia sermos case veciños. A existencia nunca nos cruzou. Emporiso souben del, xa dende o momento de saír *Pra vós*, un libríño de versos, eso dician, dun rapaz enfermo, de Lóuzara. Todo se sabe nunha aldea coma Santalla, nunha vila coma Sarria,

mesmo nunha cidade-aldea coma Lugo. Lin aquel libro, porque lía todo o que saía en galego, que naquel tempo aínda era ben pouca cousa; teño que busca-lo na casa de miña nai, porque ten que andar por alí. Non me chistou moito, para que imos mentir; pero quedáronme gravados na alma catro versos:

*Vou con vós, veño con vós;
vós vádesme afoutezando,
pregúntovos saloucando:
¿Por qué me fixo isto Dios?*

“Isto” sabíase o que era, en Lóuzara, en Sarria, mesmo no Lugo de Alonso Montero. Eu xa estaba lonxe, mais nunca perdín a Fiz por completo.

Moito tempo despois, xa morto Fiz, recupereino dun xeito estraño, por razóns que non quero contar nin podo. Falamos un día dos versos do “solitario de Lóuzara”, e eu decateime de que para min pasara a ser un perfecto descoñecido. Esa noite veume ver, en soños, neses meus soños, longos, poboados de xentes, cousas e detalles que os volven máis reais que a realidade, e só me pediu que lese os seus libros. Pódese crer esto que conto, ou non, pero é a pura verdade. E lin un tras outro todos os seus libros, todos os seus versos, os que tiña na casa e os que me mandaron, requiridos con toda urxencia, eses dous anacos do meu corazón que se chaman Carmen Blanco e Claudio Rodríguez Fer. E tamén, ás carreiras, Luís Celeiro respondeu á miña petición dun fermosísimo libro que acababa de publicar, *Fiz Vergara Vilariño, poeta nos eidos da bremanza*.

Desde entón volveu Fiz ós meus soños, longos, case sempre en cor, pero tamén en branco e negro algúns, agora sen máis persoas que nós, el e máis eu, agora menos reais, porque eu sabía que eran soños, mesmo antes de saír deles, obrigado, con mágoa. E foi el quen me falou de si, e me explicou os seus versos, deixándoos ceibes desa costra literaria coa que sempre adornamos a sinceridade dos nosos sentimentos, cando nos ocultamos baixo ese disface que que chamamos a poesía lírica.

Eu quixen contar ese Fiz que matinei en seños, cunha presenza onírica, chegada ata min dun xeito imposible, no que non creo en absoluto. E a ese Fiz matinado en soños quixen darlle forma literaria, empurrado pola forza da súa escrita, seducido por ela, e gañado pola amizade dun home que non cheguei a coñecer, pero co que trabeei unha camaradería perdurable grazas ós seus libros e ás súas visitas en soños. Todo foi no derradeiro mes do ano 2003.

Fiz Vergara Vilariño, que foi construíndo a súa existencia con moito amor e moita dor, sen máis argamasa que a palabra, a palabra galega, na súa persoal fala louzariña, deixounos no derradeiro poema dun dos seus libros máis fermosos, *Pastora de sorrisos* (Vergara Vilariño 1993: 98-98), esta lección de amor na palabra:

*Fálalle ó labrego con amor;
fálalle ó mariñeiro con amor;
fálalle a todos con amor;
con moito amor;
con moito amor;
con moito amor.*

*Que as túas verbas ateiguen de amor
o peito das xentes sinxelas,
das xentes tristeiras e humildosas,
das xentes desamparadas na noite dos séculos.*

*Que os teus beizos lle ensinen ó pobo
esta razón madurada no meu corazón
dende o principio,
esta razón inxel e pequena:
“Tan só o amor é revolución”.*

*Porque vivimos nunha patria maceirada
á forza de aldraxes
e nos afundimos na bosta social ata o cocote:
e confiamos ser tan uteis
coma o pan centeo e as gamelas,
loitemos por facer realidade a miña razón,
ergamos a nosa voz senlleira e berremos:
“¡Tan só o amor é revolución!”.*

*Porque temos milleiros de irmáns
a sufriren lonxe da terra.
e outros tantos andan descalzos entre as ondas,
e outros tantos furgan a diario
no terrón duro e escravo,
ergamos a nosa voz ós catro ventos e berremos:
“¡Tan só o amor é revolución!”.*

*Que tendo amor abondo, loitando con amor;
amando e sintíndonos amados,
non compren máis armas cas palabras nías
para construírmos unha patria
enchida de pan e traballo,
e galos noviños a proclamaren
a xusticia dende os cataventos.*

*Aprende, Bolboreta, estes versos,
grávaos rexamente no corazón e na memoria,
e mañá cedo viste o traxe de romeira e campesiña,
e sae ós camiños
a sementar a miña mensaxe con amor
con moito amor,
con moito amor,
con moito amor.*

No remate do meu libro *Apócrifo de Fiz matinado en soños*, eu atrevínme a poñer en labios de Fiz este poema que vou copiar de seguido (Pociña 2006: 59), como se fose seu, e podo xurar que me dixo, no penúltimo dos soños en que falamos os dous, que lle gustara:

*Nin unha bágoa, naiciña,
por este corpo que non paga a pena.
que amou moito,
que xamais foi amado.*

Nin unha bágoa, naiciña, prégocho.

*Nas noites de verán azuis con lúa
olla cara ó Cebreiro
e aquela estrela que escintila
son eu, o Fiz, que está a saudarte.*

* * * * *

Esta miña achega á lingua da Comarca de Sarria vai dedicada con todo o meu afecto ao meirande escultor que deu a Vila de Sarria nos nosos días, Pepe García Fuentes (1940-2010), émulo ímpar de Gregorio Fernández, unha persoa que me quería moito, e que eu quería e quero moito.

Referencias bibliográficas

- Alonso Montero, X. (1974): “Veiga Arias, Amable”, en *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXX, p. 8 (Gijón: Silverio Cañada editor).
- Alonso Montero, X. (1994): “Marcial en Triacastela”, *La Voz de Galicia* 8-5-94, IV.
- Arias, V. (ed.) (2004): *Xela Arias, quedas en nós* (Vigo: Edicións Xerais de Galicia).
- Arias, X. (1990): *Tigres coma cabalos* (Vigo: Edicións Xerais de Galicia).

- Arias, X. (1996): *Darío a diario* (Vigo: Edicións Xerais de Galicia).
- Blanco, C. (2004): “A denuncia do equilibrio”, en V. Arias (ed.), *Xela Arias, quedas en nós*, pp. 111-116.
- Blanco, C. (1991): *Literatura galega da muller* (Vigo: Edicións Xerais de Galicia).
- Campo, M. (1992): *Treas as portas do rostro* (A Coruña: Bahía Edicións).
- Celeiro Álvarez, L. (2003): *Fiz Vergara Vilariño, poeta nos eidos da bremanza* (Lugo: Fundación Caixa Galicia).
- Díaz Fuentes, A. (1998): *Toponimia de la Comarca de Sarria* (Lugo: Diputación Provincial).
- Gonsar, C. (1995): *Arredor do non* (Vigo: Edicións do Cumio).
- López, A. (2004): “Unha nai fóra de sospeita: Xela Arias en *Darío a diario*”, en V. Arias (ed.), *Xela Arias, quedas en nós*, 121-128.
- López, A. (2008): “Una madre fuera de sospecha: Xela Arias en *Darío a diario*”, en A. López, *De Safo a Alfonsina. Las mujeres en su literatura y en la masculina*, 263-271 (Sevilla: ArCiBel Editores).
- López Arias, X. L. (2004): “Do *Xeliña fala galego á Xela*”, en V. Arias (ed.), *Xela Arias, quedas en nós*, 17-18.
- López Villarabid, V. (1995): *Sarria* (León: Editorial Everest).
- Marcial (1999): *Epigramas*. Introducción Dulce Estefanía. Traducción Amable Veiga Arias. 2 vols. (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia e Editorial Galaxia).
- Méndez Ferrín, X. L. (1995): “Prólogo” a Camilo Gonsar, *Arredor do non*, 7-9 (Vigo: Edicións do Cumio).
- Méndez Ferrín, X. L. (2004): “No pasamento de Xela”, en V. Arias (ed.), *Xela Arias, quedas en nós*, 78-79.
- Pociña, A. (2006): *Apócrifo de Fiz matinado en soños* (Sada - A Coruña: Edicións do Castro).
- Pociña, A. (2007): “Xela Arias, superación constante”, en *Tecer con palabras. Mulleres na poesía en castelán, galego e portugués*, 295-300 (Santiago de Compostela: Edicións Correo). (Despois en V. Arias (ed.), *Xela Arias, quedas en nós*, 105-110).
- Pociña, A. (2012): “Novas reflexións sobre *O paxaro na boca* (1952) de Luz Pozo Garza”, en AA. VV., *Sementar para os que veñan. Homenaxe a Camiño Noia*, 237-254 (Vigo: Univ.).
- Vergara Vilariño, F. (1993): *Pastora de sorrisos* (Lugo, Sons Galiza).
- Vilavedra, D. (1995): *Diccionario da Literatura Galega. I. Autores* (Vigo: Editorial Galaxia).
- Xiz, X. et alii (1994) : *Autores lucenses actuais* (Lugo: Deputación Provincial).

Aproximación ás variacións de xénero, número e función dos pronomes persoais en galego e romanés

Sonia Sobral Vázquez
Universidade de Vigo

Resumo:

Os estudos de gramática contrastiva co galego e o romanés como obxecto de investigación aínda non teñen unha tradición no campo da filoloxía. Nestas coordenadas de escaseza realizamos o presente artigo afonda nas diverxencias de xénero, número e función entre o sistema pronominal galego e o romanés na obra *Os outros feirantes / Alți țirgoveți* de Álvaro Cunqueiro.

Palabras chave:

Pronomes persoais, galego, romanés, lingüística comparada, gramática contrastiva.

Sumario:

1. 0. Introducción. 1. Corpus. 2. Aproximación teórica ós pronomes en galego e romanés. 2.1. Serie tónica. 2.2. Serie átona. 3. *Pronomes semellantes* en galego e en romanés. 3.1. Atonicidade / tonicidade. 3.2. Función. 3.2.1. Suceso. 3.2.2. Complemento directo. 3.2.3. Complemento indirecto. 3.2.4. Complemento prepositivo. 4. Número. 5. Outros. 6. Conclusións. 7. Referencias bibliográficas.

Variations in gender, number and function among personal pronouns in Galician and Romanian

Abstract:

Contrastive grammar studies with Galician and Romanian as an analysing object do not have a tradition in Philology yet. We have done this article which goes into detail about gender, number and function divergences in Os outros feirantes / Alți țirgoveți de Álvaro Cunqueiro.

Key words:

Personal pronouns, Galician, Romanian, Linguistics, Contrastive grammar.

Contents:

0. Introduction. 1. Corpus. 2. Theoretical approach to the study of pronouns in Galician and Romanian. 2.1. Tonic pronouns. 2.2. Atonic pronouns. 3. Similar pronouns in Galician and Romanian. 3.1. Atonicity and tonicity. 3.2. Function. 3.2.1. Subject. 3.2.2. Direct object. 3.2.3. Indirect object. 3.2.4. Prepositional object. 4. Number. 5. Other. 6. Conclusions. Bibliography.

0. Introducción

Os estudos de gramática contrastiva que teñen nun dos seus polos o galego aínda non contan cunha gran tradición entre nós. Así, na base de datos bibliográfica BILEGA inclúese no seu tesouro a epígrafe “161 estudos contrastivos galego/...” e unicamente inclúe (20 de maio de 2013) 126 títulos. Entre eles hai bastantes que contrastan o galego coa lingua portuguesa, algúns co italiano, co inglés, con outras linguas peninsulares ou romances..., pero hai unha ausencia absoluta de traballos que estuden contrastivamente galego e romanés de xeito directo. Nestas coordenadas de escaseza realizamos a devandita tesíña da cal o presente artigo é unha adaptación.

A investigación parte dun corpus dunhas 50.000 palabras, das que extraemos 1.631 entradas dobres, en galego e romanés, incorporadas nunha base de datos con máis de quince parámetros. A estrutura do traballo está dividida en catro grandes bloques: *pronomes idénticos* (678 casos, 41,5%), aqueles pronomes que se documentan no orixinal e teñen o seu equivalente na tradución; *pronomes semellantes* (215 casos, 13,1%), aqueles pronomes que se documentan no orixinal e tamén na tradución pero con pequenos matices que os diferencian como o xénero, a función ou o número; *pronomes só en galego* (258 casos, 15,8%), aqueles pronomes que se documentan no orixinal pero que non aparecen na tradución; *pronomes só en romanés* (480 casos, 29,4%), aqueles pronomes que non se documentan no orixinal pero si aparecen na tradución. No presente artigo partimos soamente do segundo bloque, o menos produtivo, pero o máis significativo, xa que a través destes exemplos podemos apreciar variacións de xénero, número e función que se producen á hora de afrontar unha tradución do galego ó romanés.

Ao seren galego e romanés linguas de orixe latina gardan entre si moitas semellanzas no paradigma pronominal. Freixeiro Mato (2006) na súa *Gramática da lingua galega* subliña que “os pronomes son grupos de palabras que carecen dun contido semántico concreto, que non teñen unha significación constante” e –continúa– “do punto de vista morfolóxico, a maior parte dos pronomes son palabras variábeis por admitiren flexión de xénero e número” (Freixeiro Mato 2006: 117-118). A mesma definición atopamos en Iliescu (2005: 61): “Pronumele este partea de vorbire flexibilă ca reține locul unui substantiv, dând și diverse indicații gramaticale cu privire la aceasta”¹. Desta maneira, os dous sistemas presentan palabras que se flexionan en xénero (*el/el, ela/ea*) e número (*eles/ei, elas/ele*).

1 Os pronomes son a parte flexible do discurso que substitúe a un substantivo, dando tamén diferentes indicacións gramaticais con relación a este [tradución propia].

Prosegue Freixeiro Mato indicando que “Desde o punto de vista semántico [os pronomes] constitúen unha clase de palabras gramatical, pois forman un inventario ou grupo fechado. Non indican nocións ou conceptos como os nomes, senón que o seu significado é referencial ou relacional ao se referiren ás persoas gramaticais” (Freixeiro Mato 2006: 117). E en Dindelegen lemos que “Pronumele sunt forme (substitute) care își procură referința fie din situația de comunicare (pronumele cu utilizare deictic), fie din contextul lingvistic (pronumele cu utilizare anaforică), fie își iau orice valoare din domeniul de discurs (pronumele cu referință variabilă)”² (Dindelegen 2010: 236). É necesario indicar que en romanés existen substantivos neutros, de maneira que ó faceren referencia a un substantivo neutro este pronome adopta unha forma correspondente. Tamén en galego podemos atopar restos deste xénero neutro nos que aparecería o pronome átono masculino, mentres que en romanés é a forma feminina³.

Mais a diferenza fundamental é a declinación por casos que conserva o romanés. Na lingua balcánica encontramos os cinco casos herdados do latín: nominativo, vocativo, acusativo, xenitivo e dativo, que se dan no paradigma tónico e átono. O nominativo corresponde ás formas tónicas de suxeito do galego (*eu/eu, ti/tu, el/el, ela/ea, nós/noi, vós/voi, eles/ei, elas/ele, min/mine*), mentres que as formas oblicuas teñen unha morfoloxía diferente do caso que rexe o verbo: en xenitivo a frase preposicional *de el/lui, de ela/ei, de eles e de elas/lor*; en acusativo as formas oblicuas para indicar complementos prepositivos (*min/mine, ti/tine*); en dativo para indicar o complemento indirecto (*a min/mie, a ti/tie, a el/lui, a ela/ei, a nós/nouă, a vós/vouă, a eles e elas/lor*); o vocativo constitúeno as formas residuais *tu* e *voi* que non se rexistraron no corpus.

1. O corpus

Bugarín fornece trazos para caracterizar un corpus no seu dicionario de frecuencias (2007: 16): a) os datos lingüísticos: os materiais poden ser dunha tipoloxía variada: un idioma ou varios; datos orais e/ou escritos; distintos niveis diatópicos, diastráticos, diafásicos, etc; b) a representatividade: parece evidente que o corpus ten que ser un exemplo-tipo e que da súa análise se extraerán informacións que logo poderán aplicarse a nivel xeral; c) finalidade: un corpus constitúe unha ferramenta útil para

2 Os pronomes son formas (substitutas) que adquiren referencia ora da situación comunicativa (pronomes con uso deictico), ora do contexto lingüístico (pronomes con uso anafórico), ora toman calquera valor do campo do discurso (pronomes de referencia variable) [tradución propia].

3 O pronome átono “o” pode ser tamén agramatical en estruturas coma “o țin sus” ou “o țin mort”.

extraer información de todo tipo, pero, se o que se pretende é información sobre aspectos moi determinados como, por exemplo, o comportamento lingüístico dun grupo de falantes, hai que telo presente á hora de deseñar a inclusión dos materiais lingüísticos; d) xestión informática: é evidente que aínda que os primeiros estudos baseados en corpus non estaban ligados á informática hoxe en día esta pasa a ser unha característica básica.

Segundo isto, o noso corpus dende o punto de vista lingüístico basearíase en materiais en dous idiomas, galego e romanés, e de procedencia escrita: *Os outros feirantes* de Álvaro Cunqueiro e a súa tradución ó romanés *Alți tîrgoveți* de Christian Ionescu. O trazo da representatividade “é o máis definitorio xa que marca a diferenza entre un repertorio de datos lingüísticos e un corpus” (Bugarín 2007: 16); consonte o anterior, cremos que o corpus é o suficientemente amplo, cunhas 50.000 palabras do ámbito da literatura en prosa, para permitírnos chegar a unhas conclusións. A finalidade —o terceiro trazo—, tras a información extraída da comparación do orixinal galego coa súa tradución ó romanés, é axudarnos a comprender os mecanismos intrínsecos de cada lingua e atopar, así, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas romances. Por último, a informática, grazas ó programa de xestión de bases de datos Access de Microsoft, foi clave para implementar este estudo.

Pero é necesario afondar máis no primeiro trazo —os datos lingüísticos— e o proceso de constitución do corpus. Dende o primeiro momento en que se decidiu elaborar a investigación non foi doado atopar as fontes. A primeira intención era elaborar un corpus variado: obras galegas traducidas ó romanés e obras romanesas traducidas ó galego. Porén, o acceso a estes exemplares foi moi complicado. Supuxo unha andaina por diferentes institucións sen resultados moi positivos: no ILG figuraba no depósito a tradución de *Memorias dun esquelete* pero foi imposible acceder á obra. O Consello da Cultura Galega conta cun glosario de obras traducidas do galego a outros idiomas. Tres obras de Úrsula Heinze aparecen no devandito glosario (*Marea, Despartire* (*O mar, Separación*)⁴, *Fetita de aur* (*A nena de ouro*)⁵ e *Vinivata de asasinat* (*Culpable de asesinato*)⁶) e de Neira Vilas (*Amintira anui copil de țara* (*Memorias dun neno labrego*)⁷). Porén, estas obras non están no seu depósito e non fomos quen de achalas por outros medios. Tamén encontramos algunhas antoloxías

4 Heinze, Ursula (1992): *Marea, Despărțire*. Trad. Tudora Sandru en “Confidencias”, en *Luceafărul* nº 26, București.

5 Heinze, Ursula (1993): *Fetiță de aur*. Trad. Tudora Sandru en Editura Coresi, București.

6 Heinze, Ursula (1998): *Vinovată de asasinat*. Trad. Mihaela Ghitescu. București: Editura Univers.

7 Neira vilas, X., (1995): *Amintira anui copil de țară*. Trad. Ion Faiciu. București.

ou escolmas con poemas soltos e grazas ó programa Meiga⁸ demos co conto infantil *O porco encantado* dentro da colección do “Rato Pérez” de Xerais; non obstante, este conto xunto cos poemas soltos non serían o suficientemente representativos e romperían a cohesión do corpus por tratárense de xéneros diferentes –poético e prosa infantil– e, sobre todo, por seren moi breves. Finalmente, optamos por centrarnos na obra de Cunqueiro e a súa tradución *Alți tîrgoveji*; unha soa obra de prosa de ficción é suficientemente representativa (unhas 50.000 palabras) e coherente cos nosos obxectivos para a investigación.

A obra orixinal coa que traballamos, *Os outros feirantes* de Álvaro Cunqueiro, pertence á serie *Semblanzas* e foi publicada por Galaxia en 1980 (a edición utilízase nesta investigación é a do ano 1996). O título da tradución en romanés é *Alți tîrgoveji*; foi publicada en Cluj-Napoca na editorial Clusium en 1995 e traducido por Christian Ionescu.

A obra está composta por 49 relatos curtos (as siglas que aparecen despois de cada exemplo identifícanse con cada un deles), todos dunha extensión similar, pero con diferente número de pronomes en cada un e nos que o pouso da oralidade é común a todos. Responden ó estilo habitual de Cunqueiro e relatán situacións imaxinarias en que os personaxes e feitos fantásticos son os seus protagonistas.

A media de pronomes por relato en galego é de 23,4 mentres que en romanés é de 28; isto débese a que o número de pronomes é maior en romanés ca en galego (1373/1151). Entre os contos atopamos algúns que se afastan moito desta media, por baixo: *A tía Remedios (TR)* con 10 exemplos (4 lemas: *el, lle, o, os*), *Manuel Suárez (MS)* con 11 (6 lemas: *a, el, lle, o, os, si*), *Bastián de Cornide (BC)* con 12 (5 lemas: *a, el, eles, lle, me*) ou *Ramiro da Barca (RB)* con 13 (4 lemas: *el, lle, lles, o*). E por riba: *O corvo Estanislao (CV)* con 46 exemplos (14 lemas: *a, as, che, el, elas, eu, lle, lles, me, min, o, os, te, ti*), *Fuco de Pedrosa (FP)* con 41 (11 lemas: *a, as, comigo, el, ela, eu, lle, lles, me, o, os*) ou *O partiquino Ramírez (PR)* con 40 (10 lemas: *as, el, ela, elas, eu, lle, lles, me, o, te*).

Na tradución ó romanés tamén atopamos contos que se afastan da media de 28 pronomes. Algúns deses contos coinciden cos do galego: *Manuel Suarez (MS)* con 16 exemplos (5 lemas: *el, i, îi, îl, o*) ou *Ramiro a lui Barca (RB)* con 14 (5 lemas: *el, i, îi, îl, o*) e *Lamego din Mouriz (LM)* con 14 (6 lemas: *el, eu, îi, îl, le, lui*). Noutras ocasións hai contos que superan en moito a media: un caso excepcional é *Balbina din Furcitura (BF)* con 64 exemplos (10 lemas: *ea, ei, i, îi, îl, le, o, te, tine, vă*) e tamén aqueles contos que son moi produtivos en galego coma *Corbul Stanislav (CV)*

8 Programa de catalogación de tódolos exemplares das bibliotecas públicas de Galicia: <http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/PresentacionProxectoMeiga.aspx>.

e *Fuco din Pietroasa* (FP) con 54 e 51 respectivamente. No primeiro 14 lemas –o máximo que aparece nun conto–: *el, ele, eu, îți, îi, îi, îmi, le, lui, mă, mine, o, te, tine*; e no segundo 11 lemas: *ea, el, ei, eu, îi, îl, îmi, lui, mă, mine* e *o*.

Deducimos, entón, que cando no orixinal hai poucos casos o mesmo sucede na versión romanesa, con algunha excepción coma *BF*; que a maior número de exemplos maior número de lemas e viceversa; que nos contos con menos exemplos os pronomes pertencen exclusivamente á P3, mentres que a maior variedade de lemas (con pronomes da P1, P2, P4 ou P5).

Estes 49 contos deron lugar á 1.631 fichas na base de datos elaborada. Entre as 50.221 palabras totais (24.547 en galego e 25.674 en romanés), documéntanse 3.262 oracións e 58 lemas pronominais (23 en galego e 25 en romanés), que son os seguintes en orde de frecuencia decrecente: *lle, îi, îl, o, o* (rom.), *el* (rom.), *el, le, a, me, i, ea, eu, a, eu* (rom.), *îmi, os, mă, lles, ei, lui, as, te, che, ele, îți, mine, vă, te* (rom.), *eles, elas, min, ti, si, tine, li, tu* (rom.), *mi, noi, ne, vos, comigo, contigo, elo, nós, nos, vostede, ție, dumnevoastră, lor, vi* e *vouă*.

2. Aproximación teórica ós pronomes en galego e romanés

2.1. Serie tónica

Nas dúas linguas contamos cunha serie tónica e outra átona. Coas seguintes táboas podemos observar con maior claridade a clasificación en galego e romanés:

Persoa	Suxeito	Formas oblicuas			
		Libres		Ligadas	
		Non refl.	Refl.	Non refl.	Refl.
1ª	eu	min		comigo	
2ª	ti, vostede			contigo	
3ª	el/ela		si		consigo
4ª	nós			connosco	
5ª	vós/ vostedes			convosco	
6ª	eles/elas		si		consigo

Táboa 1º

9 Extraída de Freixeiro Mato (2006: 122).

Persona /caso	N	X	Ac.	Dat.	V
1ª	eu	-	mine	mie	
2ª	tu	-	tine	ție	tu!
3ª masc.	el	lui	el	lui	
3ª fem.	ea	ei	ea	ei	
4ª	noi	-	noi	nouă	
5ª	voi	-	voi	vouă	voi!
6ª masc.	ei	lor	ei	lor	
6ª fem.	ele	lor	ele	lor	

Táboa 2¹⁰

O romanés presenta no paradigma flexión de xénero e número. Ten tres xéneros diferenciados: masculino, feminino e neutro, mais no paradigma non existe unha flexión específica para este último. Para solucionar esta eiva, a lingua resólveo do seguinte modo, na *Gramatica limbii română (GAR)* (2005: 187): “formele de singular ale substantivelor neutre sunt reprezentate în discurs prin formele de singular masculin ale pronumelor variabile în raport cu genul, iar formele de plural ale substantivelor neutre sunt reprezentate în discurs prin formele de plural feminin ale pronumelor variabile în raport cu genul”¹¹. Deste modo a forma P3 de masculino e a P6 de feminino poden representar tamén o neutro. Nos seguintes exemplos podemos velo máis claramente, no primeiro *pluma/toc* e no segundo *terra/pământ*, ambos neutros:

- (1) **A pluma**, ao decatarse de que Manuel ollaba pra **ela**, volveu ao seu sitio na escribanía (*FE*, 2) // **Tocul**, dîndu-și seama că Manuel se uita la **el**, sări la locul lui, în trușă. (*FS*, 2).
- (2) ... e toda a vida miña paseina voando sobre **as tuas propiedades**, e ganando a vida **nelas**. (*CE*, 3) // toată viața mi-am petrecut-o zburînd deasupra **pămînturilor** tale și din **ele** mi-am scos traiul. (*CS*, 3).

Respecto á flexión do número, o paradigma divídese en singular e plural na *GAR* (2007:186): “categoria gramaticală a numărului exprima opoziția unicitate / multiplicitate prin două valori: singular / plural. La pronumele personale propriu-zise, categoria numărului are semnificație specială la persoanele I și II-a – plural inclusiv. Pronumele personale de persona a III-a, precum și pronumele nepersonale preiau numărul de la nominalul pe care îl reprezintă în discurs, ca o forma de reconstituire neechivocă a legăturii referențiale dintre proformă și cuvântul pe care aceasta îl

10 Creación propia.

11 As formas de singular dos substantivos neutros están representadas no discurso a través das formas do singular masculino dos pronomes variables en relación co xénero, mentres que as formas de plural dos substantivos neutros están representadas no discurso a través das formas de plural feminino dos pronomes variables en relación co xénero (tradución propia).

evocá”¹². Con isto, recoñecemos que a estruturación en seis persoas do singular e plural é a mesma en galego e romanés, aínda que a P6 non se obtén ao engadir unha -s á forma de singular, senón que o romanés presenta unha forma diferenciada (*eu / nós // eu / noi, ti / vós // tu / voi, el / eles // el / ei, ela / elas // ea / ele*).

Con todo, existen tamén diferenzas fundamentais entre os dous paradigmas. O romanés conserva o sistema de casos do latín, feito que o fai único dentro do conxunto das linguas románicas, na GAR explícase do seguinte modo (2007: 188): “Ca și la substantiv, cazul exprimă raporturile sintactice (relațiile de combinare) care se stabilesc între cuvinte în cadrul propoziție. De aceea, pronumele nu preia cazul de la termenul pe care îl evocă în discurs, ci se înscrie într-un sistem propriu de relații pe axa sintagmatică. Identitatea de caz între pronume și nominalul substituit este doar o coincidență”¹³. Mentres que o galego presenta as mesmas formas para a función de suxeito, complemento indirecto ou complemento prepositivo, agás *min* e *si* e as fomas ligadas (*comigo, contigo*, etc.), o romanés presenta un sistema complexo e rico con cinco casos: nominativo con función de suxeito; xenitivo introducido por unha preposición con función de complemento do nome, prepositivo ou posesivo; acusativo introducido por unha preposición con función de complemento directo ou complemento prepositivo; dativo con función de complemento indirecto; vocativo con función de aposición. En consecuencia, cando o galego presenta unha única forma o romanés ten dúas ou incluso tres na P2 (*min / mine, mie; ti / tu, tine, ție; el / el, lui; ela / ea, ei; nós / noi, nouă; vós / voi, vouă; eles / ei, lor; elas / ele, lor*). Nos seguintes exemplos podemos velo con maior claridade:

- (3) Todos miraron **pra min**, pero eu podía probar que o día... (*PS*, 4) // Toți se uitară **la mine**, însă eu puteam dovedi că în ziua... (*SPA*, 4).
- (4) ¡Pro polo menos esta noite desixame durmir **contigo** coa gorra posta! (*CL*, 4) // Însă cel puțin noaptea asta, lasă-mă să dorm **cu tine** cu șapca pusă! (*CL*, 4).
- (5) A vaca parouse **dianțe del** e o señor Cosmede apeóuse pra atendela. (*CP*, 4) // Vaca se opri **dinaintea lui** și domol Cosmede descălecă s-o îngrijească. (*CP*, 4).
- (6) Sí, era **un ovo dela**, igoal aos que puxera noutrora. (*BF*, 10) // Da, sigur că da, era **oul ei**, la fel ca acelea pe care le făcuse altădată. (*BF*, 9).

12 A categoría gramatical do número expresa a oposición univocidade/multiplicidade grazas a dous trazos: singular/plural. Para os pronomes persoais propiamente ditos, a categoría do número ten un significado especial na 1ª e 2ª persoas, plural incluído. Os pronomes persoais da 3ª persoa, así coma os pronomes non persoais toman o número do nome ó que representan no discurso, coma unha maneira de reconstitución inequívoca das conexións referenciais entre a proforma e a palabra que evoca (tradución propia).

13 Coma no substantivo, o caso expresa as relación sintácticas (as relacións de combinación) que se establecen entre palabras dentro da frase. Por iso, o pronome non toma o caso do termo que evoca no discurso, senón que se inscribe nun sistema propio de relacións no eixo sintagmático. A identidade de caso entre o pronome e o nominal substituído é simplemente unha coincidencia.

- (7) quizaves o garañón xa sabía falar **como nós** (*PF*, 6) // armăsarul învătase poeate a vorbi **ca pe la noi** (*PI*, 5).
- (8) Pareceuvos (a vós) que dixo esso, pro diría outra cousa! (*LM*, 3) // Vi s-a părut **vouă** că a zis asta, însă trebuie să fi spus altceva! (*LM*, 3).

No que respecta á colocación do pronome tónico nas dúas linguas hai unha tendencia á posposición, no caso do galego nun 60% e no caso do romanés nun 63%, practicamente a mesma cifra. Este comportamento débese ó gran número de complementos prepositivos que se sitúan despois do verbo e a mobilidade do suxeito¹⁴.

As formas tónicas de acusativo e dativo poden ir precedidas dunha preposición simple, composta ou locución prepositiva; en galego os pronomes prepositivos tamén van introducidos por preposicións ou locucións prepositivas, coma por exemplo: *con* (cu), *en* (în), *para* (pentru) e *de* (de) –as máis produtivas en ambos os dous idiomas.

As formas tónicas de dativo documéntanse na BD para enfatizar o CI a través da reduplicación. Aparecen un total de oito exemplos en romanés (catro en galego) con esta característica onde se duplica: *ție, el, lui* (4), *vouă* e *ei*.

2.2. Serie átona

Coas seguintes táboas podemos observar de maneira máis precisa a clasificación dos pronomes pertencentes á serie átona:

Persoa		Non refl.		Refl.
		Dat.	Ac.	
1ª		me		
2ª		che	te	
3ª	Masc.	lle	o, -lo, -no,	se
	Fem.		a, -la, -na	
4ª		nos		
5ª		vos		
6ª	Masc.	lles	os, -los, -nos	se
	Fem.		as, -las, -nas	

Táboa 3¹⁵

14 Debido á limitación de páxinas, non é posible afondar nas diferenzas respecto á colocación dos pronomes en ambas as linguas. Deixaremos para sucesivos artigos o estudo deste aspecto.

15 Extraída de Freixeiro Mato (2006: 122).

Persoa/caso		Ac.	Dat.
1ª		mă, mă-, -mă, -mă-, m-, -m-	îmi, mi, mi-, -mi, -mi-
2ª		te, te-, -te, -te-	îți, ți, ți-, -ți, -ți-
3ª	Masc.	îl, l-, -l, -l-	îi, i, i-, -i, -i-
	Fem.	o, o-, -o, -o-	îi, i, i-, -i, -i-
4ª		ne ne-, -ne, -ne-	ne, ni, ne-, -ne, -ne-, ni, -ni-
5ª		vă, vă-, -vă, v-, -v-	vă, vi, vă-, -vă, v-, -v-, vi, -vi-
6ª	Masc.	îi, i-, -i, -i-	le, li, le-, -le, -le-, li-, -li-
	Fem.	le, le-, -le, -le	le, li, le-, -le, -le-, li-, -li-

Táboa 4¹⁶

Do mesmo xeito que existe o paradigma tónico, tamén temos o paradigma átono con formas de acusativo e dativo nas dúas linguas. O paradigma átono romanés é tamén rico e complexo, e por iso, cómpre destacar a súa complexidade, xa que unha mesma forma pode representar funcións diferentes, ó ser de acusativo ou dativo. O resto das formas son equivalentes nos dous idiomas. É interesante subliñar que tamén teñen a distinción acusativo/dativo da P2: *te/te, che/iți*. Destacamos os moitos alomorfos que son consecuencia das diferentes posibilidades combinatorias con outros elementos da oración, que responden a diferentes leis fonéticas. Outra característica do paradigma romanés é a diferenza entre formas libres e autónomas, estas últimas (*mi, ni, vi, li*) aparecen no momento en que se interpón entre o verbo e o pronome outra palabra, que adoita ser un pronome reflexivo, pero tamén un pronome átono de acusativo ou algúns adverbios. Existe tamén no presente paradigma a forma de dativo ético equivalente ó noso dativo ético, o dativo con valor neutro e o acusativo con valor neutro.

Unha diferenza básica entre os dous sistemas é a colocación do pronome. Neste apartado é onde ambas as linguas se diferencian claramente. Mentres que en romanés o 93% dos pronomes átonos son proclíticos ó verbo en galego o 60% son enclíticos. Observamos que a posición do pronome é máis rixida en romanés, aínda que tamén hai casos nos que o pronome vai enclítico, coma nas subordinadas adverbiais de xerundio, entre outras. No caso do galego a mobilidade do pronome é máis ampla e este pode aparecer anteposto nas oracións subordinadas, por exemplo. A anteposición non mediata tamén é posible en romanés grazas ás formas autónomas, mentres que en galego, sendo posible, unicamente contamos cun caso noso corpus:

16 Creación propia.

- (9) Un día o cabalo díxolle a Alberte que non **lle non gustaba** que lle chamasen Moro, e que millor sería que lle buscasse un nome máis decente (CA, 2).

Como se pode observar, o exemplo de Cunqueiro é prototípico: nunha completiva de CD con *que* interpólase entre o clítico, *lle*, e o verbo o adverbio que en máis ocasións adoita ocupar ese lugar, o adverbio *non* (cfr. Sánchez Rei 1999).

Vexamos entón as regras que rexen a colocación do pronome átono en romanés. Na GAR (2007:202): “Poziția cliticelor în raport cu termenul regent este fixă și depinde de calitatea morfologică a acestuia. Când termenul regent este un substantiv sau o prepoziție, cliticile sunt întotdeauna postpuse. Când termenul regent este un verb, cliticile sunt de obicei antepuse, dar pot fi și postpuse”¹⁷. Así, os pronomes poden ir:

- Antepostos ó verbo (e auxiliares):

- (10) Bătrînul **îi făcea** cocoșului confidente și... (PH, 3) // Peleteiro **facíalle** confidencias ao galo, e... (PB, 3)

- (11) Eu **l-am cunoscut** cînd împlinise deja patruzeci de ani și era proprietar... (NA, 1) // Eu **conocino** cando xa cumprira os corenta e era dono... (NA, 1)

- Entre o morfema móbil e o verbo. O morfema móbil *să* non ten función sintáctica en romanés e na nosa BD aparece no 10% das oracións. Estes son os seguintes contextos nos que podemos velo:

- En oracións subordinadas substantivas, polo que o pronome nas dúas linguas vai anteposto:

- (12) Acesta le **ceru** celor doi prieteni **să-i dea** monedele false drept cadou, că tot nu le servau de nimic și în plus, scăpau și de așa belea (ZS, 8) // Éste **pedíulles** aos dous amigos **que lle regalaran** os pesos falsos que non lles servían pra nada e ademáis quitábaos de disgustos como aquel (VS, 8).

- (13) Pielaru nu **vrú să-i taie**... (PH, 2) // Peleteiro non **quixo que os matasen**... (PB, 2)

- No que en galego se coñecen como perífrases e en romanés non sempre son recoñecidas como tal, senón como oracións subordinadas. No primeiro caso a perífrase *trebuie să* e no segundo caso o verbo conxugado *a vedea* introducido polo verbo *a duce*:

17 A posición dos clíticos en relación co termo rexente é fixa e depende da calidade morfolóxica deste. Cando o termo rexente é un substantivo ou unha preposición, os clíticos van sempre pospostos. Cando o termo rexente é un verbo, os clíticos van xeralmente antepostos, pero tamén poden ir pospostos.

- (14) **Trebuiră să-l ducă** să se odihnească o vreme la balmucul din Conxo (*AS*, 9) // **Tiveron que levalo** a descansar unha tempada a Conxo. (*AS*, 9)
- (15) **se duse să-l vadă** și să afle cum fu afacerea (*PG*, 5) // **foi a velo** a enterarse cómo fora o choio (*EB*, 4)
- o que en galego son oracións subordinadas de infinitivo, o morfema móbil *să* introduce un novo verbo pero conxugado:

(16) ... și Pielaru **hotărî să-l ia** să doarmă în odaia lui (*PH*, 2) // ... e Peleteiro **decidiu levalo** a dormir á sua habitación (*PB*, 2)

(17) și atunci mătușa Remedia **venea să-l mîngîie** (*MR*, 2) // ... e entón a tía Remedios **acudía a aloumiñalo** (*TR*, 2)
 - Despois do verbo, cando o verbo é un imperativo ou un xerundio. No noso corpus dos 63 casos nos que o pronome está posposto ó verbo en máis do 70% se debe a que está presente unha forma de xerundio, mentres que o imperativo é moi residual:

(18) şuiera un scaun, **zicîndu-i** să se așeze in altă parte... (*AS*, 4) // asubiáballe unha silla decíndolle que se sentase noutra parte... (*AS*, 4)

(19) Tăcută și tare drăgăstoasă, mereu îi cerea lui Bastian: **Povestește-mi ceva nou!** (*BC*, 1) // Era mui aloumiñadora e caladiña, e sempre lle estaba decindo a Bastián: **Cóntame algo de novo!** (*BC*, 1)
 - O pronome clítico P3 feminino *o* está posposto ó verbo cando o verbo está en pretérito perfecto composto ou coa forma condicional debido á eufonía; na nosa BD o pronome ten 150 ocorrencias e tan só o 8% se atopa nesta situación:

(20) Cînd **am cunoscut-o** eu, pergea pe șaptezeci de ani, era o bătrînică țanțoșa... (*MC*, 1) // Cando eu **a conocîn** andaba polos setenta e era unha velliña mui erguida... (*MP*, 1)

(21) ... el **ar face-o** milionară (*AP*, 2) // ... que el faría millonaria a Anxeliña (*AP*, 2)

Ademais, os clíticos poden estar separados do verbo por un número limitado de semiadverbios: *mai*, *tot*, *și*, *cam*, etc. No corpus 75 pronomes son antepostos non mediatos ó verbo, a meirande parte por causa dun pronome reflexivo, en menor medida por outro pronome clítico e soamente nun 7% aproximadamente por causa dun adverbio:

- (22) Pe Fuco, care îi **cam ridica fustele** asturiane... (*FP*, 2) // Fuco, que **andaba erguëndolle as faldas** á asturiana... (*FP*, 2)

- (23) Dacă nimereste, comorii **nu-i mai rămîne nimic de făcut** decît să se predea și să-l urmeze pe descoperitor (*RP*, 2) // Si o mouro acertata, entón o tesouro **non ten máis remedio** que seguir ao acertante (*LP*, 2)
- (24) Însă părinții îl învinovăteau că face pe el **și uneori îl și plesneau** (*XR*, 1) // Os pais acusábano de ter mexado por si, e algunha vez **chegaron a pegarlle**. (*XR*, 1)

Outra característica senlleira do paradigma pronominal átono romanés é a variedade nas ligazóns que presentan os pronomes. Na táboa 4 podemos observar que os pronomes presentan un guión diante, detrás ou ambos os dous, incluso pode desaparecer a vogal e permanecer soamente a consoante. Isto débese ós fenómenos fonéticos de acomodación coas palabras veciñas, é dicir, cando a palabra posterior ou anterior remata ou comeza respectivamente por vogal o pronome únese a elas a través dun guión que representa esa unidade gráfica e fonética. O seu equivalente en galego serían as contraccións coas preposicións ou entre os propios pronomes. Existen xa que logo dous tipos de clíticos: libres (*libere*) (con dúas realizacións, con ou sen *i* protético: caso dativo: *mi/îmi, ți/îți, i/îi, ne/ni, vă/vi, le/li*; caso acusativo: *mă, te, îl, o, ne, vă, îi, le*) e conxuntos (*conjuncte*) (caso dativo: *mi, ți, i, ne, v, le*; caso acusativo: *me, te, l, o, ne, v, i, le*). Os primeiros conservan o estatus silábico, mentres que os segundos se agrupan con outra palabra formando unha sílaba ó lado desta. Na presente BD existen 426 casos de pronomes conxuntos, é dicir, o 31% dos átonos forman estatus silábico con outras palabras. Aproximadamente o 80% van pospostos (*-i* (ac. 12: dat. 127), *-l* (136), *-o* (46), *-mi* (17), *-le* (3), *-ți* (4)) e o 20% antepostos (*i-* (ac. 3, dat. 45), *l-* (20), *mi-* (5), *m-* (3), *-ți* (2), *le-* (1), *v-* (1), *te-* (1)). Observamos entón que o pronome da P3 de dativo *îi* cos seus alófonos *-i* e *i-* é o que máis veces conforma grupo silábico; seguido da P3 de acusativo masculino *îl* e os seus alófonos *-l* e *l-* e a P3 de acusativo feminino *o* pero soamente posposto; o resto dos pronomes, excepto a P1 de dativo *-mi* e *mi-* con 22 ocorrencias, son moi residuais.

Porén, cómpre destacar cales son os contextos concretos para que un pronome se converta en *conxuntivo*, a qué palabras pode unirse:

- Con formas léxicas do verbo, o pronome aparece unido a un xerundio en 37 ocasións:

- (26) Vaca estătea în bătătura casei, ofilită rău și **curgîndu-i balele**... (*CP*, 4) // A vaca estaba na eira, mustia e **babeando**... (*CP*, 4)
- (27) **lăsîndu-l** bîlbîit (*PG*, 7) // **volvëndoo** tatexo (*EB*, 6)

- Con verbos auxiliares:

(27) ... uite cît **l-au ținut** năbădăile pe episcopul de Lugo! (*LM*, 7) // ... mira o **que lle durou a rabexa** ao bispo de Lugo (*LM*, 6)

- Con outros pronomes, o pronome combínase con outro pronome persoal en 53 ocasións: *i-l* (*llo*), *i-o* (*lla*), *mi-l* (*mo*), *ți-o* (*cho*), *v-o* (*volo*), e son as dúas primeiras contraccións as máis produtivas, ou con outros pronomes, coma o relativo *care* ou o reflexivo *își*, etc.:

(28) Văduvul elvețian **i-l dădu Rosei** să-l repare (*RM*, 3) // O suizo viudo **doulo a Rosa** para que o reparara (*RM*, 3).

(29) Cel de la prăvălie **i-o împachetă frumos**, cum se cade pentru un cadou și... (*CL*, 4) // **Envolveulla** o da tenda pra regalo e... (*CL*, 4)

(30) ... avea acea pată roșie... **care-i rămase** pentru toată viața (*CL*, 3) // tiña... aquela mancha roxa... **que lle durou** toda a vida (*VC*, 3)

Convén explicar agora cales son as regras sintáctico-fonéticas que rexen a combinación de dous pronomes átonos. En primeiro lugar, o dativo precede o acusativo; en segundo termo, o pronome de dativo sempre vai ser (*mi*, *ți*, *i*, *ni*, *vi*, *li* ou con guión *mi-* no caso de contraérense); finalmente, dous clíticos agrúpanse obrigatoriamente formando unha sílaba cando o clítico de acusativo comeza por vogal.

- Con algúns adverbios: *și* (*e*), *nu* (*non*), etc.:

(31) **Și-mi povestiră** că umbla nebun să găsească pe cineva... (*NA*, 3) // **E contăronme** que andaba como tolo buscando quen... (*NA*, 3)

(32) pureci... temîndu-se să **nu-i** îmbolnăvească și să moară (*PL*, 1) // porque tiña medo de que enfermasen e morresen. (*PB*, 1)

- Con conxuncións, a conxunción *să* que serve para introducir oracións substantivas (*que*), en oracións finais (*para*), perífrases (*de*, *que*), un verbo en infinitivo dependente de outro que non é unha perífrase (vid. ex. 20), etc.:

(33) ... **îmi ceru să-i citesc** ceva (*FP*, 3) // ... **pedîume que lle lése** algo (*FP*, 3)

(34) ... **să-l arăte** prin târgurile din Palas de Rei și din Monterroso (*LM*, 3) //... **pra ensinalo** polas feiras de Palase de Rei e de Monterroso (*LM*, 3)

(35) **nu uită să-l mai întrebe** dacă o muiere care avea un pretendent... (*CL*, 2) //...**non deixou de preguntar** si unha muller que tiña un pretendent... (*VC*, 2)

Con outras categorías gramaticais coma substantivos, adxectivos, algúns numerais e preposicións, pero dos cales non temos ningún exemplo na BD.

Na *GAR* (2007:204) expóñense as regras gramaticais polas que os pronomes deben formar un grupo fonético ou non. É obrigatorio cando:

- a) Un dos termos veciños é un auxiliar que comeza por vogal ('nu l-am vazut' / 'nu-l am vazut'* / 'non o vin').
- b) O clítico vai posposto ó verbo en imperativos e xerundios (cfr. ex. 26).
- c) Hai dous clíticos seguidos, un de dativo e outro de acusativo (cfr. ex. 29).

É opcional cando se trata de lingua literaria escrita ou en estilo solemne.

Outras características do paradigma átono romanés son as estruturas sintácticas especiais:

- O redobro do pronome de dativo e de acusativo. Mentres que o galego si contempla esta primeira opción (ex: *tróuxelle a Xiana o agasallo*), a segunda dáse en contextos marcados, nomeadamente cando hai focalización do CD (ex: *o can comprouno onte*). Na *GAR* (2007:206): "Cliticul, numit de dublare, intră în lanțuri clitice la distanță, în care complementul direct / indirect este dublu exprimat"¹⁸ e "dublarea complementului direct / indirect se face după reguli care combină criterio sintactice, cu criterio morfologice, semantice și pragmatice"¹⁹. O CD reduplicase nunha subordinada adxectiva aparecendo o pronome relativo e o pronome átono en máis de 70 ocasións ocasións:

- (36) Fuco își lăsa **slujba pe care o avea** și se ascunse în casa unui vecin (*FP*. 2) (*Fuco deixa o traballo o cal o tiña)

O pronome de acusativo masculino *il* aparece redobrado en calquera tiploxía oracional en máis de 80 exemplos, a forma de feminino *o* en 50, mentres que a forma de dativo *ii* en 114 ocasións, xa que logo a reduplicación non está ligada a ningún caso en concreto:

- (37) **Îl** vedeam mereu **pe Ghervase**, cu o țigara lipită de buza (*SP*, 6) // eu vin sempre **a Xervasio** cun cigarro apegado ao beizo. (*LP*, 7)

18 O clítico, nomeado de "dublare", entra nas cadeas clíticas a distancia, na que o complemento directo/indirecto está dobremente expresado.

19 O dobramento do complemento directo/indirecto realizase segundo regras que combinan criterios sintácticos cos criterios morfolóxicos, semánticos e pragmáticos.

(38) *și-i dădu regelui lapte de măgăriță (FR, 3) // e púxolle ao monarca o leite de burra. (FR, 3)*

- O dativo posesivo e acusativo posesivo son estruturas sintácticas que conteñen un clítico de dativo ou acusativo con significado posesivo. O dativo é a estrutura habitual para expresar a posesión, mentres que o determinante posesivo se utiliza para enfatizar. Temos dous exemplos en toda a BD:

(39) ... de pildă, acesta ar fi zis, **văzîndu-mi semnătură** (BC, 5) // poño por caso, **éste ao ver a miña firma** había decir (BC, 5)

(40) .. și a cunoaște pe unul cu șase degete însemna **că-ți cunoști un văr** sau un nepot (XL, 3) // e conocer un seis dedos sería **conocer un primo** ou un sobriño (XL, 3)

O acusativo fai sempre referencia a partes do corpo (*Mă mănâncă urechea* [pícame a orella]). Non hai ningún exemplo na BD.

- Do dativo ético só se documentan a P1 e P2 e indican a participación afectiva do locutor no relato ou a implicación do que está a escoitar, do mesmo modo que sucede en galego. Non temos exemplos na BD xa que non cumpren función sintáctica. Outra característica é o acusativo con valor neutro da P3 feminino singular *o* que aparece en construcións verbais, por exemplo *o lua la goană* significa “botarse a correr” ou *o ținea morțiș* “insistir moito”:

(41) ...și, rîzînd la hohote în hohote, **o luă la goană** spre Palas. (RG, 3) // ...

(42) Străbunicul lui Ramiro **o ținea morțiș că trebuie să aștepte** iezii, iar străinul că era grăbit și că trebuie să-l treacă de îndată. (RB, 2) // O bisabó de Ramiro **erre que erre que țîna que agardar** polos cabritos, e o forasteiro que țîna presa e que țîna que pasalo axiña (RB, 2).

3. Pronomes semellantes en galego e romanés

O bloque *pronomes semellantes* é o bloque menos produtivo dos catro e supón o 13,1% do total. Como xa dixemos, neste grupo incluímos os casos nos que o pronome galego e o pronome romanés son semellantes pero non idénticos, de aí que non estean inseridos no bloque *igualdade*. Para podermos enxergar as características que posúen estes exemplos, empregaremos cinco parámetros nos que se incluírán os 215 casos e, daquela, será posible entender os motivos da semellanza entrambas as linguas:

- 1) Atonicidade / tonicidade
- 2) Xénero
- 3) Función
- 4) Número
- 5) Outros:
 - Omisión verbo
 - Frase feita
 - Verbo diferente

Os 215 pronomes están distribuídos en galego en 36 tónicos e 179 átonos, entre os primeiros atopamos sete pronomes: *el* (15), *ela* (11), *elas* (4), *eles* (2), *eu* (2), *ti* (1) e *min* (1); entre os segundos nove: *lle* (87), *o* (31), *a* (22), *os* (19), *me* (5), *lles* (5), *te* (4), *as* (3), *che* (2) e *nos* (1). No caso do romanés documentamos tamén 36 pronomes tónicos: *el* (12), *ea* (11), *ei* (4), *ele* (3), *mine* (2), *eu* (1), *tine* (1), *lui* (1) e *lor* (1); e 179 átonos: *il* (96), *o* (26), *le* (23), *îi* (19), *te* (5), *mă* (5), *i* (2), *îți* (1), *ne* (1) e *li* (1).

3.1. Atonicidade / tonicidade

Neste parámetro incluímos os casos nos que hai distinción pola tonicidade e atonicidade entre as dúas linguas. O 15,8% dos pronomes pertencentes a este bloque teñen este rasgo diferenciador. Polo que se refire ás equivalencias, a variación é equilibrada pois atopamos o mesmo número de pronomes persoais tónicos galegos que son átonos en romanés e de pronomes persoais átonos en galego que son tónicos en romanés, 17 en cada un. Na seguinte táboa obsérvanse as equivalencias dos tónicos galegos cos átonos romaneses:

	<i>mă</i> (CD)	<i>te</i> (CD)	<i>il</i> (CD)	<i>o</i> (CD)	<i>îi</i> (CI)	<i>le</i> (CD)
<i>min</i> (Cprep)	1					
<i>ti</i> (Cprep)		1				
<i>el</i> (Cprep)			3	1	3	
<i>el</i> (S.)			1			
<i>ela</i> (Cprep)			2	2		
<i>eles</i> (Cprep)					1	1
<i>elas</i> (Cprep)						1

Táboa 5

Á luz dos datos da táboa anterior, compróbase que a forma de P3 masculina *el* é a máis produtiva. Documentáanse sete casos nos que *el* actúa como complemento prepositivo e 1 como suxeito en galego, mentres que na tradución, co cambio na estrutura sintáctica, hai tres pronomes diferentes e, deles, o pronome de acusativo en función de CD *îl* rexístrase en catro ocasións:

- (43) si o deixaba ou **seguía con el** (VC, 2) // *îl lăsa ori îl urma* (CL, 2)

o pronome de dativo en función de CI *îi* aparece en tres:

- (44) cando o lobo, un grande lobo, vello e enemigo, **apareceu diante del** (FL, 3) // *cînd lupul, un lup mare, bătrîn și dușmănos, îi apăru în față* (FL, 3)

e hai un caso co pronome de acusativo feminino *o*:

- (45) e sacou un espello de man. **Botou nel o alento** e limpou co cóbado, e despois mirou: (MP, 1) //...o oglindă de mină. **O aburise cu suflarea**, o ștersese cu cotul, privise apoi în ea și-i zisese: (MC, 1)

A P3 de feminino en función de CPrep documentámola en catro ocasións, dúas co pronome de acusativo feminino *o* e outras dúas co de masculino *îl* polo que tamén está inserido no trazo explicativo de cambio de xénero:

- (46) Pro **tendo lontra fresca , comía dela**, asada, despois de tela un par de días adobada con allo, vinagre, pimentón e loureiro (RT, 1) // *Însă carnea proaspătă de vidră o mînca friptă*, dupa ce o lăsa două zile la dospit în usturoi, oțet, boia de ardei și foi de dafin (RT, 1)

A P6 en masculino e feminino aparece en tres ocasións e a P1 e P2 cun único caso cada unha, co pronome *min* como prepositivo e o equivalente *mă* coma CD e o prepositivo *ti* e o equivalente romanés *te* en CD.

Convén destacar que todos os exemplos, agás un, son no orixinal galego complementos prepositivos, semella, pois, fóra de toda dúbida a pertinencia deste parámetro: é indiscutible que o galego é especialmente permeable ás estruturas prepositivas con pronome tónico (cfr. cos exemplos precedentes, algún deles tipicamente transitivos como *comer de*), mentres que o romanés opta nestas circunstancias por un pronome persoal átono en función de CD en 13 dos 17 exemplos.

Agora ben, o sinalado no parágrafo precedente cómpre complementalo necesariamente co que ocorre cos pronomes persoais átonos galegos que teñen como equivalente un pronome persoal tónico en romanés. Na seguinte táboa observamos a distribución:

	mine (Cprep)	tine (Cprep)	el (S.)	el (Cprep)	ea (Cprep)	ei (Cprep)	ele (S.)
me (CD)	1						
te (CD)		1					
o (CD)				3			
a (CD)				1	5		
os (CD)						1	1
lle (CI)			1	1	1		
lles (CI)						1	

Táboa 6

A P3 é a persoa máis produtiva, con 12 exemplos, é dicir o 70,5%. O pronome de acusativo feminino *a* é o que aparece en máis ocasións có equivalente romanés de pronome tónico feminino *ea* en función de Cprep:

- (47) ... e costou traballo atopar a receta. **Cando a recolleron**, o chefe da estación puido lerlle ao paisano: “Tiene mal aliento...” (CP, 3) // **Cînd dădură peste ea**, șeful stației putu să-i citească țăranelui: “Răsuflare urît mirositoare...” (CP, 3)

O pronome de dativo *lle* aparece en tres ocasións, un co equivalente tónico en función de suxeito *el*, e outros dous en función de Cprep (*el* e o feminino *ea*):

- (48) **Tiveron que botarlle man** e metelo nun saqueto (PB, 4) // **Trebuiră să pună mîna pe el** și să-l bage într-un sac (PH, 4)

Os pronomes da P1 e a P2 tamén son moi pouco frecuentes na serie átona, cun exemplo cada un. Nos dous casos son CD que teñen o equivalente en romanés en función de CPrep. A meirande parte dos pronomes átonos en galego desempeñan a función de CD e teñen o seu equivalente na tradución coa forma tónica en función de Cprep (o esperable para un pronome persoal tónico), agás en dúas ocasións que realizan a función de suxeito:


- (49) ... e que delambos tiñan a cabeza da mesma redondez, e que **si lle probaba unha** e lle servía, que tamén lle serviría ao capitán (CL, 3) // cum amîndoi aveau capul de aceeași măsură, **dacă proba el una** și i se potrivea, atunci îi venea bine și capitanului (CL, 3)
- (50) ... e de **cómo atopalos** (RP, 3) // ... și **cum fi ele descoperite**. (RH, 3)

É importante comprobar, xa que logo, que os pronomes persoais tónicos en romanés tampouco rexeitan a opción prepositiva como complementos prepositivos en contextos en que no orixinal galego se parte dunha estrutura transitiva aprepositiva, o

que semella responder, en consecuencia, a cuestións de rexencia verbal ou, tamén, estilísticas.

3.2. Xénero

A distinción por xénero é o segundo rasgo máis produtivo, despois de *función*, con 78 exemplos, é dicir o 36,2%. Na seguinte gráfica comprobamos as posibles combinacións coas cifras correspondentes:



Gráfica 1

Temos, por unha banda, o bloque ‘masc. gal. / fem. rom.’ con maior número de ocorrencias, 27 en total; por outra parte, os bloques ‘masc. gal. /neutro rom.’ e ‘fem. gal. /masc. rom.’ con 22 e 20 ocorrencias respectivamente, e xa moi afastado, con nove exemplos o ‘fem. gal. / neutro rom.’.

Destacamos o feito de que o xénero masculino é mais produtivo có feminino (49 vs. 29), algo lóxico se temos en conta que o número de pronomes masculinos é moi superior ó de pronomes femininos como vimos vendo ó longo do traballo.

Nas seguintes táboas analizaremos cada un dos grupos, nas que veremos os pronomes en galego coas equivalencias en romanés.

Na presente táboa vemos os 22 casos nos que o pronome é masculino en galego e neutro en romanés:

	te	îl	o	îi	le
te	1				
eles				1	1
o		9		1	1
os					4
lle		1	1	2	

Táboa 7

Documentamos dous únicos exemplos con pronome tónico *eles*, a P6 en función de Cprep co equivalente romanés en CD:

- (51) Colleu os doce **ovos e deitou á choca con eles** (BF, 2) // Strînse cele douăsprezece **ouă** și i **le puse dedesubt** (BF, 2)

O resto do exemplos, o 91,4%, pertencen á serie átona. O pronome da P3 *o* é o máis documentado con once casos, seguido da P6 *os* con cinco. O primeiro ten o seu equivalente cos pronomes de acusativo *il* en nove ocasións e con *le* nunha única circunstancia, na que ademais tamén está no plural (polo que o incluimos en *número*), tamén o pronome *îi* de dativo conta cun exemplo:

- (52) ¿Nin **un taco de xamón?**... ¡Nin **cheiraló!** (PR, 5) // Nici **o țandără de jambon?**... Nici **să-l miroase!** (FR, 8)
- (53) E cáseque sin decatarse ollaba pra os **ovos** con tenrura, aloumiñabaos, e a algún **bicouno** (BF, 3) // Și aproape fără să-și dea seama începu să privească **ouăle** cu dragoste, le mîngîia și pe unele **le și sarura** (BF, 2)

A P6 de acusativo *os* ten o seu equivalente na forma de acusativo *le* en todos os casos, agás nun coa forma de acusativo neutro en singular *o*:

- (54) Asubiábanlle a Amadeo os **caixóns da mesa**, que **os abrise con máis coidado** (AS, 5) // Îl șuierau pe Amadeo **sertarele mesei**, cerîndu-i **să le deschidă cu mai multă grijă** (AS, 5)

Na seguinte táboa recóllense os 27 exemplos que pertencen ó grupo ‘masc. gal. / fem. rom.’:

	<i>te</i>	<i>ea</i>	<i>ele</i>	<i>le</i>	<i>o</i>	<i>ne</i>
<i>te</i>	2					
<i>el</i>		3			1	
<i>o</i>					8	
<i>os</i>			1	10	1	
<i>nos</i>						1

Táboa 8

O 85% deles son, en galego, pronomes átonos en función de CD, dos cales case a metade pertencen á P6, *os*, que se traducen ó feminino *le* en todas as ocasións excepto nunha na que tamén cambia a función (suxeito) co pronome *ele* e outra na que aparece o pronome polo feminino en singular. A muda de xénero está motivada, no seguinte exemplo, polo substantivo *palleiro* / *șură*, que é masculino en galego, pero feminino en romanés:

- (55) cambiou de lugar os **dous paleiros** que tiña, **poñéndoos asegurados nun alto...** (LM, 2) // schimbă cele **două şuri de paie**, **punându-le la loc mai ferit de primejdie** (LM, 2)

O mesmo acontece nalgúns casos da P3, *o*, co equivalente feminino, *o*, porque a referencia léxica remite a *bigote* (masc.) / *mustaşa* (fem.):

- (56) Antes de casarse díxolle a Benita que **o bigote** o deixara porque llo pedira a asturiana, pero que si ela quería **que o afeitaba** (FP, 2) // Înainte de nuntă îi zise Benitei că **mustaşa** şi-o lăsase la cererea asturiane, însă, dacă ea dorea, **şi-o putea rade** (FP, 2)

Cos poucos exemplos de P2 *te* e P5 *nos*, nos que, obviamente, o xénero non está explicitado formalmente, sabemos do cambio polo contexto.

O 13,4% dos pronomes persoais tónicos están representados co pronome en función de CPrep *el* que ten como equivalente o pronome *ea* en tres ocasións e o pronome de acusativo *o*, polo que tamén inserimos este último no rasgo de diferenza por función:

- (57) Por poucos cartos, Novagildo mercou **o violín** que fora do cego de Alvite e **adeprendeu nel dabondo** pra acompañar... (NA, 2) // Cu puţine parale, Novagildo cumpără **vioara** care rămăsese de la orbul din Alvite şi **învăţase la ea destul** ca să-şi ţină hangul la istorii de omoruri... (NA, 2)

O xénero feminino en galego documéntase en 29 ocasións, é dicir o 38,1%, das cales 20 teñen xénero masculino e 9 xénero neutro en romanés. Na seguinte táboa podemos ver as equivalencias de ‘fem. gal. / masc. rom.’:

	<i>el</i> (Cprep)	<i>ei</i> (Ac.)	<i>lor</i> (X.)	<i>îl</i>	<i>îi</i>	<i>i</i>	<i>li</i>
<i>ela</i>	1	1		2			
<i>elas</i>			1				
<i>a</i>	1			9			
<i>as</i>				2			
<i>lle</i>					1	1	1

Táboa 9

Comprobamos que o 22,7% son pronomes tónicos representados coa P3 e P6 feminina en función de CPrep. Os seus equivalentes en romanés son en tres ocasións Cprep (*el*, *ei* e *lor*) e en dúas CD (*îl*) –que estarán tamén incluídos na diferenciación por función. Algúns exemplos son:

- (58) e que todas as mañás fixera **unha cura de plumada** que consistía en ter ésta diante do nariz, ben fixa, e **ollando pra ela unha media hora** (MS, 2) // iar în fiecare dimineață să facă **tratamentul cu firul de plumb**, pe care, ținându-l nemișcat în dreptul nasului, **trebuia să-l privească fix o jumătate de ceas** (MS, 3)
- (59) Agora, tamén si, comezaban a asubiarlle as **personas, cando estaba de costas a elas** (AS, 6) // Iar acumă, începuseră să șuiere chiar și **oamenii, cînd stătea la spatele lor** (AS, 6)

Á serie átona pertencen 17 casos, é dicir, o 77%, unha porcentaxe elevada pero non tanto se a comparamos cos outros bloques, nos que os casos de pronomes tónicos eran aínda menos. Por outro lado, soamente se documenta a P3 coa forma de acusativo singular *a* e a de dativo *lle* e a P6 coa forma de acusativo *as*. As formas de acusativo en función de CD teñen o seu equivalente en romanés coa forma de acusativo en función de CD *îl* en todos os casos, excepto nun que aparece un Cprep con *el*:

- (60) **Agarrouna como puido**, e ao fin... (MS, 1) // **Trase de el cît putu** și, în sfîrșit... (MS, 1)
- (61) ... xerra chea de **papas de arroz. requentounas e papounas** de merenda (CE, 6) // ...terciul de orez. **Îl încălzi și-l mîncă** la prînz (CS, 6)

As tres documentacións da forma de dativo resólvense en romanés coas formas tamén de dativo nas mesmas ocasións: *îi*, *i* e *li*. Evidentemente, os pronomes non indican o xénero, pero coñecémolo polo contexto:

- (62) O ambulante falaba en varias linguas diferentes, afirmando que si **á sua clientela lle parecían caros os xogos de cama**, que... (FC, 1) // Ambulantul vorbea în cîteva limbi diferite, zicînd că dacă **onorăților clienți li se păreau scumpe garniturile**, el putea vinde ... (FG, 1)

O bloque máis residual é o que pertencen ós pronomes que son femininos en galego e neutros en romanés, localizamos nove casos coas seguintes equivalencias:

	<i>el</i> (Cprep)	<i>ele</i> (Cprep)	<i>îl</i>	<i>le</i>
<i>ela</i>	3			
<i>elas</i>		1		
<i>a</i>			4	
<i>lle</i>				1

Táboa 10

Cómpre lembrar que en romanés o pronome neutro en singular ten a forma de masculino singular, mentres que no plural ten a forma feminina plural (cousa nada sorprendente porque a marca do neutro latino era para nominativo e acusativo, precisamente, *-a*). Neste bloque o 44,4% pertencen á serie tónica, é a primeira vez que documentamos unha porcentaxe tan alta co parámetro explicativo do xénero. As formas de P3 *ela* e P6 *elas* realizan a función de Cprep tanto no orixinal coma na tradución. No exemplo 137 localizamos o substantivo feminino *terras* co seu equivalente neutro *pământ*:

- (63) ... e toda a vida miña paseina voando sobre **as tuas propiedades**, e **ganando a vida nelas** (CE, 3) // ... toată viața mi-am petrecut-o zburînd **deasupra pământurilor tale și din ele mi-am scos traiul** (CS, 3)


Os pronomes da serie átona correspóndense coa P3 de acusativo *a*, co equivalente en romanés *îl* tamén en función de CD e a forma de dativo *île*, pero que, en realidade, debería ser *îles* —é este un descoido gramatical, que non se produce en romanés no número— coa forma neutra de dativo *le*. Os substantivos que interveñen nos exemplos 185 e 186 son, respectivamente *pluma* / *toc* e *cousas* / *lucru*:

- (64) Pola noite seguinte, **a pluma** volveu traballar **sin que ninguén a vira** (FE, 3) // În noaptea următoare, **tocul** se puse din nou pe treabă, **fără să-l vadă** și să-l audă nimeni (FS, 3)
- (65) ... pro coidou que millor sería **darlle algo ás cousas** pra que... (AS, 6) // însă cugetă că mai bine ar fi ca acesta **să le dea ceva lucrurilor** ca să înceteze cu șuieratul (AS, 6)

3.3. Función

O trazo diferenciador de función é o que ten maior rendibilidade no bloque *seme llantes*, xa que dos 215 exemplos que pertencen a este bloque, 130 posúen esta diferenza, isto é, o 60,4%. Das catro funcións que desempeñan os pronomes neste bloque (suxeito, CD, CI e Cprep), o CI é o que maior diverxencia provoca. En 86 ocorrencias o pronome en galego está en CI mentres que en romanés aparece en CD, causado pola rexencia en acusativo dalgúns verbos coma *a întreba* / *preguntar*, *a durea* / *doer*, *a asculta* / *escuitar*, *a invața* / *aprender*, *a costa* / *custar*, etc. O CD, con 23 ocorrencias, supón o 17,6% e presenta o equivalente romanés en función de CI ou Cprep. O Cprep supón o 13% e na maioría das ocasións o pronome ten a

función de CD. O suxeito é a función con menos diverxencia, tan só 4 casos que representan o 3%. A distribución que acabamos de deseñar obsérvase mellor na gráfica seguinte:



Gráfica 2

3.3.1. Suxeito

Como se acaba de sinalar, a función de suxeito é a menos rendible do bloque *se-mellantes*, documentamos 7 casos en galego e 6 en romanés que supoñen arredor do 3%. Deses sete exemplos en galego hai catro que en romanés non presentan a mesma función. O pronome P3 da serie tónica en masculino *el* trasládase coa función de CD *il*, de CI *lui* e de Cprep *el* en romanés, mentres que o pronome feminino *ela* desempeña a función de Cprep *ea*. Este cambio débese maiormente a cuestións estilísticas máis que sintácticas:

- (66) e que **el tiña polas máis sabrosas** do mundo (FP, 1) // să-și ia din pomul din grădină câteva portocale, **pentru el, cele mai gustoase din lume** (FP, 1)
- (67) Pro unha noite, cando xa se metera na cama, veulle ao maxín **que si dos ovos que ela puxera saíran pitos** era que fora galeada (BF, 4) // Însă într-o noapte, după ce se băgă în pat, îi veni în minte gândul **că dacă din ouăle făcute de ea ieșiseră pui**, asta însemna că fusese călcată de cineva (BF, 3)

3.3.2. Complemento directo

O CD aparece en 81 ocorrencias en galego no bloque *semellantes* e destas 23 diverxen en romanés. As formas P1 *me* e P2 *te* presentan o seu equivalente da serie tónica e realizan a función de Cprep:

- (68) Un día atopoume nun café (SR, 3) // Într-o zi, dădu peste mine într-o cafenea (SR, 3)
- (69) ¡Fai un mes que te atopo en todas partes! (CE, 2) // Se face o lună de când dau peste tine în toate părțile! (CS, 2)

Convén subliñar que nos dous casos aparece o verbo *atopar* co sentido engadido de casualidade, nestes casos no romanés emprega o verbo *a da* co Cprep introducido coa preposición *peste*, que significa “dar con alguén”.

Os pronomes de P3 documentámoslos en 19 ocasións: 11 a forma masculina *o* e 8 a feminina *a*. O pronome masculino aparece en romanés coa forma de dativo *îi* e *i* en función de CI en todos os casos excepto en tres, o pronome tónico *el* desempeña a función de Cprep:

- (70) Pedro, en agradecimento ao veterinario por esta axuda, **agasallouno cun pipote de viño** tinto da súa colleita (PB, 1) // Pedro, drept mulțumire pentru acest ajutor, **îi dăruî veterinarului un butoiș de vin** negru din recolta lui (PL, 1)
- (71) Cando alguén de Guitiriz... **Piñeiro iba despedilo á estación** (PF, 2) // Când cineva din Guitiriz... **Pineiro se ducea la gară să-și ia rămas bun de la el** (PI, 2)

O verbo *agasallar* aparece en catro ocasións co equivalente *a da* en romanés, posto que o verbo galego non existe como tal, senón que se emprega *dar* que rexe CI. Noutros casos o verbo que se utiliza en romanés rexe outra estrutura, por exemplo, o verbo *despedirse* en romanés é *a-și lua rămas bun* que rexe Cprep introducido pola preposición *de*.

A forma de feminino *a* documéntase en oito oportunidades e non presenta a mesma tendencia cá forma masculina, xa que practicamente todos os exemplos pertencen á serie tónica en función de Cprep cos pronomes *ea* e *el*, mentres que os dous átonos son a forma de dativo *îi* como CI (obsérvese que as formas que están en masculino tamén se inclúen no trazo diferenciador de xénero):

- (72) Pro don Felicio finouse **sin estrenala** (FE, 1) // Însă don Felicio murise fără să apuce **să se mute în ea** (FS, 1)

- (73) ... e **a deixaba por heredeira** da tenda... (RM, 2) // **și-i lăsa moștenerie atelierul...** (RM, 2)

O pronome de P6 masculino *os* presenta nos dous únicos casos o verbo *agasallar*, do que xa vimos supra o seu equivalente en romanés e o seu comportamento.

3.3.3. Complemento indirecto

O complemento indirecto é a función que maior diverxencia amosa no bloque *se-mellantes*. Das 98 ocorrencias con CI en galego, 86 teñen unha función diferente en romanés, practicamente todas elas a de CD, agás en tres ocasións Cprep e nunha suxeito. A forma P3 *Ile* aparece en 77 ocasións co equivalente acusativo masculino *îl* en 62 e o feminino *o* en 12 (a forma de dativo non achega xénero pero sabemos polo contexto cal é, mentres que a de acusativo en romanés si explicita o xénero, polo que comprobamos que o xénero masculino é máis recorrente có feminino). Tamén se atopan tres casos con equivalentes da serie tónica: *el* en dúas ocasións e *ea* nunha:

- (74) Carlos quedouse pensativo **cando eu lle asegurei que...** (SR, 5) // Carol rămase cam pe gânduri **cînd eu l-am asigurat că...** (SR, 5)
- (75) O Eufemio abrazaba nela e **dáballe bicos** (CL, 7) // Eufemie o strîngea în brațe și **o săruta** (CL, 7)

O pronome de P6 *lles* aparece en catro ocasións con moita heteroxeneidade todos eles pertencentes á serie átona, excepto un *ei* que funciona como Cprep. Os pronomes átonos todos de acusativo *îi*, *îl* e *le* tamén están inseridos noutros trazos coma o de número e xénero:

- (76) buscaba o xeito **de preguntarlles qué tal** era a auga por alá (PF, 1) // Pineiro căuta **să-l întrebe cum** era apa pe acolo (PI, 1)

A P1 *me* aparece como CD *mă* en catro ocasións e a P2 *che* coma CD *te* nun único caso:

- (77) Convidábame Fuco a leite callado e... (FP, 6) // Mă invita Fuco la un lapte prins și... (FP, 6)
- (78) que máis dunha vez xa **che escoitei contar algunha mentira** (CA, 6) // că un doar o dată **te-am auzit povestind minciuni** (CA, 6)

Comprobamos pois que a forma P3 *Ile* co equivalente *îl* é a máis produtiva (en 82 ocasións das 86), o resto dos pronomes: *lles*, *me* e *te* son formas residuais. Porén, debemos incidir na sintáctico-semántica dos verbos con que se constrúen estes pronomes, porque é nela onde se agocha esta diferenza entre o galego e o romanés.

Algúns dos verbos que rexen acusativo: *a arde dorința* (1) / *entrar o devezo*; *a asculta* (2) / *escoitar*; *a asegura* (1) / *asegurar*; *a auzi* (2) / *escoitar*; *a cerceta* (1) / *mirar*; *a chema* (1) / *chamar*; *a costa* (3) / *custar*; *a durea* (2) / *doer*; *a informa* (1) / *comentar*; *a întrebă* (18) / *preguntar*; *a învăță* (5) / *ensinar*; *a invita* (1) / *convidar*; *a numi* (1) / *chamar*; *a plesni* (2) / *pegar*; *a pune* (1) / *poner*; *a suier* (1) / *asubiar*. Nalgúns casos o verbo rexe CD pero en galego aparece sempre con complemento prepositivo como *a privi* / *mirar*. Noutros casos o verbo é distinto, o significado é o mesmo, pero a rexencia é diferente *a omori* (matar) / *dar morte*, *a pune* que funciona como verbo de apoio en tres ocasións (*a pune să jure* / *facér xurar*; *pune să se scoale* / *facér erguerse*; *a pune la veșnica hodină* / *dar paz*), tamén *dar* funciona como verbo de apoio (*dar bicos* / *a săruta*; *dar sacudidas* / *a scutura*), etc. Tan só a deriva histórica dende época latinovulgar é a que permite entender estes comportamentos sintactico-semánticos en cada un dos verbos estudados.

3.3.4. Complemento prepositivo

No bloque *semellantes* documentamos 29 exemplos que realizan a función de Cprep, máis da metade (17) non teñen a mesma función en romanés, a maioría desempeñan a función de CD, e o CI aparece en tres ocasións e o suxeito nunha soa. No bloque *igualdade* o Cprep non adoita ser unha función equivalente entre os dous idiomas, si é produtiva en romanés pero non nos mesmos contextos có galego.

O pronome máis documentado é a P3 que supón o 70%. A forma de masculino *el* aparece en oito casos e a de feminino a metade. O pronome *el* ten o seu equivalente en romanés coa forma de acusativo *îl* (3) e *o* (1), de dativo *îi* (3) e de nominativo *el* (1):

- (79) cando o lobo, un grande lobo, vello e enemigo, **apareceu diante del** (FL, 3) // când lupul, un lup mare, bătrîn și dușmănos, **îi apăru în față** (FL, 3)
- (80) Vapores húmedos invisibles pra os demáis mortais, **pro ben visibles pra el** (MS, 1) // Aburi nevăzuți pentru ceilalți muritori, **pe care el îi vedea însă bine** (MS, 2)

A forma P3 de feminino *ela* é máis homoxénea e os catro equivalentes en romanés son soamente formas de acusativo en función de CD masculino *îl* (2) e feminino *o* (2):

- (81) Pro tendo lontra fresca, **comía dela**, asada... (RN, 1) // Însă carnea proaspătă de vidră **o mînca friptă**... (RT, 1)

Os pronomes da P6 aparecen en tres ocasións con equivalentes en CD, *eles* cos pronomes *îi* e *le* (este último en feminino tamén se incluíu no trazo diferenciador de xénero) e *elas* co equivalente *le*:

- (82) ... sin aquelas **conversas**. **Pra paliar a falta delas** dalgún xeito, suscribiuse ao “Progreso” (*LM*, 5) // **Și ca să le înlocuiască lipsa**, se abonă la progresul (*LM*, 6)

Os pronomes de P1 *min* e de P2 *ti* aparecen en romanés na estrutura modificada coa forma de acusativo *mă* e *te*, respectivamente. Son formas moi residuais, como xa levamos vendo ó longo deste trazo diferenciador de función.

4. Número

O trazo diferenciador de número é o menos rendible de todos, 17 exemplos están inseridos neste trazo, o que supón o 7,9%. Todos os exemplos incluídos nesta epígrafe responden á diferenza no número: singular galego/plural romanés e plural galego/singular romanés, que se distribúe en case a metade dos casos para cada un, 9 ocorrencias no primeiro e 8 no segundo.

Entre os 17 exemplos atopamos unicamente dous pronomes pertencentes á serie átona: a forma de P3 masculina *el* e feminina *ela*, mentres que os restantes 15 pertencen á serie átona, entre os que soamente se localizan pronomes da P3 acusativo *o/le* e de dativo *lle/le* e *li* e da P6 acusativo masculino *os/il* e *o* e feminino *as/il* e *o* e a de dativo *les/îi* e *îl*. Xa que logo, o trazo de número é o menos produtivo e o máis homoxéneo en canto ós pronomes que se documentan.

Na serie tónica rexístranse dous Cprep pertencentes á P3 masculino *el* e feminino *ela* que teñen o seu equivalente na forma de masculino plural de acusativo *ei*, tamén en función de Cprep. No primeiro caso o pronome fai referencia ó substantivo *cartos*, en romanés *bani*. No segundo, o substantivo *xente*, que non existe en romanés coma colectivo singular, é substituído pola forma *oameni* (‘persoas’):

- (83) ... recomendando que **o máis del o gastasen en amañar a casa** e... (*MR*, 1) //...recomandînd ca **mare parte din ei să fie cheltuiți pentru reparatul casei** și... (*MR*, 1)

Na serie átona documentamos a forma de P3 en sete ocasións, o pronome de dativo *lle* en cinco e o de acusativo *o* en dúas. Cómpre destacar que no caso do primeiro hai dúas formas en que o uso do singular en galego é incorrecto e debería aparecer no seu lugar a forma do plural, deste modo en romanés aparece a forma adecuada. En todos os casos a forma *lle* ten o seu equivalente co pronome de dativo en función de CI *le* e *li*:

- (84) díxolle aos fillos (*PB*, 2) // le zise fiilor (*PH*, 2)

Nos dous casos en que se documenta a forma de acusativo masculino *o* o romanés emprega a forma de acusativo *le* en función de CD:

- (85) O mestre apeouse do cabalo diante da fiestra, colleu **todo o que había no escaparate, meteuno nas alforxas** e... (PD, 4) // Învățătorul decăleca în fața ferestrei, **luă toate lucrurile din galantar și le băgă în desagi** și... (ID, 5)

Neste caso o tradutor opta pola forma *lucruri* ('cousas') en lugar do pronome neutro que aparece no orixinal.

Os pronomes da P6 achegan dous casos, o primeiro coa forma de dativo *lles* que ten o seu equivalente *îi* en función de CI e a segunda a forma *il* en función de CD, debido á presenza do verbo *preguntar* que rexe acusativo:

- (86) buscaba **o xeito de preguntarles** qué tal era a auga por alá (PF, 1) // Pinciro **căuta să-l întrebe** cum era apa pe acolo (PI, 1)

O pronome de acusativo presenta a partes iguais o masculino *os* e o feminino *as* con tres exemplos cada un, cos equivalentes en romanés todos en acusativo en función de CD. A forma de feminino documenta dous casos co pronome de masculino *il* (polo que tamén se incluíron estes exemplos no trazo de xénero) e un coa forma feminina *o* no que o referente en galego é “catro libras de sal” mentres que en romanés, aparecendo tamén este “patru livre de sare”, fai referencia ó *sal* e non ás *libras* coma no orixinal:

- (87) para que... **as vertese disimuladamente** arredor do catre (MP, 5) //...pe care **trebuia s-o imprăștie, pe ascuns**, împejurului patului... (MP, 5)

A forma de masculino tamén documenta dous casos co pronome de masculino *il* e unha coa forma feminina *o*:

- (88) botáronse **aos queixos e coméronos nun santiamen** (AX, 4) // se azvîrliseră **pe caș și-l devorară cît ai clipi din ochi** (AT, 6)

5. Outros

Neste apartado incluímos aqueles casos que non dependen da natureza do pronome, senón que as diferenzas son debidas a outros factores: ausencia ou cambio de verbo e frases feitas.

O verbo está ausente en romanés en tres ocasións, pero son exemplos nos que a ausencia do verbo non supón unha eiva para o significado, senón que por medio de adverbios o contido do orixinal galego non se perde:

- (89) ... metía o ollo nun vaso de auga, como lle recomendara o oculista, e **entón iba ela**, e aproveitándose do sono do marido, poñía o ollo sobre o seu ventre, precisamente sobre o embigo (*PC*, 5) // ... își punea ochiul într-un pahar cu apă, cum îl învățase oculistul, **și atunci ea**, profitînd de somnul bărbatului, lua ochiul și-l punea pe burtă, chiar pe buric (*PC*, 6)

En catro ocasións atopamos un verbo completamente diferente na tradución: *dicir* / *a schimba* ('cambiar'); *dar* / *a șopti* ('chivar'); *preguntar* / *a spune* ('dicir'); *esperar* / *a trece* ('pasar'), que modifica a estrutura oracional.

Documentamos un único caso de frase feita no que o pronome en función de suxeito coincide pero o resto da oración non ten ningunha similitude:

- (90) **Eu** axudo a quen me paga e alá eles que se maten! (*FP*, 3) // **Eu** nu desfac și nici fac regi, ci dau ajutor seniorului meu! (*FP*, 3) (Eu non desfago nin fago reis, senón que dou axuda ó meu señor).

Finalizamos esta epígrafe cun exemplo excepcional, que non se repetirá en ningunha outra ocasión na BD. Nel temos unha estrutura comparativa na que o pronome tónico en galego aparece coa forma de nominativo *eu* precedido da conxunción *que* –no canto da esperable estrutura con *ca* e pronome oblicuo *min*– e en romanés aparece a forma de dativo *mine*:

- (91) ¡Coido que non hai outro máis rico **que eu** no val! (*CE*, 1) // Cred că nu e altul mai bogat **ca mine** în vale! (*CS*, 1)

6. Conclusións

No presente artigo intentamos fornecer unha breve descrición esencialmente morfolóxica dos pronomes persoais galegos pero, sobre todo, romaneses. Constatamos que nas dúas linguas existe unha serie tónica e outra átona, que ambas as series pronominais achegan información de xénero e número, coa diferenza de que o romanés conserva o xénero neutro, pero sobre todo insistimos na existencia en romanés dun sistema de declinación por casos, isto é, os pronomes posúen unha marca sintética consonte a función que realicen na oración. Obviamente, a maior variedade de formas pronominais, tanto na serie tónica como na átona, provocou unha maior complexidade na aproximación ós pronomes romaneses.

O corpus, formado por máis de 1.600 fichas dobres, está estruturado en catro bloques (*pronomes idénticos* (41,5%), *pronomes semellantes* (13,1%), *pronomes só galego* (15,8%) e *pronomes só romanés* (29,4%)). Trala observación destas por-

centaxes puidemos tirar unha primeira conclusión: case a metade dos pronomes son idénticos en galego e romanés. Porén, interesounos incidir no segundo bloque que é o que tratamos no presente artigo. O bloque *semellantes* é o menos produtivo de todos e nel están incluídos os pronomes que se diferencian basicamente pola rexencia do verbo, o que provoca que o pronome realice a función de CD en romanés, mentres que en galego é CI. Este é motivo principal, cun 60% por causa da rexencia de verbos como *a întreba* ('preguntar'), *a durea* ('doer'), *a asculta* ('escoitar'), *a invaşa* ('aprender'), *a costa* ('custar'), etc. que rexen acusativo. O segundo motivo principal é o cambio de xénero, que representa o 37,2%, pois en romanés o xénero neutro ou o cambio de xénero dalgunhas palabras provoca estas desemeallanzas.

Gustaríame rematar estas conclusións incidindo no feito de que coa nosa investigación e con este artigo pretendemos abrir un vreiro ata o de agora pouco explorado para abrir novas canles no estudo destes dous idiomas tan afastados no espazo e tan próximos polas súas características comúns.

7. Referencias bibliográficas

- ADESSE: García-Miguel Gallego, Jose M.: *Base de datos de Verbos, Alternancias de Diátesis y Esquemas Sintáctico-Semánticos del Español* (ADESSE). Dispoñible en: <http://adesse.uvigo.es/ADESSE/Inicio>.
- Álvarez Blanco, R. (1980): "O pronome persoal en galego". Tese de Doutoramento, Universidade de Santiago, Facultade de Filoloxía.
- Álvarez, R. / Xove, X. (2002): *Gramática galega* (Vigo: Galaxia).
- Avram, M. (2001): *Gramatică pentru toți* (București: Editura Humanitas).
- Avram, M. (2005): *Studii de morfologie a limbii române* (București: Editura Academiei Române).
- Brâncuș, G. & Saramandu, M. (1999): *Gramatica limbii române*, vol. I. *Morfologia* (București: Editura Atos).
- DFG: Bugarín López, M. X. (2007): *O galego fundamental: diccionario de frecuencias* (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza).
- Constantinescu-Dobridor, Gh. (1996): *Morfologia limbii române* (București: Editura Vox).
- Coteanu, I., (1982): *Gramatica de bază a limbii române* (București: Polirom).
- Criado de Val, M. (1972): *Fisionomía del español y de las lenguas modernas* (Madrid: Editorial Saeta).

- Cunqueiro, A. (1991): *Obra en galego completa*, t. II *Narrativa* (Vigo: Galaxia).
- Dediu, C. (2007): “Utilizări ale pronumelor demonstrative și ale adjectivelor pronominale demonstrative în limba română actuală”, en *Studii lingvistice: omagiu profesoarei Gabriela Pană Dindelegan la aniversare* (București: Editura universității din București).
- Dexonline: *Dicționare ale limbii române*. Disponibil en: <http://www.dexonline.ro>.
- Diaconescu, I., (1989): *Sintaxa limbii române* (Bucuresti: Humanitas).
- Dumitru, I. (1999): *Tratat de gramatică a limbii române*, vol. I. *Morfologia* (Iași: Editura Institutul European).
- Dumitru, I., (1982): *Gramatica limbii române* (Iași: Polirom).
- Drașoveanu, D. (1997): *Teze și antiteze în sintaxa limbi române* (Cluj-Napoca: Clusium).
- Ferreiro, M. (1995): *Gramática histórica galega* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Freixeiro Mato, X. R. (2006): *Gramática da lingua galega* (Vigo: A Nosa Terra).
- García Maroto, R. (1985): “Varios aspectos de los pronombres clíticos en la teoría de la rección y el ligamiento”, *Verba* 12, 107-117.
- GAR (2005): *Gramatica limbii română*, vol I. *Cuvântul*, [ediția a III-a] (București: București Editura Academiei Române).
- Guțu Romalo, V. (2000): *Corectitudine și greșală. Limba română de azi* (București: Editura Humanitas Educațional, colecția Repere).
- Iliescu, A. (2005): *Gramatica practica a limbii române actuale* (București: Corint).
- Real Academia Galega (2005): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (Vigo: RAG / ILG).
- Real Academia Galega: *Diccionario da Real Academia Galega*. Disponibil en www.realacademiagalega.org.
- Ionescu, C. (tr.) (1995): *Alți târgoveți* (Cluj-Napoca: Clusium).
- FDR: Juilland, A. (dir.) (1965): *The romance languages and their structures: Frequency dictionary of rumanian words* (London, The Hague, Paris: Mouton & co).
- Pană Dindelegan, Dragomirescu & Nedelcu (2010): *Morfosintaxa limbii române. Sinteză teoretică și exerciții* (București: Editura Universității din București).
- Pena, J. (1990): “Sobre los modelos de descripción en morfología”, en *Verba* 17, 5-75.
- Rădulescu, C. (2007): *Dicționar român – spaniol* (București: Corint).
- Rojo, G. / Jimesnez Juliá, T. (1989): *Fundamentos del análisis sintáctico funcional*. Lalia

(Santiago de Compostela: Universidade Santiago de Compostela).

Sánchez Rei, X. M. (1999): “Repercusións gramaticais do uso da interpolación pronominal en galego”, *Cadernos de Lingua* 19, 85-110.

Secrieru, M. (2007): *Bibliografia signaletică de didactica a limbii si literaturii române* (Iași: Editura Universității Alexandru Ioan Cuza).

Șerban, V., (1970): *Sintaxa limbii române* (București: Editura Vox).

Stati, S., (1972): *Elemente de analiză sintactică* (București: Corint).

Vázquez López, M. X. (1994): “Os pronombres persoais nas gramáticas galegas”, *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas (Universidade de Santiago de Compostela, 1989)*, VI, Sección VI: Galego (A Coruña, Fundación «Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa»).

Zamfira, M. (coord.) (2003): *Lingvistică generală* (București: Editura Fundației României de mâine).

L gALEGO **texto**
Notas
p ORTUGUÊS **CRÍTICA** **]**

Caracterización das fórmulas dialogadas na Idade Contemporánea

César Camoira Vega

Neste sentido, convén sinalarmos que o autor, tratando de non incorrer en xuízos valorativos, concede prioridade ao termo *fala* sobre *dialecto* ou *lingua*, dado que desde un punto de vista lingüístico a distinción resulta difícil de determinar: pensemos, por exemplo, en que unha das variedades dialectais da Alemaña –onde non conta con recoñecemento legal– é lingua oficial en Luxemburgo; non obstante, nalgúns casos este criterio –acertado nas intencións– ocasiona certa ambigüidade e ofrece unha visión confusa e caótica da realidade lingüística europea. Outrosí, a extensión de cada unha das seccións dedicadas ás diferentes variedades é desigual, a depender do maior ou menor coñecemento do autor sobre elas. Así, aquelas máis próximas da realidade catalanófona son certamente máis amplas. Neste punto, debemos sinalar, en todo o caso, o esforzo de Jaume Corbera por acometer como autor e non como editor unha obra plural e complexa como esta, o que minimiza as carencias ou incongruencias que nalgúns casos presenta. En consecuencia, ofrécesenos máis unha visión global desde un universo lingüístico local e particular. Por esta razón, no final de cada sección se relaciónanse os diversos vínculos entre o mundo catalán e as diversas realidades lingüísticas e culturais da Unión Europea.

Non se trata, por tanto, dun volume que pretenda a exhaustividade; o seu propósito é, polo contrario, reflectir os lazos culturais, as influencias lingüísticas e a diver-

sidade e singularidade de Europa. A este respecto, tamén nos parece moi acertado que as referencias bibliográficas figuren exclusivamente na última sección e que as necesarias aclaracións ou ampliacións do contido sexan realizadas a rodapé, pois contribúe en grande medida para tornar máis fluída a súa lectura, sobre todo se tivermos en conta a súa orientación manifestamente didáctica. Deste modo, facilita o achegamento á obra por parte de calquera tipo de público e, ao mesmo tempo, permite ao máis interesado ampliar o seu coñecemento a través de obras científicas relevantes para cada campo. Igualmente, as relacións históricas, sociais, culturais e lingüísticas que establece entre as diversas variedades abren, de modo implícito, novas orientacións na investigación destas realidades.

La Unió Europea, un mosaic lingüistic é, en consecuencia, unha obra que nos adentra na idiosincrasia lingüística da Unión Europea. Todas as variedades analizadas, a pesar da súa diferente consideración social, constitúen o mapa lingüístico desta comunidade económica, ao igual que acontece coas variedades dialectais a respecto dunha lingua. Neste sentido, Aureli Argemí afirma que os falares de Europa enforman a lingua de Europa, o que non deixa de ser un paradoxo, porque na realidade non ten un idioma propio. A unión lingüística de Europa debe partir, por tanto, do respecto polas diferentes variedades. En síntese, a obra de Jaume Corbera configúrase como un excelente itinerario polas linguas de Europa que nos permite coñecer nos cales son, como son, as relacións mutuas que se erixen entre elas e as distancias que as separan; igualmente, o percurso histórico, social e lingüístico realizado polo autor mostra –sen o facer explícito no texto– a idea de que, na defensa da diversidade, outra política lingüística é posíbel, o que converte este traballo nunha lectura altamente recomendábel.

Estefanía Mosquera Castro

Bibliografía

- Moure, T. (2003): “A batalla das linguas no mundo actual. Multilingüismo e antiglobalización”, *Grial* 160, 19-29.
- Giacolondre Ramat, A. / Ramat, P. (eds.) (1995): *Las lenguas indoeuropeas* (Madrid: Cátedra).
- Ambrosini, R. (1998): *Introduzione alla glottologia indo-europea* (Pisa: Edizioni ETS).
- Campbell, G. L. (2000): *Compendium of the World's Languages* (London / New York: Routledge).
- Price, G. (dir.) (2001): *Enciclopedia de las lenguas de Europa* (Madrid: Gredos).

Gerardo Pérez Barcala, *A tradución galega do Liber de medicina equorum de Giordano Rufo*, A Coruña, Fundación Barrié, 2013, 712 páxinas.

Ler, interpretar, actualizar e situar na tradición un texto medieval son as tarefas que Gerardo Pérez Barcala se propón na súa edición de *A tradución galega do Liber de medicina equorum de Giordano Rufo* que viu a luz no pasado ano 2013. Esta monografía, inserida dentro da colección ‘Biblioteca Filolóxica Galega | Instituto da Lingua Galega’ da Fundación Barrié, constitúe, tal e como se advirte no limiar e na introdución, unha revisión da súa tese de doutoramento, codirixida polas profesoras Mercedes Brea e Pilar Lorenzo Gradín da Universidade de Santiago de Compostela. Porén, cómpre salientar xa de partida que o xerme deste traballo ten aínda unha orixe anterior, pois Barcala xa presentou unha proposta de edición para o citado texto no volume póstuma de José Luis Pensado (2004: 365-414). Estamos, xa que logo, perante a edición definitiva deste autor dun texto singular e único no conxunto da prosa medieval galega que se veu denominando como *Tratado de Alveitaria*.

A revisión de textos prosísticos medievais xa editados é unha constante na historia da nosa textualidade medieval, ben por seren edicións feitas por persoas non filólogas ben por presentaren deficiencias nas lecturas dos manuscritos; porén, no caso da prosa esta semella estar a coller forza novamente nestes últimos anos, como demostra a presente edición da tradución galega do *Liber de medicina equorum* ou tamén, por exemplo, da *Historia Troiana* que Ricardo Pichel (2013) levou a cabo na súa tese de doutoramento dirixida polo profesor Xavier Varela e que esperamos que se materialice nun volume édito á dispoñibilidade de toda a comunidade científica. Por tanto, con esta nova edición Pérez Barcala preséntase como un dos continuadores desa longa tradición ecdótica medieval que abranxe desde Galiza e Portugal até Italia ou New York; máis concretamente, o investigador da USC sitúase como o terceiro editor do único testemuño escrito conservado, após Juan Domínguez Fontela, que foi publicando a obra en artigos publicados entre 1938 e 1940, e, como xa indicamos, José Luis Pensado.

A nos centrarmos propiamente en *A tradución galega do Liber de medicina equorum de Giordano Rufo*, Gerardo Pérez Barcala estrutura esta ampla monografía de máis de 700 páxinas en seis grandes apartados, acompañados dun limiar e dunha introdución que os preceden e dunha bibliografía final, facendo gala dun traballo moi completo, exhaustivo e, sen dúbida, moi rigoroso.

Así pois, principiamos a lectura do libro e nas primeiras páxinas (9-10) encontramos un “Limiar” que nos coloca nos antecedentes da presente monografía, xunto cos pertinentes agradecementos que cumpren a todas aquelas persoas que contribúen dalgunha maneira a perfilar o libro. A seguir, na “Introdución” (páxs. 11-25), o autor enuncia de modo claro e preciso os obxectivos que pretende levar a cabo, como son a fixación do texto definitivo do *Tratado de Alveitaria*, xunto coa reivindicación deste testemuño único en galego na tradición manuscrita das traducións da obra de Rufo para as linguas románicas.

No capítulo I, “A corte de Federico II: Jordanus Rufus, *De medicina equorum*. A tradución galega” (páxs. 27-88) Barcala sitúa o texto galego no contexto elaborado e traducional. Así, á morte de Federico II de Sicilia en 1250 Giordano Rufo escribiu un tratado de veterinaria dos cabalos que tivo unha ampla difusión en toda a Idade Media. Tras realizar unha breve aproximación á vida de Rufo, preséntanse as hipóteses principais sobre a lingua de redacción orixinal do texto, sendo o latín a máis plausíbel, e relaciónanse as múltiples linguas ás cales se foi traducindo até finalmente chegar á versión galega. Nesta subepígrafe tamén se describe magnificamente a copia manuscrita que se conserva (cos cadernos orixinais e os dous bifolios posteriores) que se conserva actualmente na Biblioteca Nacional de Madrid (ms. 23076) e que Pérez Barcala data no primeiro cuarto do século XV. Así mesmo, o editor considera que o texto non foi traducido por Rodrigo Eanes a partir da obra de Giordano Rufo, senón que o *Tratado de Alveitaria* constituiría unha copia dunha versión galega anterior, a cal proviría dun exemplar latino que bebe do orixinal *De medicina equorum*. Neste *stemma codicum* que o editor santiagués establece, tal e como se reconece, faltan os testemuños das diversas familias emparentadas, unha tarefa que non pode ser levada aínda a termo por causa de seren moitas as linguas traducidas e por non estaren editadas na súa maioría.

No “Capítulo 2. Criterios de edición” (páxs. 89-139), preséntase a estratexia editorial levada a cabo polo noso editor; así, fronte ás edicións paleográficas precedentes de Fontáns e Pensado, neste volume Gerardo Pérez opta por unha edición interpretativa, pois como ben salienta é a que se aconsella nos casos de obras que nos chegaron a través dun único exemplar (*codex unicus*), para a cal realiza unha regularización gráfica que sexa o máis fiel á realidade lingüística. Así mesmo, para interpretar con corrección as leccións do texto, recorre non só á obra de Rufo senón tamén ás traducións do texto latino para outras linguas romances, para alén do *Livro d’Alveitaria* portugués do Mestre Giraldo de 1318.

Alén disto, comenta os aspectos gráficos do manuscrito e sinala os problemas de edición, nomeadamente os relacionados cos desenvolvementos de linetas e outros sinais de abreviación que mostran a “variedade pictórica” (páx. 101) do

manuscrito. Fronte á rica descrición destes sinais e do seu significado, xulgamos preciso a introdución de puntuais reproducións do manuscrito, tal e como vén sendo a práctica habitual nos traballos de edición textual, sobre todo nos relativos ao tratamento das abreviaturas. Finaliza o capítulo cos criterios de regularización gráfica empregados e que veñen sendo os habituais na edición de textos medievais galegos como, por exemplo, a distribución de *i/j* e de *u/v* conforme o seu valor vocálico e consonántico, respectivamente; o desenvolvemento do til de nasalidade; o uso etimolóxico do *h*; a representación das palatais *ll* e *ñ* etc. Son estas, como podemos albiscar, mudanzas meramente gráficas que non alteran nin afectan a fonoloxía do texto.

No capítulo 3 preséntase a “Edición” (páxs. 141-205) do *Tratado de Albeitaria* en que se ofrece esta edición interpretativa do manuscrito acompañada de diversas notas de rodapé que están reservadas para indicar, entre outras, as mudanzas realizadas no manuscrito ou as súas solucións editoriais fronte ás dos editores precedentes. Porén, cremos que sería moi útil a incorporación de variantes como as reduplicacións antietimolóxicas (do tipo *avea* < *aveea*) que darían máis información lingüística aos diferentes investigadores e que farían que non se tivese que recorrer á paleografía existente nas edicións anteriores do texto. Alén disto, tamén facilitaría a lectura e interpretación do manuscrito o catálogo de anotacións que neste volume forman parte do cuarto e seguinte capítulo. Con todo, dada a grande extensión destas produtivas e acertadas anotacións a palabras ou excertos, é obvio que Pérez Barcala decidise incluílas nun capítulo á parte.

Consecuentemente, o seguinte e cuarto capítulo é o reservado para facer toda esa “Anotación” (páxs. 207-602) á edición textual. Estas notas e comentarios ao texto son de diversa tipoloxía, desde aclaracións de significados, etimoloxías e evolucións históricas, até comentarios sobre as leccións corrixidas e reflexións comparativas dos outros editores e dos outros textos emparentados. Neste sentido, as anotacións contrastivas cos outros testemuños da obra de Rufo achegan unha gran riqueza ao texto, para alén de permitir a Pérez Barcala salvar as lagoas da versión galega.

Outro dos capítulos interesantes e que cumpren na edición dun texto medieval é o “5. Glosario (páxs. 603-625)”. Nesta epígrafe Barcala límitase a confeccionar unha especie de listaxe das “voces que foron obxecto de explicación e por iso non se procedeu á súa lematización” (páx. 605), nas cales se ofrece a etimoloxía latina, a categoría gramatical e as ocorrencias do vocábulo na obra coa localización na liña do manuscrito. Porén, achamos en falta o significado léxico destas voces –e do conxunto total– que tornarían o glosario nun verdadeiro e exhaustivo repertorio lexical.

O “Capítulo 6. Apénde. Texto latino” (páxs. 627-675) cerra o estudo textual da obra e nel Barcala coloca á disposición do lector o *Liber de medicina equorum* latino segundo a edición de Girolamo Molin, en 1818. O feito de corresponder a versión galega coas liñas e parágrafos do texto latino permite ao lector ampliar a súa visión da tradución galega do *Tratado de Albeitaria* no conxunto da tradición manuscrita do códice, de modo que cremos que se trata de todo un acerto por parte do editor.

Ao final do volume, “Bibliografía” (páxs. 677-712), relaciónanse as referencias bibliográficas, sumamente exhaustivas e variadas, que o editor manexou ao longo do libro para apoiar os seus argumentos. Este apartado divídese en dúas partes: unha primeira, en que se recollen as “Abreviaturas bibliográficas” dos dicionarios e das obras literarias, e unha segunda parte, na cal se dispoñen todas as fontes bibliográficas, nas linguas orixinais como francés, portugués, e italiano, entre outras, que reafirman a súa excelente formación como doutor en Filoloxía Románica. Non obstante, na nosa opinión esta sección debería tratarse como un único bloque coa introdución das abreviaturas bibliográficas conforme a orde alfabética, pois acontece que os manuais que aparecen nas abreviaturas voltan a ser reiterados na sección seguinte.

Após este percurso recensional, e xa para concluír, non podemos máis que parabenizar a Gerardo Pérez Barcala por nos ofrecer unha nova versión do impar *Tratado de Alveitaria*, un contributo que sen dúbida nos vai permitir acceder a un texto editado e anotado con moito rigor, cientifismo e sumo coidado na lectura, para alén de contribuír a numerosos estudos lingüísticos desta obra ou a revisar algunhas leccións existentes nos repertorios lexicográficos medievais de que dispoñemos na actualidade.

Xoán López Viñas

Referencias bibliográficas

- Pensado, José Luis (2004): *Tratado de Albeitaria*. Introducción, transcripción e glosario de... (Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades).
- Pichel Gotérrez, Ricardo (2013): *A Historia Troiana* (BMP ms. 558). Edición e estudo histórico-filolóxico. 2 tomos. (Santiago de Compostela: Universidade). Tese de doutoramento inédita.

Normas de presentación de traballos para a
Revista Galega de Filoloxía

1. Cuestións xerais

1. A *Revista Galega de Filoloxía* conságrase á publicación de traballos de investigación que desenvolveren algún aspecto lingüístico ou filolóxico do ámbito galego-portugués, como tamén á promoción e ao coñecemento da lingua no seo da sociedade. Do mesmo xeito, recensións de obras que trataren algún tema relacionado coa lingüística en xeral, ou coa galega e portuguesa en particular, serán obxecto de consideración para seren publicadas.

2. Todos os traballos presentados á *Revista* deberán ser orixinais e inéditos.

3. O autor ou a autora ten de entregar dúas copias electrónicas, unha asinada e outra anónima. A partir desta, solicitarase un informe avaliador a un comité externo de expertos, cuxo ditame será decisivo para o traballo ser incluído na *RGF*. En calquera caso, as súas observacións, se for preciso, serán trasladadas ao autor ou á autora para a súa consideración.

Caso de o traballo precisar correccións, á vista dos informes do comité externo, os autores e as autoras disporán de un mes natural para devolveren o orixinal corrixido.

4. Para o proceso de edición dos contributos, a Redacción da *RGF* enviará aos autores unha copia das probas, coa finalidade de efectuaren as correccións tipográficas, ortográficas e de estilo que estimaren oportunas, sempre que non supuxeren alteracións importantes do texto, que deberán devolver no prazo máximo de 15 días naturais. Se, unha vez finalizado ese período, os autores non notificaren ningunha mudanza, entenderase que concordan coa edición.

5. A lingua preferencial de publicación é o galego ou portugués, aínda que en casos especiais se admita a publicación en calquera outro idioma.

6. As propostas de traballos serán enviadas ao seguinte enderezo: xlopezv@udc.es (Xoán López Viñas).

2. Redacción e organización

1. As colaboracións poden responder a tres modalidades, isto é, artigos, notas e recensións, tendo de se empregar tipografía Times New Roman, tamaño 12, con entreliñamento sinxelo e coas seguintes extensións: para os artigos, un mínimo de 15 páxinas e un máximo de 25; para as notas, un mínimo de 10 páxinas e un máximo de 15; e para as recensións un máximo de 5 páxinas. Artigos que excederen con moito o límite superior establecido, se a Redacción xulgar pertinente, poderán dividirse e aparecer en números sucesivos da *RGF*. Os artigos e as notas incluírán un breve resumo (máx. 10 liñas) e as palabras chave (aprox. 5), xunto co respectivo *abstract*, as correspondentes *key words* e o título en inglés.

As tabelas, mapas, gráficos, cadros etc., se os houber, deberán estar inseridos no lugar correspondente do texto.

2. Figurará o nome do artigo ou nota, seguido, na liña de abaixo, do nome do/a autor/a e, a seguir, o centro en que desenvolve o seu traballo. O texto debe organizarse cun máximo de tres niveis de encabezamento, numerados de forma correlativa:

Título
Autor, -a
Centro

1. Sección

1.1. Subsección

1.1.1. Parte

As recensións irán encabezadas pola referencia bibliográfica completa da obra que se comenta (Nome do/a autor/a da obra, *Título*, Cidade, Editora, ano, número de páxinas). Ao final, figurará o nome do/a autor/a da recensión.

3. No que se refire aos sinais e convencións tipográficas, sinálase o uso exclusivo e obrigatorio das seguintes indicacións:

-O uso de colchetes con reticencias ([...]) fica reservado para a elisión de fragmentos nun texto científico ou literario; de se elidir un anaco nunha citación literaria en *itálica*, os colchetes terán de ir en tipografía redonda normal.

-A utilización das **VERSALETAS** no corpo do traballo só servirá para as etimoloxías: CLAVUM > cravo.

-Recoméndase o menor número de notas posíbel, que, en todo o caso, nunca deberán ir ao final do artigo, mais en rodapé, con tamaño 10.

-Os trazos longos (–) só se empregarán cando equivaleren ás parénteses, en canto os curtos (-) fican reservados para as enumeracións no texto e para a unión de palabras que precisaren deles.

3. Sistema de citación

1. O modelo de citación que se seguirá na *RGF* é o coñecido como “americano”. Porén, como existen varios sistemas de referenciación enmarcados dentro deste, expomos a seguir o que se empregará ao longo das páxinas da *Revista*.

2. Ao final do artigo ou nota deberá figurar unicamente a bibliografía que se cita no corpo do traballo, encabezada pola lexenda Referencias bibliográficas.

3. Utilizaranse as abreviaturas s.d., s.l., dir(s)., ed(s), org(s)., coord(s)., para, respectivamente, indicar que na publicación non se especificou o ano ou o lugar de edición e quen se encargou da dirección, edición, organización ou coordinación.

4. Non se empregarán as abreviaturas latinas *vid.*, *íd.*, *ibíd.*, *op. cit.* e *opus cit.*

5. Citacións e referencias no corpo do texto:

- 5.1. As citacións textuais dun autor ou autora irán enmarcadas dentro do corpo do traballo, se non excederen as tres liñas, indicadas por aspas duplas altas ("").
- 5.2. Se os extractos doutras obras foren superiores ás tres liñas, disporanse con tabulación de dous cm polo lado esquerdo e cun só espazo de entrelíñamento entre o parágrafo anterior e o seguinte. Estes textos, sen aspas e sen itálica, deberán ir en tamaño 10.
- 5.3. Ao final das citacións, tanto no corpo do texto como nas que levaren tabulación, debe figurar a seguir a referencia segundo o modelo (García Negro 1991: 37). Se o enunciado xa inclúe o nome do autor, só aparecerá inmediatamente a seguir o ano da publicación e as páxinas entre parénteses (1991: 37).

Se houber varias citacións do mesmo autor e do mesmo ano, recorrerase ás letras segundo este modelo: (Vilela 1995a: 20) / (Vilela 1995b: 7).

6. Referencias bibliográficas:

As referencias bibliográficas, con tabulación francesa, disporanse segundo os seguintes modelos.

6.1. Libros

- a. Libro de autoría individual ou múltipla (como autor, director, organizador...)

Barroso, H. (1999): *Forma e Substância da Expressão da Língua Portuguesa* (Coimbra: Livraria Almedina).

Costa Casas, X. X. / González Refoxo, M. A. / Morán Fraga, C. C. / Rábade Castiñeira, X. C. (1988): *Nova gramática para a aprendizaxe da lingua* (A Coruña: Vía Láctea).

Burger, M. / Martel, G. (dirs.) (2005): *Argumentation et Communication dans les Médias*. Coll. Langue et pratiques discursives (Québec: Nota Bene).

Cirelli Apa, R. (2005): *Polidez lingüística nas conversações de Telemarketing* (São Paulo: Universidade de São Paulo). Dispoñíbel en <http://www.tese.usp.br/teses/disponiveis/8/8142/tde-01082006-142049> [consult. 08.05.2008].

- b. Libro con máis de unha edición

Freixeiro Mato, X. R. (2002) [1997]: *Lingua galega. Normalidade e conflito* (Santiago de Compostela: Laiovento).

- c. Obra publicada en anexos, cadernos á parte ou monográficos dunha publicación periódica

Souto Cabo, J. A. (2008): *Documentos galego-portugueses dos séculos XII e XIII*. Monografía 5 da *Revista Galega de Filoloxía* (A Coruña: Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística da Universidade da Coruña).

2. Contributos inseridos en monografías

Pinto, M. G. / Veloso, J. / Moura, M. J. (1999): “A brief approach to European Portuguese lexical terms connected with the process of Knowing: Evidence from children’s and adults’ oral productions”, en Vilela, M. / Silva, F. (eds.), *Actas do 1º Encontro de Linguística Cognitiva (Porto, 29/30-5-98)*, 181-205 (Porto: Faculdade de Letras da Universidade do Porto).

Viaro, M. E. (2002): “A sufixação nas cantigas de Santa Maria”, en *IX Congresso Brasileiro de Língua Portuguesa*. Disponível en <http://www.usp.br/gmhp/publ/Via20.pdf> [consult. 26.04.2010].

3. Contributos inseridos en publicacións periódicas

Carballo Calero, R. (1980): “Novos testemunhos gráficos do galego decer ‘dicir’”, *Verba* 7, 203-207.

Martínez Lema, P. (2009): “Hidrotoponimia da comarca de Bergantiños na documentación do Tombo de Toxos Outos: estudo lingüístico-etimolóxico”, *Ianua* 9, 195-212. Disponível en <http://www.romaniaminor.net/ianua/Ianua09/08.pdf> [consult. 18.04.2010].

Consello de Redacción

Revisadas o 29/04/2010

Contido dos números anteriores da *Revista Galega de Filoloxía*

Número 1 (2000)

Artigos: M. Vilela, Estereótipo e estereótipos na lingua portuguesa actual; R. Mariño Paz, As liñas en galego do *Theatro Moral y Política de la Noble Academia Compostelana* (1731) de Pablo Mendoza de los Ríos; X. C. Lagares, Algunhas consideracións sobre o xénero gramatical e o sexismo lingüístico en galego; L. González García / M. R. Soto Arias, O galego na produción de Emilia Pardo Bazán; X. Frías Conde, O elemento árabe en galego (I).

Notas: D. Pereira, Descrioulización Lexical no Contacto entre o Caboverdiano e o Portugués; M. Mosteiro Louzao, A expresión lingüística do significado de “casualidade”; E. López Varela, O posicionamento de Curros Enríquez perante a lingua.

Recensións

Número 2 (2001)

Artigos: X. L. Axeitos, Os traballos e os días do Profesor Pensado Tomé. *In Memoriam*; N. R. Brisaboa / C. Fernández Pérez-San Julián, Introducción ás Bibliotecas Dixitais; X. Varela Barreiro, A emerxencia de *Vario(s)*; X. R. Freixeiro Mato, Interferencia e niveis de uso dalgunhas construcións con pronome posesivo en galego; J. A. Souto Cabo, *Pera esto se en romance tornar*. Um documento notarial e poético de Santa Clara de Santarém; E. López Varela, Achegamento ao galego literario de Curros Enríquez.

Notas: T. Verdelho, Sobre *Enfermidades da Língua* (1759), de Manuel José de Paiva; R. Veiga, A lingua do noso audiovisual; B. Moreira, Para uma análise linguística do conto “Sobre da morte de Bieito” de Rafael Dieste: referenciação, enunciação e modalidade; S. Rivas Barrós, Aproximación histórica ao galego nas escolas (1900-1936): un saber ausente e unha voz silenciada.

Recensións

Número 3 (2002)

Artigos: M. J. Carvalho, Periodización da lingua portuguesa num contexto social: uma contribuição para a Sociolingüística histórica; A. Emiliano, Problemas de transliteração na edição de texto medievais; X. Frías Conde, O elemento árabe en galego (II); V. M. Longa, O tratamento da opcionalidade no programa minimalista; J.-M. Montero Santalha, Existe rima de vogal aberta com vogal fechada na poesia trovadoresca galego-portuguesa?; N. Pires, O contributo dos descubrimentos na ampliação vocabular da lingua portuguesa; X. M. Sánchez Rei, Sobre a deíxe e os pronomes demostrativos; G. Sanmartín Rei, *Agromar* [1936] e a(s) lingua(s): un discurso exemplificador.

Recensións

Número 4 (2003)

Artigos: F. Fernández Rei, O mar e a poesía galega. Singraduras na construción da patria da lingua; F. García Gondar, *De re bibliographica*: BILEGA entre os recursos sobre o galego e o portugués na Internet; J. J. Moralejo, *Cambre, Pambre* e outros topónimos en *-bre*, X. C. Rábade Castiñeira, Algunhas propostas sobre as unidades, relacións e funcións sintácticas

Recensións

Número 5 (2004)

Artigos: M. Amor Couto, Gramática e teorización lingüística em Portugal: a Gramática Filosófica de Jerónimo Soares Barbosa; J. Diéguez González, ‘Línguas en contacto’ na Galiza Baixo-medieval; F. Dubert García, Sobre a vogal temática dos verbos galegos; J. L. Forneiro, Armando Cotarelo Valledor, editor e estudioso do romanceiro tradicional galego; M. A. Martí Antonín / M. Civit Torruella / M. Taulé Delor, Technologies de la llengua i les seves aplicacions; G. Navaza, Os topónimos *Acea de Ama* e *O Xurés*.

Notas: X. B. Arias Freixedo, *E ja quites son los Mans*. Nota paleográfica sobre o v. 4 da cantiga B454 de D. García Mendiz d’Eixo; R. Neal Baxter, A lexitimidade da adaptación como estratexia tradutiva.

Recensións

Número 6 (2005)

Artigos: X. Bestilleiro Bello, O radical do tema de presente do verbo *trager* no galego medieval: estudo diacrónico; A. Iriarte Sanromán, Dicionários Monolíngues da Língua Galega; M. Moreda Leirado / Á. S. Places / E. Vázquez Fontenla / M. R. Penabad, Ferramentas de Recuperación de Textos para Bibliotecas Dixitais: Lematización; X. M. Sánchez Rei, Trazos xerais da tradición gramatical galega; C. Silva Domínguez, Publicidade e lingua galega na prensa escrita. Estudo dun corpus composto por materiais de cinco xornais galegos.

Notas: P. Comellas Casanova, Línguas próximas, culturas longínquas: a tradución de *Mayombe*, de Pepetela, do portugués para o español; X. R. Freixeiro Mato, Mudanzas e interferencia no sistema de conectores concesivos do galego escrito moderno; X. Vila Penedo, Breve confrontación do galego co inglés: achegas históricas e fonéticas.

Recensións

Número 7 (2006)

Artigos: R. Neal Baxter, Falocentrismo e heteronormatividade na tradución: de como varren as mulleres e as lesbianas da historia cun golpe de *penae*; D. Braga, *Prós e Contras*: o debate político televisivo como sub-género/sub-tipo de interacción verbal; L. Eirín García, Do cancionero anónimo á lírica culta. Consideracións lingüísticas sobre as cantigas recollidas por Marcial Valladares no *Diccionario gallego-castellano* (1884); X. Carlos Lagares, Uma aproximación à “língua” das cantigas galego-portuguesas;

A. L. Pereira Costa / M. O. Rodrigues Santana, Documentación foraleira dionisina de algúns concellos do Alto Trás-os-Montes; M. L. Pita Rubido, Algunhas consideracións sobre os dativos non argumentais.

Recensións

Número 8 (2007)

Artigos: A. I. Boullón Agrelo, *Farruco, Paco, Fran*: datos históricos e evolución dos hipocorísticos en Galicia; R. Mariño Paz, Edición e estudo lingüístico do romance de María Francisca de Isla y Losada ao cura de Fruíme (ca. 1774-1777); M. A. Marques, Discordar no Parlamento: estratégias de argumentación; P. Martínez Lema, Nomes de posesor na toponimia do concello de Begonte (Lugo); M. Moreda Leirado, Algunhas anotacións sobre a lingua de Ramón Armada Teixeira (1868-1920).

Recensións

Número 9 (2008)

Artigos: M. Arbor Aldea, *Estevan Perez, merino maor por el infante don Sancho en terra de Leon e de Asturias...* Edición e anotación da súa cantiga *Senhor, se o outro mundo pasar* (B 923, V 511); I. Margarida Duarte, O relato de discurso nos últimos romances de Camilo; M. Ferreiro, A forma verbal *éste* na lírica profana galego-portuguesa; J. Á. Porto Dapena, Topónimos costeiros da ría de Cedeira.

Notas: A. R. Calvo Silvana, O potencial do galego como elemento integrante da estratexia empresarial.

Recensións

Número 10 (2009)

Artigos: S. Ailienii, O arquétipo de tradución portuguesa da *Estoire del Saint Graal* à luz de um testemunho recente; R. Neal Baxter, A influencia das linguas dominantes no desenvolvemento de políticas de linguaxe non-sexista en linguas subordinadas: análise do caso do galés; F. A. Cidrás Escáneo, Centralidade e prominencia nas relacións gramaticais; X. Fernández López, Interferencias pragmáticas: aproximación ás estratexias de cortesía nas peticións en galego; X. R. Freixeiro Mato, Lingua galega e preconcepto.

Recensións

Número 11 (2010)

Artigos: Rip Cohen, Three Early Galician-Portuguese Poets: Airas Moniz d' Asme, Diego Moniz, Osoir' Anes. A Critical Edition; Maria Aldina Marques, Formas de tratamento e construción da relación interpersoal em *Contos da Montanha* de Miguel Torga; Teresa Moure, Mallando nos Complementos directos: un ornitorrinco na sintaxe do galego; Diego Pardo Amado, *Construindo unha lingua, unha literatura e unha patria*: Da importancia da produción rosaliana no debate lingüístico decimonónico; José Teixeira, Categoría nominal e abstracción (ou o porqué das sereias serem mais concretas que o ar).

Recensións

Número 12 (2011)

Artigos: Ana Isabel Boullón Agrelo, O artigo na toponimia galega: aspectos da estandarización; Antonio Fernández Guiadanes / Marina Meléndez Cabo, Apuntes para a investigación en lírica profana galego-portuguesa: a figura de Roi Gomez, o Freire, e as súas cantigas; Ramón Mariño Paz, A variable morfolóxica *animais / animaes / animás / animales / animals* no galego contemporáneo; Xosé-Álvaro Porto Dapena, A voltas co uso do artigo nas denominacións toponímicas; Rui Ramos, Contributos para a caraterización da retórica ambiental na imprensa generalista portuguesa; Raquel Rodríguez Parada, Un documento notarial de Santiago de Compostela escrito en galego en 1337; José António Souto Cabo, *A cessão do mosteiro de Armeses à condessa D^a Sancha* (1222). Intersecções escriturais e discursivas.

Notas: Cristina Martins / Graça Rio-Torto / Maria Isabel Festas, Para uma avaliação do processamento de palavras sufixadas do português europeu. Desafios da adaptação das provas morfológicas da bateria PAL (*Psycholinguistic Assessment of Language*).

Recensións

Número 13 (2012)

Artigos: Robert Neal Baxter, A interpretación de conferencias no marco da planificación do status lingüístico: o caso galego; Rocio Dourado Fernández, Aproximación á toponimia das freguesías de Arante, Cedofeita, Cousela, Covelas, A Devesa e Ove do concello de Ribadeo: núcleos habitados; Xoán López Viñas, Sobre o *Dicionario de afixos do galego medieval*; Ana Ribeiro, À volta dos libros: o que revelam as cintas; José Teixeira, Reorganização concetual e variação linguística no Português Europeu: o caso do verbo meter; Alina Zvonareva, Le rubriche in volgare del codice 7-1-52 della biblioteca Colombina di Siviglia.

Recensións

Número 14 (2013)

Artigos: Mariña Arbor Aldea, Edición e edicións: a propósito de crítica textual e lírica medieval (profana) galego-portuguesa (I); Gonzalo Hermo González, Topónimos de base *Sarand-* e *Serant-*: unha hipótese etimolóxica común; Ana Cristina Macário Lopes, Contributos para o estudo do marcador discursivo ‘claro’ em Português europeu; Estefanía Mosquera Castro, O discurso electrónico: a interacción comunicativa no contexto virtual; Ricardo Pichel Gotérrez, As notas marxinais coetáneas da *Historia Troiana* (BMP ms. 558). Edición e estudo; Alexandre Guerra, Unha corrección marxinal do *Cancioneiro da Ajuda* nada marxinal; José Teixeira, Metaphors, We Li(ve) By: Metáfora, verdade e mentira nas línguas naturais.

Recensións



Área de Filoloxías Galega e Portuguesa

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Outras publicacións:

Biblioteca-Arquivo Teatral “Francisco Pillado Mayor”

1. Xaime Quintanilla: DONOSIÑA. Edición de Laura Tato.
2. Denis Diderot: O PARADOXO SOBRE O ACTOR. Edición bilingüe de X. C. Carrete Díaz e F. Sucarrat Boutet.
3. Antón Villar Ponte: ENTRE DOUS ABISMOS e NOUTURNIO DE MEDO E MORTE. Edición de Emilio Xosé Ínsua López.
4. Oscar Wilde: ERNEST. Edición bilingüe de Miguel Pérez Romero.
5. Aristóteles: POÉTICA. Edición bilingüe de Fernando Muñoz.
6. Hildegarde de Bingen: O DESFILE DAS VIRTUDES. Edición bilingüe de Xosé Carlos Santos Paz.
7. O FIDALGO E O TEATRO. TRES TEXTOS DRAMÁTICOS DE RAMÓN OTERO PEDRAYO. Edición de Xosé Manuel Sánchez Rei.
8. TRES PEZAS CÓMICAS MEDIEVAIS. Edición bilingüe de Henrique Harguindey Banet.
9. Pedro P. Riobó Sanluís: O TEATRO GALEGO CONTEMPORÁNEO (1936-1996).
10. O TEATRO DE CHARLES BAUDELAIRE. PROXECTOS. Edición bilingüe de Xesús González Gómez.
11. Ricardo Carvalho Calero: ESCRITOS SOBRE TEATRO. Edición de Laura Tato.
12. António Ferreira: CASTRO. Edição de María Rosa Álvarez Sellers.
13. Rosvita de Gandersheim: OBRA DRAMÁTICA. Edición bilingüe de Xosé Carlos Santos Paz.
14. Llorenç Villalonga: DESBARATOS. Edición bilingüe de Xesús González Gómez.
15. José Oliveira Barata: O ESPAÇO LITERÁRIO DO TEATRO. ESTUDOS SOBRE LITERATURA DRAMÁTICA PORTUGUESA/I.
16. Alexandre Ballester: NUN PREGUE DE VELUDO. Edición bilingüe de Xesús González Gómez.
17. Gorette Sanmartín Rei: O TEATRO DE XAN DA COVA. *LA GALICIANA* E *MARÍA PITA*.
18. Josep Pere Peyró: DESERTOS. Edición bilingüe de Xesús González Gómez.
19. Afonso Álvares: AUTO DE SANTIAGO. Edição de Juan M. Carrasco González.
20. Ramón Cabanillas: A VIRXE DO CRISTAL. Edición de Manuel Ferreiro e Gorette Sanmartín Rei.
21. TEATRO BRASILEIRO: TEXTOS DE FUNDAÇÃO. Edição de Maria Aparecida Ribeiro.
22. Roberto Cordovani: TEATRO BRASILEIRO NA GALIZA. Edição de Eisenhower Moreno.
23. Joan Guasp: O VENDEDOR DE AMENDOÍNS. Edición bilingüe de Xesús González Gómez.
24. François Riccoboni: A ARTE DO TEATRO. Edición bilingüe de Roberto Salgueiro.

-
25. M^a Isabel Morán Cabanas: FESTA, TEATRALIDADE E ESCRITA. ESBOÇOS TEATRAIS NO CANCIONEIRO GERAL DE GARCIA DE RESENDE.
 26. Ana Kiffer: ANTONIN ARTAUD, UMA POÉTICA DO PENSAMENTO.
 27. Paulino Pereiro: A MÚSICA TEATRAL.
 28. Francisco Gomes de Amorim: FIGADOS DE TIGRE. Edição de Carme Fernández Pérez-Sanjulián.
 29. Gil Vicente: FARSA DOS ALMOCREVES. Edición de Xoán Carlos Lagares.
 30. Manuel María: EDIPO. Edición de Miguel A. Mato Fondo.
 31. Eugène Labiche: UN CHAPEU DE PALLA ITALIANA. Edición de Ana Luna Alonso.
 32. Manuel Lourenzo: INSOMNES.
 33. Cándido A. González: ¡MAL OLLO!.... Edición de Manuel Ferreiro e Laura Tato Fontaña.
 34. Iolanda Ogando: TEATRO HISTÓRICO: CONSTRUCCIÓN DRAMÁTICA E CONSTRUCCIÓN NACIONAL.
 35. Euloxio R. Ruibal: MINIMALIA. 20 PEZAS DE TEATRO BREVE.
 36. Antoni Nadal: O TEATRO MALLORQUINO DO SÉCULO XX.
 37. Emilio Xosé Ínsua López: SOBRE *O MARISCAL*, DE CABANILLAS E VILLAR PONTE.
 38. Xesús Písón: NOITE INVADIDA.
 39. Duarte Ivo Cruz: O TEATRO PORTUGUÊS: ESTRUTURA E TRANSVERSALIDADE.
 40. Afonso Becerra de Becerreá: O RITMO NA DRAMATURXIA. TEORÍA E PRÁCTICA DA ANÁLISE RÍTMICA (A PARTIR DA PRIMEIRA DRAMATURXIA GALEGA EN VERSO).
 41. DOCUMENTOS PARA A HISTORIA DO TEATRO GALEGO (1919-1924). Edición de Silvana Castro García.
 42. QUE (NON) É O TEATRO? [Manuel Lourenzo / José Oliveira Barata] / Catálogo de publicacións (1997-2005).
 43. Marica Campo: CONFUSIÓN DE MARÍA BALTEIRA. Edición de María Pilar García Negro.
 44. Manuel Lugrís Freire: A COSTUREIRA D'ALDEA. Edición de Teresa López.
 45. Hélène Cixous: A CONQUISTA DA ESCOLA DE MADHUBAI. Edición bilingüe de Purificación Cabido Pérez.
 46. Uxío Carré Aldao: MEMORIA CRÍTICO-BIBLIOGRÁFICA SOBRE EL TEATRO REGIONAL GALLEGO. Edición de Xoán López Viñas.
 47. Manjula Padmanabhan: LUCES FÓRA! Edición bilingüe de Antía Mato Bouzas.
 48. Teresa Rita Lopes: COISAS DE MULHERES! (TEATRO REUNIDO).
 49. D. Francisco Manuel de Melo: O FIDALGO APRENDIZ. Edição de Evelina Verdelho.
 50. Aristóteles: POÉTICA. Segunda Edición bilingüe revisada de Fernando González Muñoz.
 51. Carlo Gozzi: TURANDOT. Volume I. Edición crítica italiana e tradución galega de Javier Gutiérrez Carou.
 52. Carlo Gozzi: TURANDOT. Volume II. Edición crítica italiana e tradución galega de Javier Gutiérrez Carou.

-
53. Luís de Camões: AUTO CHAMADO DOS ENFATRIÕES. Edição de Leticia Eirín García.
 54. Marica Campo: O DIVINO SAINETE. (Adaptación teatral da obra homónima de Curros Enríquez).
 55. Antonio Gramsci: ESCRITOS SOBRE TEATRO I [1916-1917]. Edición de Xesús González Gómez.
 56. Antonio Gramsci: ESCRITOS SOBRE TEATRO II [1918-1920]. Edición de Xesús González Gómez.
 57. Camilo Castelo Branco: O MORGADO DE FAFE EM LISBOA e O MORGADO DE FAFE AMOROSO. Edição de Carlos Paulo Martínez Pereiro.
 58. Xosé Teixeira: DOUTOR, POR FAVOR, MÁTEME CON XEITO. Edición bilingüe de Francine Sucarrat Boutet e Xosé Carlos Carrete Díaz.
 59. Laura Tato Fontaíña: RELACIÓN DE NOTICIAS SOBRE TEATRO NOS FONDOS DA BIBLIOTECA-ARQUIVO TEATRAL 'FRANCISCO PILLADO MAYOR' (1882-1975).
 60. Alva Martínez Teixeira: O HERÓI INCÓMODO (UTOPIA E PESSIMISMO NO TEATRO DE HILDA HILST).
 61. Iolanda Ogando: ALMEIDA GARRETT, RETRATO PARATEXTUAL COM TEATRO AO FUNDO.
 62. Henrique Rabuñal: O TEATRO EN JENARO MARINHAS DEL VALLE.
 63. Pepetela: A REVOLTA DA CASA DOS ÍDOLOS.
 64. Raúl Dans: MATALOBOS.
 65. Octave Mirbeau: OS MALOS PASTORES. Edición bilingüe de María Obdulia Luis Gamallo.
 66. Teresa Moure: CÍNICAS.
 67. Maria de Lourdes Nunes Ramalho: A FEIRA. O TROVADOR ENCANTADO (Introdução de Lourdes Nunes Ramalho, Valéria Andrade e Ria Lemaire).
 68. A ARCA DE NOÉ [Tradución ao galego de *Noah's Ark do Newcastle (non-cycle) Play* e *The Fall of Angels (York Cycle)*] (Edición de Isabel Moskowich, Begoña Crespo e Cristina Mourón Figueroa).
 69. Leandro Carré: TEATRO RECUPERADO (Edición de Carlos Caetano Biscainho Fernandes).
 70. Julio Montero, Paulino Pereiro e Juan Pérez Berná: MÚSICA ESCÉNICA (TRES PROPOSTAS).
-

Serie “Clásicos e Modernos”

Área de Filoloxía Galega e Portuguesa

1. CLÁSICOS E MODERNOS / 1 (1999). Xosé Luís Méndez Ferrín (Álvaro Cunqueiro), Pilar Pallarés (Manuel Antonio) e Xosé M^a Álvarez Cáccamo (Celso Emilio Ferreiro).
2. CLÁSICOS E MODERNOS / 2 (2000). Manuel María (Ánxel Fole), Xosé Manuel Martínez Oca (Castelao), Xosé Carlos Caneiro (Otero Pedrayo) e María Xosé Queizán (Blanco Amor).

Actas

CASTELAO NA GALIZA DO SÉCULO XX (2000). En colaboración coa ASPG.

RICARDO CALVALHO CALERO, MEMORIA DO SÉCULO (2002). En colaboración coa ASPG.

Revista Galega de Filoloxía. Números publicados

- REVISTA GALEGA DE FILOLOXÍA, Nº 1.
REVISTA GALEGA DE FILOLOXÍA, Nº 2.
REVISTA GALEGA DE FILOLOXÍA, Nº 3.
REVISTA GALEGA DE FILOLOXÍA, Nº 4.
REVISTA GALEGA DE FILOLOXÍA, Nº 5.
REVISTA GALEGA DE FILOLOXÍA, Nº 6.
REVISTA GALEGA DE FILOLOXÍA, Nº 7.
REVISTA GALEGA DE FILOLOXÍA, Nº 8.
REVISTA GALEGA DE FILOLOXÍA, Nº 9.
REVISTA GALEGA DE FILOLOXÍA, Nº 10.
REVISTA GALEGA DE FILOLOXÍA, Nº 11.
REVISTA GALEGA DE FILOLOXÍA, Nº 12.
REVISTA GALEGA DE FILOLOXÍA, Nº 13.
REVISTA GALEGA DE FILOLOXÍA, Nº 14.

Monografías

1. Xosé Manuel Sánchez Rei: OS PRONOMES DEMOSTRATIVOS: DO LATÍN AO GALEGO CONTEMPORÁNEO.
2. Ramón Mariño Paz: O IDIOMA GALEGO NO LIMAR DA SÚA RENACENZA.
3. Xosé Ramón Freixeiro Mato: OS MARCADORES DISCURSIVOS. CONECTORES CONTRAARGUMENTATIVOS NO GALEGO ESCRITO.
4. Xoán Carlos Lagares: O XÉNERO GRAMATICAL EN GALEGO.
5. José António Souto Cabo: DOCUMENTOS GALEGO-PORTUGUESES DOS SÉCULOS XII E XIII.
6. Xosé Manuel Sánchez Rei: O COMPLEMENTO PREPOSICIONAL EN GALEGO. ANÁLISE DESDE A GRAMÁTICA DE VALENCIAS.
7. Goretti Sanmartín Rei (editora): CONSIDERACIÓNS SOBRE A DECADENCIA E A REHABILITACIÓN DA LINGUA GALEGA. HOMENAXE A MANUEL GARCÍA BLANCO.
8. Xoán López Viñas: DICCIONARIO DE AFIXOS E VOCES AFIXADAS DO GALEGO MEDIEVAL.
9. Leticia Eirín García / Xoán López Viñas (editores): LINGUA, TEXTO, DIACRONÍA. ESTUDOS DE LINGÜÍSTICA HISTÓRICA.

Revista Galega
de Filoloxía

ESTE NÚMERO
DA REVISTA GALEGA DE FILOLOXÍA
SAÍU DO PRELO
DE LUGAMI EN BETANZOS
O DÍA
23 DE DECEMBRO DE 2014



Departamento de Galego-Portugués,
Francés e Lingüística
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ÁREA DE FILOLOXÍAS GALEGA E PORTUGUESA